

as pontes

A localidade súmase á nova rede de destinos turísticos do Carbón. **Páx. 9**

friol

Escollidas as datas para as próximas Olimpíadas Rurais galegas. **Páx. 14**

cospeito

O alcalde de Vegadeo, César Álvarez, será o pregoeiro da próxima Moexmu. **Páx. 20**

guitiriz

A veciñanza de Parga volve reunirse ante o consultorio reclamando a súa apertura. **Páx. 22**

pol

O Concello abrirá en datas próximas o ansiado supermercado. **Páx. 25**

Tomé deixa os cargos na Deputación e no PSOE



Ver Páx. 37

A comarca chairega perfila o Nadal

Os concellos presentan os seus programas festivos, que arrancan a mediados de mes.

Impulso do Eixo Atlántico ao turismo vilalbés

Un informe avala o alto potencial que ten Vilalba no sector e propón vías de traballo. **Páx. 2**

Lucía Fraga



É a nova secretaria do Consello Regulador do queixo San Simón. **Páx. 6**

Jordi Cicely



O escritor lugués vén de presentar a súa segunda novela. **Páx. 16**

Carlos García



Brand Manager da UNED e codirector do proxecto LugoNaturalMente. **Páx. 36**

Vilalba completa o plan de obras

No mes de decembro conclúen numerosos traballos e plantexan novas actuacións.

Páx. 5



NOVALUX
óptica & centro auditivo

Este Nadal,
escoita o que de
verdade importa

SEGUNDO AUDÍFONO Ó **70%**

PROMOCIÓN VÁLIDA DO 15 DE DECEMBRO Ó 30 DE XANEIRO

Vilalba 982 51 01 00
As Pontes 981 45 15 04

N.R.S. E-27-000210 / E-27-000212 • N.R.S. E-75-000214 / E-75-000216

Empresarios arrancan a campaña de Nadal co sorteo de 700 euros

A Asociación de Empresarios de Vilalba presentou a Campaña de Nadal 2025, que este ano se desenvolve baixo o lema A Maxia pasa polo Comercio de Vilalba. A iniciativa busca impulsar o comercio de proximidade durante estas datas e premiar a fidelidade da clientela, apoiándose nun relato que sitúa Vilalba como o corazón de Galicia, un lugar no que cada decembro a maxia do Nadal fai unha pausa antes de continuar a súa ruta. A campaña estruturárase en dúas fases nas que participan 58 establecementos da vila. Na primeira, que terá lugar do 8 ao 24 de decembro, as persoas que realicen compras superiores aos 10 euros recibirán unha tarxeta de participación que deberá contar con tres selos de tres comercios diferentes para ser válida. O día 24 recolleranse todas as tarxetas entregadas e sortearanse tres vales de 100 euros entre as

participantes. A segunda fase desenvolverase do 25 de decembro ao 6 de xaneiro, repetindo a mesma mecánica: compras superiores a 10 euros, tres selos distintos e entrega da tarxeta no último establecemento visitado. As participacións recolleranse o 6 de xaneiro e o 8 celebrarase un novo sorteo de tres vales de 100 euros. Con este formato, a organización pretende animar os consumidores a percorrer diferentes tendas e coñecer a ampla oferta comercial do municipio, mantendo o espírito das edicións anteriores. Como novidade, este ano haberá tamén un sorteo adicional nas redes sociais da Asociación de Empresarios de Vilalba, no que se entregará outro vale de 100 euros canxeable en calquera dos comercios adheridos. As instrucións para participar publicaranse nos perfís oficiais da entidade.

PUNTO VIOLETA



A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, presentou o Punto Violeta do Parador de Turismo de Vilalba, un espazo seguro e identificado que ofrece información e apoio ás mulleres que poidan atoparse en situacións de violencia de xénero. No acto estivo acompañada polo director do Parador de Vilalba e Ribadeo, Antonio Graña.

Un informe do Eixo Atlántico defende un alto potencial turístico

Vilalba acolleu a presentación do *Informe de Análise Turística do Concello de Vilalba*, elaborado polo Eixo Atlántico dentro da súa Colección de Cadernos de Cooperación e cofinanciado polo FEDER a través do programa POCTEP. A autora do estudo é a profesora e investigadora da Universidade de Vigo Montserrat Cruz, quen contou na elaboración do documento coa colaboración de Francisco Javier Sánchez e Vanessa Suárez. O estudo realiza unha análise detallada do territorio, dos recursos turísticos existentes e da relación entre a oferta e a demanda actual. A diagnose destaca o elevado número de recursos naturais, culturais e patrimoniais con potencial para xerar produtos turísticos estruturados: o paseo fluvial da Madalena, o Camiño do Norte, as pontes, restos castrexos, casas indianas, recursos BIC, cemiterios neogóticos, espazos de observación de aves ou rutas nas serras próximas, entre outros. Porén, o informe tamén sinala que estes recursos aínda non se traducen en estadias longas, polo que recomenda avanzar na creación de produtos integrados, como rutas



gastronómicas vinculadas ao capón ou ao queixo San Simón da Costa, e na mellora da sinalización, da oferta de lecer e da estrutura de servizos turísticos. Entre as recomendacións, recóllese a necesidade dun calendario estable de actividades, maior adecuación dos horarios de restauración ás necesidades dos peregrinos do Camiño do Norte, reforzo da Oficina de Turismo e unha aposta clara polo turismo activo, verde, cultural, natural e ornitolóxico. Na súa intervención, a alcaldesa, Marta Rouco, detallou que “este informe ofrece unha fotografía realista e necesaria sobre a situación turística de Vilalba. É unha ferramenta es-

tratéxica que nos axuda a tomar decisións con visión e con datos, e que reforza a idea de que Vilalba ten un enorme potencial por desenvolver”, afirmou a rexedora. A alcaldesa destacou tamén a colaboración activa do Concello durante o proceso de análise e o compromiso do goberno municipal de seguir avanzando nun modelo turístico que incremente o atractivo da vila e xere impacto positivo no tecido económico e social. O Concello subliñou que este informe forma parte da estratexia municipal para reforzar o seu posicionamento turístico, abrir novas oportunidades de dinamización e poñer en valor os recursos propios.

Implantarán un sistema de recollida de plásticos agrícolas granxa a granxa

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, vén de anunciar a posta en marcha dun novo sistema de recollida de plásticos agrícolas que entrará en funcionamento no 2026 e que suporá un cambio significativo no servizo que reciben as explotacións gandeiras do municipio. A recollida pasará a realizarse directamente granxa a granxa, garantindo unha maior comodidade para os ti-

tulares das explotacións e unha mellora substancial nas condicións de limpeza e salubridade da vía pública. A rexedora vilalbesa, Marta Rouco, destacou que “este novo modelo permitirá ofrecer un servizo máis moderno, eficiente e adaptado á realidade do rural, evitando desprazamentos innecesarios para os gandeiros e eliminando os problemas xerados polos antigos puntos de de-

pósito, que nalgúns casos chegaron a converterse en vertedoiros incontrolados”. O novo servizo funcionará dúas veces ao ano, coincidindo coa última semana de maio e a última semana de outubro. Para que a empresa concesionaria pase pola explotación, só será necesario realizar unha chamada previa ao teléfono dispoñible para tal fin: 653 940 988.

POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932/604 049 938 • caracol.plus

Unha vintena de actividades compoñen o programa de Nadal

O Concello de Vilalba, a través da Alcaldía e da Concellería de Infancia e Xuventude, presenta a programación do Nadal 2025-2026, unha proposta diversa, accesible e pensada para toda a veciñanza, tanto do centro urbano como do rural.

As actividades estenderanse do 1 de decembro ao 5 de xaneiro, combinando tradición, ocio, animación infantil, deporte e espazos de convivencia.

Durante a presentación, a alcaldesa, Marta Rouco, destacou que “queremos un Nadal vivo, participativo, no que cada familia, cada neno e cada parroquia sintan que forman parte das festas. Fixemos unha programación ampla que combina tradición con novidades e que chega a todos os recunchos do municipio”.

A rexedora engadiu que “seguiremos detallando horarios e actividades específicas nas vindeiras semanas, porque eventos como o acendido de luces, a Feira do Ca-

pón, a programación especial de Fin de Ano ou a Cabalgata de Reis contarán con información ampliada e algunhas sorpresas que daremos a coñecer moi pronto”.

OBRADOIROS. A programación arrancou cunha das novidades desta edición: cinco obradoiros de creación de decoración de Nadal con materiais reciclados, totalmente gratuítos, sen necesidade de inscrición e abertos a toda a cidadanía. As sesións celebráronse de 17:00 a 20:00 horas en Belesar, Santaballa, Carballido, Codesido e Goiriz, entre o 1 e o 11 de decembro.

O venres 5 de decembro tivo lugar o acendido oficial das luces, cun concerto de Carolina Rubirosa e coa colaboración do Club de Loita de Vilalba para o prendido simbólico. Tamén haberá agasallos para os máis pequenos.

Ademais, a primeira fin de semana de decembro celebrouse o Mercado

de Nadal do Concello de Vilalba, na Praza de Santa María, con horario de mañá e tarde o sábado e o domingo, coincidindo ademais coa feira mensual, haberá baile no Centro Cultural co Dúo Venus.

INFANTIL. A programación infantil inclúe a entrega de premios do concurso de postais de Nadal o 12 de decembro ás 18:30; dobre sesión de contacontos con Bea Campos o 17 de decembro na Biblioteca Municipal, actuación de maxia *A maxia de Joshua Kennet* ou o 19 de decembro no Auditorio (programa Dinamizart-j). Tamén terá lugar o musical *Cuento de Navidad* o 29 de decembro e *Cachoanimalada* o 3 de xaneiro, tamén dentro do programa Dinamizart-j.

O domingo 21 de decembro celebrarase a tradicional Feira do Capón, cuxo programa detallado se anunciará proximamente. E Papá Noel visitará a Praza da Constitu-



ción o 24 de decembro a partir das 16:00, acompañado de inchables e diversión para os máis pequenos.

O Nadal tamén chegará ás parroquias con actividades infantís. O 26 de decembro, no CEIP Terra Chá (Román) e o 2 de xaneiro, no CEIP Monseivane (Lanzós).

O deporte tamén será protagonista coa X San Silvestre Vilalbesa, o 28 de decembro ás 16:00, con saída e chegada na Praza da Constitución. O 31 de decembro haberá programación especial de Fin de Ano, cuxos detalles se darán a coñecer

nas próximas semanas. E o 4 de xaneiro celebrarase un novo domingo de baile no Centro Cultural co Dúo Eclipse.

CABALGATA. O Nadal pechará o 5 de xaneiro coa tradicional Cabalgata de Reis, que sairá ás 18:15 do campo da feira e visitará varias parroquias, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan. Nos vindeiros días anunciaranse tamén novidades e información adicional sobre o percorrido e acompañamento da comitiva real.

Concurso de escaparates

O Concello puxo en marcha unha nova edición do Concurso de Escaparates de Nadal, unha iniciativa que busca promover a actividade comercial local e crear un ambiente festivo nas rúas da vila e das parroquias.

Os establecementos comerciais interesados poderán inscribirse ata as 14:00 horas do 12 de decembro enviando un correo electrónico a cultura@vilalba.es. Para formalizar a inscrición, será necesario cubrir unha follla dispoñible tanto na web municipal (www.vilalba.gal) como na oficina de Cultura. Ademais, deberán achegar unha fotografía do escaparate, que será publicada nas redes sociais para a votación popular.

Os escaparates participantes debe-

rán permanecer decorados desde o 5 de decembro ata o 7 de xaneiro de 2026. O tema proposto debe reflectir o espírito das festas do Nadal combinado co produto principal de cada comercio.

Un xurado avaliará os escaparates baseándose en criterios como a creatividade, orixinalidade, artesanía, deseño, atractivo comercial e coherencia coa oferta do establecemento. Os tres mellores escaparates recibirán de premio 600, 400 euros e 200 euros, respectivamente. Ademais, outorgarase un premio especial de 100 euros ao escaparate máis votado a través das redes sociais, compatible cos premios principais



O Nadal das asociacións

A concelleira de Cultura, Mónica González, e o tenente de alcalde, Modesto Renda, presentaron a programación cultural do Nadal, que chega como complemento ás actividades infantís anunciadas recentemente polo Concello. Nesta ocasión, o protagonismo recae especialmente no tecido asociativo cultural da vila, que será o eixo central das propostas para estas festas.

O calendario de actividades comeza o 25 de decembro co tradicional concerto de Nadal da Banda de Música de Vilalba, que terá lugar no Auditorio ás 20:30 horas. O día 26 celebrarase unha sesión de panxoliñas coa Coral Luar, que actuará na Praza Suso Gayoso ás

12:30 horas e no Templete da Praza da Constitución ás 13:15 horas. O día 27 será a quenda do Festival de Polifonía e Panxoliñas, que se desenvolverá no Auditorio Municipal ás 20:00 horas.

Xa no novo ano, o 2 de xaneiro a Coral Luar ofrecerá un concerto no Hospital Asilo ás 17:00 horas, mentres que o 10 de xaneiro terá lugar a entrega dos premios do Concurso de Escaparates na Casa da Cultura ás 14:00 horas.

O Concello destacou que esta programación busca poñer en valor o talento local e reforzar a participación das entidades culturais nunhas festas nas que a música e a tradición serán elementos centrais.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

Entregan á AECC máis de oito mil euros recadados no Día da Bicicleta

A Xunta de Galicia entregou formalmente á Asociación Española Contra o Cancro (AECC) de Lugo os fondos recadados durante o Día da Bicicleta de Vilalba, unha iniciativa solidaria organizada polo Espazo Xove da localidade.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, e o presidente provincial da AECC, José Manuel Rozas, participaron no acto de entrega, no que explicaron que grazas á colaboración veciñal e ao espírito solidario do evento se recadaron 8.178 euros destinados a apoiar o labor da asociación en favor das persoas enfermas de cancro e das súas familias.

A recadación procede tanto da venda de camisetas conmemorativas como das doazóns voluntarias realizadas polos participantes. Este ano, as camisetas rendían homenaxe ao Dj e produtor vilalbés Juan Manuel Filgueiras Rama, coñecido como Lelé, gran afeccionado ao ciclismo e falecido hai uns meses.

Inaugurada a Bienal de pintura do Eixo Atlántico, que visitará Vilalba

A XV Bienal de Pintura do Eixo Atlántico foi inaugurada este 27 de novembro en Viana do Castelo e anunciáronse as obras gañadoras, seleccionadas entre as 28 pezas finalistas desta edición, marcada pola elevada calidade técnica, a diversidade estética e a innovación conceptual. Tras a súa estancia en Viana do Castelo, a exposición viaxará ao longo de 2026 por diferentes municipios do Eixo Atlántico e en xuño estará en Vilalba.

EN BREVE



CECILIA SANTOMÉ. O Centro Cultural Marcos Valcárcel acolleu a entrega do XLIV Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor, o galardón máis antigo e prestixioso en lingua galega, organizado pola Fundación Blanco-Amor. A escritora vilalbesa Cecilia Fernández Santomé foi a gañadora desta edición e recibiu unha peza escultórica de Acisclo Manzano, ademais de 15.000 euros.



INMA PURRIÑOS. A creadora vilalbesa Inma Purriños vén de recibir unha destacada distinción internacional outorgada pola Asociación Nacional Portuguesa de Fotografía (Appimagem), en Braga, un evento no que se congregaron profesionais da fotografía de diversos países. Purriños foi galardoada co título de Fotógrafa Distinguida Internacional, unha distinción que premia a traxectoria profesional e os méritos acumulados ao longo dos anos.



CENTENARIO. A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, visitou ao veciño Eduardo Orosa con motivo do seu 102 aniversario. A rexedora aproveitou a ocasión para compartir con el e coa súa familia unha conversa entrañable, na que lembrou a importancia de recoñecer e acompañar ás persoas máis maiores do municipio.



O PP critica a falta de explicacións sobre as instalacións deportivas

O PP afea a ocultación do goberno local ao negarse a dar explicacións sobre o “deplorable estado” das instalacións deportivas municipais e a súa “falta de mantemento” nos últimos 5 anos. E esta ocultación por parte do PSOE conta co apoio de Vilalba Aberta e BNG; xa que os tres grupos votaron en contra da petición do Grupo Municipal do Partido Popular de Vilalba para que comparecera a concelleira de Deportes, Paula Vigo.

O goberno municipal rexeita, polo tanto, “facen un exercicio de transparencia e a alcaldesa opta por botar balóns fóra”. Así mesmo, consideran que “o BNG actúa como cómplice dándolles o seu apoio e tapando as deficiencias que nos constan a todos” e Vilalba Aberta evidencia a súa “dobre moral” toda vez que dende a oposición esixía transparencia e “agora dende o goberno apoia ao PSOE”.

“A situación das instalacións deportivas municipais fala por si mesma, pero para o PSOE parece que está todo perfecto cando o terreo de xogo está descoidado e mal pintado, as gradas sucias ou o aparcamento chego de buratos, por poñer algúns exemplos”, explican. “Son deficien-

cias inaceptables derivadas da falta de vontade e de traballo do goberno municipal como titular dunhas instalacións empregadas por moitas familias e nenos que sofren as consecuencias”.

Os populares insisten en que é “urxente” tomar medidas para evitar que se repitan situacións coma unha parada nun encontro oficial porque as liñas do terreo de xogo non estaban pintadas correctamente e nenos obrigados a ducharse en auga fría pola falta de previsión e mantemento das caldeiras do campo artificial. Tamén esixe explicacións á alcaldesa sobre o proceso selectivo para tres prazas de efectivos de Policía Local: “queremos saber que razóns ocultas hai detrás deste afán por asumir o control dun procedemento que podería xestionarse de maneira independente e sen custe para o Concello”.

Por outra banda, o Partido Popular de Vilalba lamenta que “o goberno bipartito tire o diñeiro de tódolos veciños e veciñas” tras acometer labores de asfaltado en pistas do rural nun día de inverno e de moita choiva como fixo na pista da Frouxeira ata o cemiterio, en Sancovade.



ebos
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce





TA TECNOAGRI
Maquinaria Agrícola e Máquinas de Látex S.L.

DeLaval

Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465

O Concello remata obras de mellora en vías e en infraestruturas da localidade

O Concello de Vilalba completou este mes numerosas obras en vías e infraestruturas tanto na capitalidade como nas parroquias. Unha delas foi a renovación da iluminación do pavillón do CEIP Insua Bermúdez coa instalación de 21 novos focos LED, que substitúen por completo o antigo sistema de iluminación. A intervención supón un aumento do 45% no grao de iluminación e unha redución do 50% no consumo enerxético, apostando por un modelo máis eficiente e sostible.

A mellora responde ás demandas da comunidade educativa do CEIP Insua Bermúdez e das entidades deportivas que fan uso habitual do pavillón para adestramentos e actividades semanais.

Esta actuación súmase ás intervencións recentes nos vestiarios do mesmo pavillón, onde se renovaron a cuberta e a fachada e se substituíron os termos de auga quente por unha bomba de calor con sistema de aerotermia. Esta mellora multiplicou por cinco a capacidade de auga quente, pasando de 200 a 1.000 litros.

A iniciativa enmárcase no plan de mantemento e modernización das instalacións deportivas municipais, que inclúe tamén actuacións como o cambio de pista e a instalación de iluminación LED no pavillón do CEIP Mato Vizoso, así como a colocación de novas canastras con sistema de elevación automática no mesmo recinto.

Tamén en alumado, finalizou a renovación integral dos farois de alumado público na rúa Basanta Silva, situada no casco urbano da vila.

A actuación inclúe a instalación de 14 novas luminarias de 4 metros de altura, en cor negra mate e con tecnoloxía LED, que seguen a mesma estética que as colocadas recente-



mente na Praza da Constitución. Rouco tamén subliñou que estas luminarias están especialmente indicadas para vías urbanas e zonas residenciais, como é o caso da rúa Basanta Silva: “Queremos unha Vilalba máis agradable, segura e eficiente, e seguimos traballando para que o alumado público da vila responda ás necesidades actuais”.

ESTRADAS. O Concello iniciou os traballos de rexeneración da Travesía

de Foz, que ten como obxectivo mellorar o acceso ás vivendas e garaxes da zona. Esta vía, que une a Rúa de Muras coa Rúa de Foz, é utilizada por numerosos veciños e veciñas que reclamaban dende hai tempo unha actuación ante o seu deterioro.

A intervención contempla a recuperación integral do vial, que presentaba múltiples baches e zonas con difícil tránsito debido ao desgaste acumulado do firme. As obras inclúen a ampliación da superficie, a

realización dun tratamento semiprofundo e a aplicación dunha dobre rega asfáltica, cun investimento total de 4.100 euros.

Outra das zonas onde se actuou foi na renovación integral do firme na vía de acceso ao barrio das Fontiñas, no tramo que comunica directamente coa rúa Conde Pallares e que presentaba un avanzado deterioro.

As actuacións consistiron no fresado e repavimentación completa da vía. Concluíron tamén os traballos de reforzo do firme nas rúas Castiñeiro, Acivro e Salgueiro do Polígono Industrial Sete Pontes. A intervención supuxo a extensión de aglomerado en quente, a renovación da sinalización horizontal e vertical e a instalación de novas arquetas para a recollida de augas pluviais. O investimento ascendeu a 165.649 euros, financiados a través dun proxecto presentado polo Concello ás axudas en concorrencia competitiva da Consellería de Economía e Industria. O goberno municipal anunciou que nas vindeiras datas se executará un proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumado público do polígono (44.611 euros de investimento).

PARQUE ROSALÍA. Adxudicouse á empresa Calfensa Proyectos S.L. o proxecto de remodelación integral do parque infantil de Rosalía de Castro, unha actuación que dará resposta á necesidade urxente de rehabilitar este espazo moi deteriorado. Inclúe a instalación dun novo parque infantil composto por pavimento de caucho continuo de dobre capa, cunha superficie de 100 m² e un recinto delimitado cun valo de madeira. Ademais, contará cunha casíña de xogos, así como cun xogo múltiple con tobogán, randeeira e redes, recomendado a partir dos 3 anos.

EN BREVE

PLATAFORMA ELEVADORA. A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e o concelleiro de Medio Ambiente, Luis Fernández, asistiron á recepción dunha nova plataforma móbil elevadora que se incorpora á maquinaria municipal do Concello de Vilalba. O investimento total ascende a 36.958,24 euros. A plataforma conta cunha altura de traballo de ata 16 metros, o que permitirá realizar con maior seguridade e eficacia diferentes labores en altura, como a poda, o mantemento do arborado e actuacións ambientais.

DISTRIZ. Foi renovada a cuberta e accesos á Escola da parroquia de Ditriz. Trátase dunha actuación, dende hai anos demandada pola asociación de veciños e para a cal o Concello destinou un total de 10.800 euros.

ROMÁN. Fíxose unha nova mellora na rede viaria rural parroquial. Desta volta foi na parroquia de Román e trátase da renovación completa da vía que une os barrios da Carboeira e Fontemarin.

RÚA BEGONTE. O Concello deu resposta ás demandas dos veciños da Rúa de Begonte coa rexeneración completa da vía que a comunica co Paseo dos Condes. Trátase dunha actuación que se complementará coa tamén solicitada de peonalización do propio paseo, dende a Rúa Cuart de Poblet ata a intersección onde se fará a obra, isto é coa rúa de Begonte.

BASANTA SILVA. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP vén de concluír a posta ao día do salón de actos do IES Santiago Basanta Silva, cun investimento de 43.760 euros. A intervención supuxo unha modernización integral do espazo e incluíu a reposición das 200 butacas por modelos novos, así como actuacións no conxunto da sala.

OFICINA DE EMPREGO



A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ultima as obras da nova oficina de emprego de Vilalba, que contan cun investimento de máis de 756.000 euros. Prevese rematar nas próximas semanas a obra para poder incorporar despois o mobiliario e equipamento necesarios. Estímase que o traslado efectivo do servizo poida producirse a principios do vindeiro ano.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

La M.O.D.A, Alcalá Norte, Repione e Celia Becks, primeiros artistas do FIV

O FIV de Vilalba comeza a coller ritmo de cara á súa edición de 2026, que se celebrará os días 24 e 25 de abril na capital chairega. A organización vén de revelar os primeiros nomes dun cartel que promete manter o espírito independente e a esencia emocional que fixeron do festival unha das grandes citas musicais da primavera en Galicia. Entre elas destaca LA M.O.D.A., unha das bandas máis queridas polo público estatal. O seu directo, cargado de enerxía e emoción, converte cada concerto nun encontro colectivo no que o folk, o rock e a música de raíz se entrelazan nunha proposta única. Tamén se suma ao cartel Alcalá

Norte, unha banda revelación que está a abrirse camiño con paso firme grazas ao seu son enérxico e ás súas letras xeracionais. O festival contará ademais con Repione, un proxecto que combina forza, melodía e unha identidade sonora moi marcada. A cantautora Celia Becks achegará ao FIV unha proposta persoalísima, na que conviven a sensibilidade, o pop sofisticado e unha voz que non deixa indiferente. Completan este primeiro avance Grande Osso, o dúo de DJs da Mariña que combina indie, rock, pop, disco, funk e house en sesións de alta enerxía e que xa actuou nas últimas dúas edicións do FIV.

Distinguen a excelencia dos queixos Entrepinares

A compañía Entrepinares volveu destacar no panorama internacional ao lograr cinco galardóns na 36ª edición dos World Cheese Awards, celebrada este ano en Portugal. A firma con sede en Valladolid e Vilalba, considerada a maior produtora de queixos do Estado, sumou doce medallas nun certame no que participaron preto de 5.000 queixos procedentes de máis de corenta países. A medalla de ouro recaeu no queixo Oveja curado IGP Castellano, elaborado por Queserías Entrepinares, e no Viejo Tostado, comercializado baixo a marca Hacendado, que foi valorado polo xurado internacional como un dos mellores do mundo. Este produto acumula recoñecementos dende 2018, consolidándose como unha das referencias máis destacadas da empresa. A boa traxectoria de Entrepinares completouse cunha decena de premios de prata para distintas variedades, entre elas o Curado Campestre, mentres que o Oveja Viejo obtivo



unha medalla de bronce. O panel de expertos encargado da valoración reuniu xuíces de múltiples países, que avaliaron aroma, textura e sabor de miles de propostas. Desde a compañía sinalan que estes resultados son un recoñecemento ao “esfuerzo, dedicación e calidade” que caracterizan o seu proceso de produción, e subliñan que cada galardón tamén supón unha chamada de atención sobre a importancia de apoiar o sector primario e os produtos de proximidade a través do consumo responsable.

“As ventas aumentan, o que indica que a demanda tamén é maior”

Lucía Fraga, nova secretaria do Consello Regulador do queixo San Simón

Lucía Fraga Chao, natural de Vilalba e licenciada en Ciencias e Tecnoloxía dos Alimentos, é a nova secretaria do Consello Regulador da DOP San Simón da Costa tras a xubilación de Gelucho Ramil, que ocupou o cargo durante 30 anos. Tras tres meses de transición acompañando ao seu predecesor, Fraga inicia agora a súa etapa en solitario. A nova responsable afirma que afronta este reto con ilusión e co propósito de gañar a confianza dos queixeiros e solucionar os problemas do sector. Destaca a importancia de manter a esencia do queixo San Simón e de continuar o traballo realizado por Ramil, a quen eloxia polo seu compromiso e pola relación próxima coa xente do sector.

Como foi o proceso para tomar posesión como secretaria do Consello Regulador?

Tivemos un período de transición, no cal me puiden formar co anterior Secretario. Foi un período de adaptación e aprendizaxe, principalmente para coñecer o funcionamento diario do Consello Regulador, entre outras moitas tarefas a desenrolar.

Cal é a súa vinculación co queixo San Simón?

Son de Vilalba e como calquera vilalbés/a, coñezo o queixo dende pequena. En maior ou menor medida todos crecemos escoitando falar deste queixo. É un dos produtos que nos representa fóra da nosa vila e de recoñecido prestixio.

Con que obxectivos accede a este cargo?

O principal obxectivo é continuar coa actividade actual do Consello. Preséntanse novos retos ante os que é necesario evolucionar, innovar e facer modificacións, sempre co obxectivo de aumentar o recoñecemento e prestixio deste produto. É importante o traballo do día a día para que a presenza do noso queixo se vexa incrementada tanto a nivel nacional como internacional. Xa se percorreu un longo camiño pero aínda queda moito por andar.



Como ve o futuro da DOP San Simón da Costa?

Vexo futuro a longo prazo. Nesta época de constante cambio, desde a DOP tamén nos adaptamos aos novos tempos, con novas esixencias e compromisos. Temos que ter en conta que este queixo é un produto único e que é necesario traballo diario, esforzo e compromiso, para que sega medrando e evolucionando como o fixo ata o día de hoxe.

Que fai único a este queixo?

É un queixo que se segue a fabricar respectando as prácticas tradicionais. Destaca principalmente pola súa forma, entre trompo e bala, a cor da súa corteza, amarelo-ocre, que se consegue grazas ao proceso de afumado ao que se somete, e o seu aroma e sabor característicos.

Está en crecemento a produción e a venda? Aumentan os queixeiros?

Ano a ano, as vendas incrementanse. Isto é un indicador de que a demanda do produto aumenta. E a maior demanda, maior produción para poder satisfacela. Con

respecto aos queixeiros seguimos co mesmo número de inscritos, 9. Non podemos predicir a evolución do número de queixerías pero si confiamos no mantemento das actuais, xa que está asegurado o relevo xeracional. En nalgunha delas, xa contan coa terceira xeración.

Que problemas hai que atallar?

Sempre hai pequenos problemas e inconvenientes que solucionar, pero iso forma parte do noso día a día. Traballamos para que eses problemas, unha vez solucionados, se convertan en algo positivo e do que saquemos unha aprendizaxe para seguir evolucionando e acadando os nosos obxectivos.

A feira de abril é quizais o principal acto, hai previsto facer outras accións?

A feira do queixo é un dos actos máis importantes, xa que o queixo é o principal protagonista. Pero non é o único acto, existen outros que se realizan ao longo do ano, nos que nos permiten promocionar e dar a coñecer o noso produto.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es



Vilalba consolidou no ano 2025 a súa aposta polos servizos públicos e as políticas sociais

"Puxemos en marcha o novo contrato de recollida de lixo e temos un Servizo de Axuda no Fogar que atende xa a máis de 310 veciños e veciñas", explica Marta Rouco

Continúa a rexeneración de viais nas parroquias e desde a Alcaldía potenciouse a conciliación, levando o servizo de madrugadores ao rural e impulsando o novo PAI



O Concello de Vilalba consolidou no ano 2025 a súa aposta polos servizos públicos e as políticas sociais, con grandes novidades como a posta en marcha do novo contrato de recollida de lixo e limpeza viaria.

"A execución dos proxectos deste ano deu resposta a unha planificación previa, xestionando os recursos dos que dispoñemos da maneira máis eficaz posible para mellorar a vida da veciñanza", sostén a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, que considera que "o balance é positivo, sendo consciente de que queda traballo por diante para desenvolver o noso plan de goberno".

O novo contrato para o servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria do Concello de Vilalba entrou en funcionamento o 1 de febreiro, cun período de transición e adaptación no que se van aplicando as melloras previstas de maneira progresiva.

"Creo que a mellora é evidente e continuará nos próximos meses, tanto na limpeza viaria grazas ás brigadas especializadas que traballan no casco urbano e as parroquias, como na frecuencia na recollida do lixo", considera Marta Rouco, que mantivo reunións cos veciños en todas as parroquias para explicar as novidades no servizo.

Outra mellora anunciada recentemente que entrará en vigor no 2026 é o novo servizo de recollida de plásticos agrícolas 'porta a porta'. "Desta forma, pretendemos mellorar o servizo de recollida que se lle presta aos veciños e veciñas que xeran plásticos agrícolas", explica a alcaldesa, á vez que "eliminamos os vertedoiros incontrolados de residuos contaminantes e perigosos".

Servizos Sociais e conciliación

O Concello de Vilalba destinou este ano a gasto social un de cada tres euros do seu orzamento municipal, que foi de 13.366.085 euros. A principal partida foi para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), ao que desde o Concello "destinamos este ano máis de 3,4 millóns de euros: un servizo que conta con 140 traballadores e atende a máis de 310 veciños e veciñas de Vilalba, o que se traduce nunhas 14.700 horas mensuais", lembra Rouco.

Para potenciar a conciliación, o Concello de Vilalba reforzou o Servizo de Madrugadores neste curso 2025/26. O Concello iniciou o curso cun primeiro aumento de prazas, ata as 110, chegando ademais por primeira vez a un colexio do rural, o CEIP Terra Chá (no CEIP Monseivane ofertouse tamén, pero non hai polo momento suficiente demanda).

En outubro, dando resposta ás últimas demandas das familias, modificou o contrato para ofertar 20 prazas máis de madrugadores no CEIP Mato Vizoso. Por outra parte, na Escola de Educación Infantil de Vilalba hai un terceiro monitor para atender de forma correcta ao alumnado con necesidades especiais.

"As medidas de conciliación melloran a vida diaria dos veciños e veciñas e fan posible que se queden a vivir en Vilalba", asegura a alcaldesa, Marta Rouco, "e no caso do servizo de Madrugadores, permiten que as nais e os pais poidan chegar aos seus postos de traballo".

Xa remataron tamén as obras do novo Punto de Atención á Infancia, que abrirá as súas portas nas próximas datas con 20 prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos. A xestión deste PAI corresponderá ao Concello, que xestiona ademais o comedor da escola infantil municipal.

Camiños do rural

Durante este ano 2025 continuou o acordo acadado no 2024 pola alcaldesa, Marta Rouco, co presidente da Deputación, José Toré, para contar en Vilalba cun equipo móbil para a rexeneración e o acondicionamento de camiños nas parroquias.

"Uns traballos que sen a colaboración institucional, neste caso da Alcaldía e da Presidencia da Deputación, non serían posibles", sinala Rouco. Entre o ano pasado e este, o parque móbil rexenerou xa 35 quilómetros, cun investimento de 900.000 euros.

Tamén se realizaron numerosas actuacións dentro da área das infraestruturas urbanas, "que seguen a liña do impulso dun novo modelo urbano, un proceso para humanizar os espazos públicos e renovar as infraestruturas municipais", engade a alcaldesa.

A máis recente, as obras de renovación do acceso ao barrio das Fontiñas, unha actuación moi demandada pola veciñanza. Vilalba conta por outra parte con novos espazos de lecer para as familias e a mocidade, xa sexan parques infantís ou áreas multixogos.

"Os proxectos de envergadura son importantes, como os investimentos de dous millóns de euros na depuradora, as novas piscinas da Madalena ou as reformas da Casa do Concello e da cuberta da Casa da Cultura, pero as actuacións que repercuten dunha maneira máis directa na vida da xente son as pequenas, renovando o camiño polo que circulan para ir ás súas vivendas ou permitindo que os seus fillos sexan atendidos polas mañás no servizo de Madrugadores", afirma a alcaldesa.

Escoitar aos veciños

"Quero que Vilalba sexa un bo lugar para vivir, traballar e conciliar, ese é o obxectivo co que traballamos cada día no concello", apunta Marta Rouco. "Este ano mantiven reunións e escoitei as demandas de centos de persoas e colectivos, as portas do meu despacho están abertas para todos, buscando solucións para os seus problemas ou explicándolles o que pasa cando o Concello non ten competencias nalgún asunto".

Con relación ás competencias, Marta Rouco lamenta unha vez máis "a postura da Xunta con Vilalba; é imposible explicar que a capital da Terra Chá non reciba nin un só euro en investimentos reais do goberno galego desde 2019. É unha forma de entender a política partidista, pero así non castigan a un goberno local progresista, castigan aos veciños e as veciñas de Vilalba".

"Eu seguirei loitando e defendendo os intereses da veciñanza de Vilalba en temas como a estación de autobuses, o centro de saúde ou a necesidade de obter máis financiamento para o Servizo de Axuda no Fogar", remata a alcaldesa.



Concello de Vilalba

O PP pide sancións para a anterior concesionaria da piscina municipal

O Grupo Municipal do Partido Popular das Pontes reiterou a súa demanda ao Goberno local para que aplique a Lei de Contratos en relación coa anterior concesionaria da Piscina Municipal. Segundo explican, a petición vén realizándose desde o mes de xullo e inclúe a aplicación de penalidades e sancións por incumprimentos dos pregos de contratación á empresa encargada

da xestión da instalación. Os populares denuncian que o persoal continúa sen cobrar as súas nóminas e lembran que os traballadores se manifestaron durante o Pleno extraordinario para visibilizar a súa situación. O grupo municipal esixe que se adopten medidas de maneira urxente para garantir unha solución inmediata ao conflito.

BNG urxe a impulsar a instalación dunha fábrica de pneumáticos na vila

Despois de que a Comisión de Industria do Congreso avalase a iniciativa do BNG, Néstor Rego demanda ao Goberno do Estado avanzar con decisión na concreción do proxecto anunciado para a implantación dunha fábrica de pneumáticos no Concello das Pontes. A proposta, defendida polo deputado do BNG, Néstor Rego, obtivo o apoio maioritario da cámara, que recoñeceu a urxencia de activar medidas efectivas para garantir unha transición xusta e a reactivación industrial da comarca. A formación nacionalista considera imprescindible que o executivo cumpra con este mandato emanado do Congreso e habilite os mecanismos necesarios para mate-

rializar, canto antes, a chegada de novas industrias ás Pontes, dentro do marco das políticas estatais de descarbonización e reconversión dos territorios afectados polo fechamento das centrais térmicas. A iniciativa nacionalista aprobada enfatiza que atraer nova industria á Galiza “é chave para frear procesos de deslocalización e fortalecer o tecido produtivo, tanto no sector da automoción como no dos compoñentes estratéxicos vinculados á mobilidade eléctrica”. O deputado do BNG lembra que a anunciada fábrica de pneumáticos forma parte das actuacións previstas no Plan de Transición Xusta, e reclama avances reais tras meses de anuncios sen concreción.

A programación de Nadal arranca con música, teatro e maxia

As Pontes prepárase para vivir o Nadal. Desde espectáculos familiares e concertos ata teatro, cine, pasacalles e maxia, a programación está pensada para que toda a comunidade participe e desfrute destas datas tan especiais, promovendo a convivencia e facendo da vila un espazo de encontro e celebración.

A Concelleira de Cultura, Lorena Tenreiro, destaca que “estas festas son unha oportunidade excepcional para que a veciñanza de todas as idades se achegue á cultura local e ás propostas artísticas que enchen a nosa vila de vida, cor e emoción. Queremos que As Pontes se converta nun referente de dinamización cultural durante a época de Nadal, ofrecendo actividades que conecten xeracións e fomenten a participación familiar”.

A programación xa deu comezo o día 4 con varias actividades que continuarán este venres 12 de decembro, co Concerto de Nadal na Casa Dopeso ás 20:00 horas, protagonizado polo Orfeón Xoán Montes de Lugo e as Rondallas Semente Nova e Vila das Pontes.

O sábado 13, a programación acollerá a Gala benéfica das escolas de baile moderno e danza clásica “Jotham, a cidade do Joker”, en favor de ASPANAES, cunha triple función ás 16:30, 18:00 e 20:30 horas no Auditorio Municipal Cine Alovi.

O 16 continuará a programación co Concerto Pequenadal do Conservatorio de Música das Pontes ás 17:00 horas no Auditorio cunha duración de 60 minutos e apto para todos os públicos, e o mércores 17, ás 19:00 horas na Casa Dopeso, terá lugar o Concerto de Nadal da Escola Muni-



cipal de Acordeóns. Xa o xoves 18, a Casa Dopeso acollerá ás 18:00 horas o espectáculo familiar *No Nadal toca... Maxia* de Sara Rodríguez, que mestura humor, ilusión e participación do público. Ás 19:00 horas no Auditorio Municipal Cine Alovi, o Conservatorio de Música das Pontes presentará un Concerto de Conxuntos. O día 19, Picariños ofrecerá *A Maxia do Nadal* ás 18:00 horas na Casa Dopeso, pensado para nenos de 2 a 8 anos.

O sábado 20 de decembro, a Orquestra Os Satélites repetirá o Baile de Nadal ás 18:00 horas no Patio do Colexio Santa María e o domingo 21 será a vez da IV Gala Internacional de Ilusionismo *As Pontes ten Maxia*, no Auditorio Municipal Cine Alovi ás 19:00 horas.

Do 22 ao 30 de decembro e o 2 de xaneiro, os máis pequenos poderán desfrutar do Tempo de Nadal, un espazo de xogo infantil e xuvenil no Patio do Colexio Santa María entre as 16:30 e as 20:30 horas.

O martes 23, terá lugar o Concerto de Nadal da Banda Escola de Música

das Pontes ás 19:30 horas no Auditorio Municipal Cine Alovi, e o xoves 24, a Charanga Os Celtas percorrerá as rúas da vila entre as 12:30 e as 14:00 horas.

O sábado 27, Xampatito Pato presentará o espectáculo *Compañía* ás 18:00 horas no Auditorio, cunha duración de 50 minutos. Xa o martes 31, a Charanga Carmiña animará as rúas entre as 12:30 e as 14:00 horas. O sábado 3 de xaneiro, o Grupo Origen ofrecerá o tradicional Baile de Reis ás 23:00 horas no Patio do Colexio Santa María

Finalmente, o domingo 5 de xaneiro, celebrarase a Cabalgata de S.S.M.M. os Reis Magos, que partirá ás 18:00 horas da Rúa Monte Caxado e culminará coa Recepción Real no Auditorio Municipal Cine Alovi, un momento cheo de ilusión para os máis pequenos e para toda a familia. Durante todo o mes, a Casa Dopeso ofrecerá unha completa carteleira de cinema, con películas para todos os gustos e idades, incluíndo animación, drama, fantasía, cine europeo e sesións neurodiversas.

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³, 1.7 m³ Y 2.1m³

ENCHILLAS MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

As Pontes, eixo da nova Rede de Destinos Turísticos do Carbón

A Fundación Cidade da Enerxía (CIUDEN), adscrita ao Instituto para a Transición Xusta (ITJ) do MITECO, pon en marcha a Rede de Destinos Turísticos do Carbón, na que As Pontes de García Rodríguez é un dos enclaves destacados xunto con áreas de León, Teruel, Córdoba e as comarcas mineiras asturianas.

O Concello de As Pontes participa como socio estratéxico, achegando coñecemento do territorio e implicando empresas, entidades e colectivos nun proceso participativo dende o inicio.

A rede impulsará experiencias turísticas sostíbeis, accesíbeis e inclusivas vinculadas ao patrimonio industrial e mineiro pontés. Durante

o proxecto deseñaranse, testaranse e comercializaranse produtos experienciais no municipio. Prevese un programa de formación e capacitación en xestión turística, innovación e sustentabilidade para os axentes locais, co obxectivo de xerar novas oportunidades económicas e sociais baseadas na memoria e na innovación.

O plan inclúe comunicación e mercadotecnia específicas para posicionar As Pontes baixo unha marca común de turismo sostíbel nos territorios de transición xusta, e a integración en canles de venda dos novos paquetes. O proxecto dispón dun orzamento de preto de 144.000 € achegados por CIUDEN para a asistencia técnica,

ademais doutros gastos, e unha duración de 18 meses, cun horizonte de traballo ata o primeiro semestre de 2027.

Nesta etapa crearase formalmente a rede, identificarase operadores clave e recursos turísticos en As Pontes, definirase a gobernanza (estrutura, procedementos, adhesións) e realizarase un diagnóstico das fortalezas e áreas de mellora do patrimonio do carbón.

Como acción de difusión, o encontro PAISAXES26, organizado xunto co Centro Asociado da UNED Ponferrada, centrará a súa vindeira edición nos destinos do carbón, servindo de escaparate para os avances en As Pontes.

O Concello defende a creación de emprego cunha baixada do paro

As Pontes consolidouse no mes de novembro como o municipio cun mellor comportamento laboral da comarca tras rexistrar unha nova e destacada redución do paro, segundo os datos publicados polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE). O número de persoas inscritas como demandantes descendeu ata as 262, fronte ás 326 rexistradas en outubro, nun mes que tradicionalmente presenta cifras negativas tras o remate da tempada turística.

Esta baixada reforza unha tendencia sostida no municipio, que desde novembro de 2021 reduciu á metade o número de persoas desempregadas, pasando de arredor de 500 ás 262 actuais, unha evolución que adquiriu especial relevancia ao producirse nun contexto de crecemento demo-

gráfico, xa que o municipio volveu gañar poboación por primeira vez desde 1989.

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, valora esta evolución como un motivo de satisfacción e destacou que a caída do paro “é enorme e moi considerable, situándonos moi por debaixo da media que correspondería pola nosa poboación”.

O rexedor explicou que, en termos comparativos, As Pontes presenta mellores cifras que concellos do entorno cunha poboación maior ou similar: “Estamos por debaixo de Pontedeume, por debaixo de Cedeira, e moi por debaixo de Fene, que conta con 2.000 habitantes máis pero duplica o número de persoas en paro respecto das Pontes”.

Para Formoso, estes datos evidencian “unha dinámica de creación de emprego moi importante” e subliñou que é necesario “continuar nesta senda, pelexando cada proxecto, pequeno, mediano e grande, porque todos son necesarios e todos suman”.

O alcalde incidiu en que os polígonos industriais do municipio se atopan hoxe practicamente ao 100% da súa capacidade, con só unha nave dispoñible, que agarda que poida quedar asignada a un novo proxecto nos próximos días, contribuíndo tamén á creación de emprego.

Concluíu asegurando que o Concello continuará traballando para atraer investimento, apoiar o tecido empresarial e consolidar a creación de emprego estable no municipio.

EN BREVE



VILAS EN FLOR. O Concello das Pontes foi recoñecido con tres flores de honra na gala anual de Vilas en Flor, programa que premia aos concellos galegos de menos de 40.000 habitantes polo seu esforzo na mellora e potenciación dos espazos verdes urbanos, a xestión sostíbel, a educación ambiental e a concienciación cidadá.



SABOREA AS PONTES. A edición 2025 do concurso de tapas Saborea As Pontes, organizado polo Concello das Pontes coa colaboración de Cohempo, rematou con éxito absoluto, batendo récords de participación e consolidándose como unha referencia gastronómica na comarca do Eume. Servíronse 18.178 tapas, que a un prezo de 2,50 euros xeraron 45.445 euros. A esta cifra engádense 36.356 euros en consumicións asociadas.



MULTIDEPORTE. A veciñanza xa pode gozar do novo espazo multideporte situado no Poboado da Magdalena, unha actuación impulsada polo Concello para crear un lugar de encontro, práctica deportiva e convivencia. A obra foi executada pola empresa pontesa Huso 29 cun investimento de 181.427 euros, financiados pola Deputación da Coruña.




EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

¡Ortodoncia todos los días!
Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es
Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. Rúa Cántigas e Frores)



DECEMBROXoves 4

XOVES NA BIBLIO

Obradoiro creativo

"Bolsas de Tecido Personalizadas"

Venres 5

ACENDIDO ILUMINACIÓN DE NADAL

"SONÓ" Uxía Lambona e a Banda Molona

Sábado 6

CINE

Domingo 7

CINE

Xoves 11

XOVES NA BIBLIO

"U00" - Teatro ó Cubo

Venres 12

CONCERTO DE NADAL

Orfeón Xoán Montes de Lugo

Rondalla Semente Nova de Perillo (Oleiros)

Rondalla Vila de As Pontes

Sábado 13

CINE

GALA BENÉFICA

Escolas de Baile Moderno e Danza Clásica

"Jotam, a cidade do Joker"

Domingo 14

CINE

Martes 16

CONCERTO PEQUENADAL

Conservatorio de Música das Pontes

Mércores 17

CONCERTO DE NADAL

Escola Municipal de Acordeóns

Xoves 18

CONCERTO DE CONXUNTOS

Conservatorio de Música das Pontes

XOVES NA BIBLIO

"No Nadal Toca ... Maxia" - Sara Rodríguez

Venres 19

A MAXIA DO NADAL

Picariños

Sábado 20

CINE

BAILE DE NADAL

Orquestra Os Satélites

Domingo 21

CINE

AS PONTES TEN MAXIA

IV Gala Internacional de Ilusionismo

Luns 22

TEMPO DE NADAL

Área de Xogo Infantil e Xuvenil

Martes 23

TEMPO DE NADAL

Área de Xogo Infantil e Xuvenil

CONCERTO DE NADAL

Banda - Escola de Música das Pontes

Mércores 24

PASACALLES

"Charanga Os Celtas"

Venres 26

TEMPO DE NADAL

Área de Xogo Infantil e Xuvenil

Sábado 27

CINE

TEMPO DE NADAL

Área de Xogo Infantil e Xuvenil

"COMPAÑA" - Xampatito Pato

Domingo 28

CINE

TEMPO DE NADAL

Área de Xogo Infantil e Xuvenil

Luns 29

TEMPO DE NADAL

Área de Xogo Infantil e Xuvenil

Martes 30

TEMPO DE NADAL

Área de Xogo Infantil e Xuvenil

Mércores 31

PASACALLES

"Charanga Carminha"

XANEIROVenres 2

TEMPO DE NADAL

Área de Xogo Infantil e Xuvenil

Sábado 3

CINE

BAILE DE NADAL

Grupo Origen

Domingo 4

CINE

Luns 5

CABALGATA



Unha comisión da Deputación perfilará as Casas para Maiores

A Deputación da Coruña constituíu hoxe a comisión político-técnica que deseñará o novo modelo provincial de residencias públicas para maiores, as chamadas Casas de Acompañamento ás Persoas Maiores (CAM). O ente será o encargado de elaborar a memoria técnica, social, xurídica e financeira do proxecto e marca o inicio dunha nova etapa na atención ás persoas maiores na provincia. O presidente provincial, Valentín González Formoso, salientou que a posta en marcha da comisión ‘abre un proceso transformador cara a uns coidados máis humanos, próximos e comarcais, que eviten o desarraigo e a soidade’. No órgano están representados todos os grupos da corporación (PSOE, PP, BNG e Alternativa dos Veciños) xunto con persoal técnico das áreas de Política Social, Intervención, Secretaría, Arquitectura, Contratación e Patrimonio. As CAM apostan por un modelo de quinta xeración inspirado nas experiencias nórdicas: equipamentos de pequeno tamaño, abertos á comunidade, con plans de atención individualizados e unidades de convivencia que reproducen a vida nun fogar. A previsión é limitar as prazas a un máximo de 59 por centro, organizadas en catro unidades de 14 ou 15 residentes, para garantir unha atención máis personalizada. A Deputación prevé desenvolver as primeiras experiencias en As Pontes (proxecto piloto), Rianxo e Ordes. Os centros disporán de cuartos individuais e dobres con espazos comúns integrados na

contorna e programarán actividades de convivencia interxeracional en colaboración con centros educativos, familias e tecido asociativo local. O modelo incorpora innovación tecnolóxica (domótica, telemedicina, sistemas intelixentes de climatización e iluminación, sensores de seguridade e ferramentas de rehabilitación física e cognitiva) para mellorar a calidade de vida das usuarias e as condicións do persoal. Valórase, ademais, a presenza de hortas, animais de compañía e zonas abertas para favorecer a participación das familias. A planificación inicial sitúa o inicio das obras no primeiro semestre de 2026.

DEMOLICIÓN. O Concello licitou a demolición do antigo Colexio Pardo Bazán cun orzamento de 400.205 euros, paso imprescindible para habilitar a parcela onde a Deputación da Coruña construírá a futura Casa de Acompañamento a Persoas Maiores, o primeiro xeriátrico público do municipio. O conxunto consta de dúas edificacións diferenciadas. A orixinal, situada na esquina de Pardo Bazán con Calderón de la Barca, está construída con cerramentos portantes de dobre fábrica de ladrillo, estrutura horizontal de madeira maciza de castiñeiro e cuberta de lousa. A ampliación, executada en formigón armado con forxados unidireccionais, conta con cubertas inclinadas sobre estruturas metálicas e de madeira, ademais dunha zona de ximnasio parcialmente soterrada.

O Concello rehabilitará o pavillón da Magdalena e avanza noutras obras

A xunta de goberno local aprobou o expediente de licitación as obras de rehabilitación enerxética do Polideportivo da Magdalena, cun investimento previsto de 149.911,99 euros, financiada pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello. O proxecto permitirá modernizar esta instalación construída entre finais dos anos 80 e comezos dos 90, mellorar o seu confort interior e reducir o consumo enerxético, dando resposta ás deficiencias que presenta na actualidade. A actuación céntrase na renovación integral das fachadas, ademais da modernización do sistema de iluminación. Instalarase un sistema de control do acendido e da intensidade que permitirá adaptar a luz ás necesidades reais do uso deportivo. Outro dos puntos clave é a renovación do sistema de produción de auga quente sanitaria.



AVENIDA DA HABANA. O Concello deu luz verde á contratación das obras para renovar servizos e pavimentos na Avenida da Habana. O obxectivo pasa por incrementar a seguridade viaria e a comodidade das persoas peóns, ao tempo que se modernizan as infraestruturas. A intervención conta cun investimento de 166.538,11 euros con cargo á Deputación. O proxecto incorpora unha rede separativa de augas pluviais, novos sumidoiros e arquetas, conectando as baixantes existentes ás redes actuais para optimizar a recollida de escorrentías. No capítulo de iluminación, instálense báculos de 7 metros con luminarias LED de estrada e paseo, co fin de reducir o consumo enerxético e mellorar a calidade da luz. O plan contempla tamén a reconstrución completa das beirarrúas con mate-

riais accesibles e acordes coa estética da contorna, ademais da creación dunha plataforma única que facilite a mobilidade peonil. A calzada recibirá unha capa de aglomerado en quente, deseñada para favorecer o drenaxe cara aos novos puntos de recollida. Complementariamente, colocarase mobiliario urbano como papeleiras e xardineiras de madeira tratada e executarase a sinalización horizontal, con pasos de peóns e prazas accesibles.

AVENIDA DE GALICIA. As obras da cuarta fase do proxecto de renovación de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia avanza a bo ritmo e encaran xa a súa fase final. Esta intervención conta cun orzamento de 277.173 euros financiado integramente pola Deputación e

completa a transformación da principal vía de comunicación. Os traballos permitirán a eliminación dos desniveis entre a calzada e as beirarrúas, mellorarán a iluminación e avanza na separación da rede de drenaxe respecto da rede de saneamento.

PONTE DE PEDRAFITA. Avanza a bo ritmo os traballos de reparación da infraestrutura de paso sobre o río Chamoselo, na Pedrafita, na parroquia do Aparral. A actuación, adxudicada á empresa GONNABA Construcciones y Reformas S.L., conta cun orzamento de 96.110 euros e ten como finalidade dar resposta aos graves danos estruturais provocados polas fortes precipitacións. O proxecto contempla a demolición da estrutura actual e a súa substitución por unha ponte de formigón armado.

A MAXIA PASA POLO COMERCIO DE VILALBA

DO 8 AO 24 DE DECEMBRO

SORTEO DE 3 VALES DE 100€

DO 25 DE DECEMBRO AO 6 DE XANEIRO

SORTEO DE 3 VALES DE 100€

A PICOURA - AIRALJE DEPORTEL - ALAIN AFFLELOU OPTICO - ALBOGAT / PILAR - ALPRACENEE ANIMO - ARRADOR FOTOGRAFOS - ARRII MODA - AI NUBES MODA - BARBERIA DE JUCIO - BELEN ROUPA - CALZADOS PRIETO - CARRER MODA CARLIN - CAJICE SISTEMAS 2.0 - CONFECIONES JULIO - CUARTO E INTABE - DEL ALCE FLORESTA - DEMALI - DEPORTEL QUINTELA - ETTANCO DE RISO - FARMACIA OLGA DEL CAÑO PEREIRA - GORVAC - GRUPO MEY - JOYERIA VICTOR MATEO JUNIOR - KIDE - LANAI FUNGWIN CONFEITERIA - LIBRERIA ANGEL - LIBRERIA PERAMUNDO - LUIS CASTRO - MERCERIA MERCEREL MICAMATEMPTA - MONCHO Y IANTOMÉ - NEBULA CREATIVA - NENA ROCA - NENOI - NOVALUX OPTICA E CENTRO AUDITIVO - O GATO CON BOTAS - O RINCÓN ENCANTADO - PELUQUERIA CELIA GÓMEZ - PELUQUERIA REFLEJOS PERRINHO FOTOGRAFOS - QUE VEE OPTICA AUBICION - RETONDI - RITELLO - SAN JUAN MODA - SANDE HERBOLARIO TERAI - TODOTINTA - URBIO - VERA - VETERINARIA ALAMEDA - WOLF BEIJAN - REITOLA - Y TALUJAMEN - ZORROI



Remata a obra do depósito de auga de Castromaior

O Concello de Abadín anunciou a finalización das obras do novo depósito de abastecemento de auga na parroquia de Castromaior, unha infraestrutura considerada fundamental para mellorar a calidade do servizo e garantir unha subministración máis eficiente e segura para toda a veciñanza.

O novo depósito, cunha capacidade total de 100.000 litros, foi executado baixo a dirección técnica da enxeñeira de camiños Irene Fernández Prieto e contou coa empresa Construcciones Cholo como encargada da obra. Con esta actuación, o municipio dá un paso destacado na modernización da súa rede de abastecemento e na renovación das súas infraestruturas básicas.

Desde o Concello subliñan que esta mellora repercutirá directamente no benestar dos residentes de Castromaior e das zonas próximas, reforzando a capacidade de resposta do sistema municipal de auga. Engaden, ademais, que continuarán traballando para ofrecer servizos públicos máis eficientes e de maior calidade en todo o termo municipal.

O Concello de Abadín vén de executar unha nova intervención na rede viaria municipal, centrada na mello-

ra do camiño que conecta a N-634 no lugar de Meixón, en Roxoa (Castromaior), co núcleo de Asperón, na parroquia de Baroncelle. A actuación abrangue un treito de 2.393 metros e supón un novo avance na renovación das infraestruturas viarias do municipio.

Os traballos realizados incluíron a limpeza e acondicionamento das cunetas, así como a aplicación de aglomerado en quente ao longo de todo o percorrido, o que permite reforzar a seguridade e o confort da circulación. A obra estivo dirixida polo técnico municipal Sergio Orosa López e foi executada pola empresa Construcciones Cholo, S.L. O investimento total ascendeu a 108.517 euros, dos cales 89.683 euros proceden dunha achega da Xunta.

CORTACESPEDE. O Concello de Abadín vén de incorporar un robot cortacésped destinado ao mantemento da área fluvial da Roxica, co obxectivo de mellorar a conservación e o coidado deste espazo natural moi frecuentado pola veciñanza.

A compra realizouse a través do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia, cunha subvención do 100%.

EN BREVE



PAVILLÓN. O Concello inaugurou o pavillón municipal tras a intervención de mellora acometida nas últimas semanas, unha posta ao día que inclúe a renovación integral do chan deportivo para gañar en seguridade, confort e versatilidade de usos.



LISTA ROJA. A antiga igrexa parroquial de Santiago de Baroncelle foi incorporada por Hispania Nostra á súa Lista Roja do Patrimonio debido ao avanzado estado de deterioro que presenta. Alegan que o templo atópase en ruína e nun abandono practicamente total.



GRELO. Abadín foi escenario da última das catro xornadas promovidas por Agacal (Axencia Galega da Calidade Alimentaria) dedicadas ao cultivo do grelo, baixo o título *Grelo, un cultivo con futuro. Tradición, innovación e territorio*.

Os Bolechas actúan na vila a final de ano

Abadín contará como o ano pasado coa actuación dos Bolechas dentro do seu programa de Nadal, que presentan o seu espectáculo *As lambetadas de Nadal*. Será na Casa do Concello o sábado 27 de decembro, ás 12.00 horas.

Será unha aventura saborosa, trepidante e chea de humor que fará as delicias dos máis pequenos da casa. A sesión está organizada dentro do Programa de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia.

Pero o prato forte será a visita dos Reis Magos. A primeira parada da comitiva será no centro de día, onde visitarán aos maiores, aos que entregarán un agasallo, como fan todos os anos. Unha vez rematada esta visita, sobre as 16.30, achegaranse ata o Concello para facer a recepción oficial de todos os pequenos, aos que entregarán o seu agasallo e tamén recollerán peticións para entregar durante a noite nos fogares.

Abre unha mostra sobre Afganistán

Do 12 ao 19 de decembro poderá visitarse no Concello de Abadín a exposición fotográfica *Misión Afganistán*, organizada pola Subdelegación de Defensa en Lugo en colaboración co Concello de Abadín.

A mostra reúne trinta imaxes acompañadas de paneis informativos, uniformes e diverso material que achegan ao público á realidade xeográfica, social e económica de Afganistán, así como ás distintas fases da presenza militar española neste país, desde o ano 2001 ata finais de 2014, cando rematou a operación no marco da ISAF (Forza Internacional de Asistencia á Seguridade).



Concello de Outeiro de Rei
Concello de Futuro

Deséxalles un Bo Nadal
e un Próspero 2026



As Olimpíadas Rurais volverán á localidade os días 26, 27 e 28 de xuño

O Concello de Friol acolleu a presentación do documental dedicado ás Segundas Olimpíadas Rurais de Galicia, un evento que destaca polo seu labor de posta en valor do rural galego a través da recuperación das tradicións e do espírito de convivencia que nos caracteriza. O acto, que estivo presidido polo alcalde de Friol, José Ángel Santos, contou coa presenza da directora xeral do Agader, Paz Rodríguez, así como de numerosos participantes e colaboradores das Olimpíadas. Durante a presentación, o alcalde agradeceu a Xunta de Galicia, que a través de Agader e de Turismo financia este evento, tamén subliñou a importancia desta cita para fortalecer a identidade do noso rural, visibilizando un territorio vivo, dinámico, creativo e orgulloso das súas raíces. As Segundas Olimpíadas Rurais de

Galicia celebráronse en Friol cun gran éxito de participación, e xa teñen data para a súa terceira edición, que volverá celebrarse nesta localidade os días 26, 27 e 28 de xuño do vindeiro ano. Unha cita que promete consolidarse como un evento de referencia para a posta en valor das tradicións e da vida comunitaria no rural galego. No seu discurso o alcalde agradeceu a implicación de todas as persoas participantes e colaboradoras, que dun xeito ou outro forman parte de este evento, e que fan posible que estas Olimpíadas sigan medrando e fortalecendo o espírito de unión que as caracteriza. O documental presentado recolle a ilusión, o esforzo e o traballo colectivo de toda a comunidade, deixando constancia dun evento que xa forma parte da memoria viva de Friol.

Renovado o lugar de Miraz cun investimento de 150.000 euros

O núcleo rural de Miraz, en Friol, estrea unha nova imaxe grazas ás obras de humanización que o Concello leva a cabo co apoio da Xunta de Galicia. Cun investimento próximo aos 150.000 euros e executadas pola empresa pública Tragsa, estas melloras supoñen un impacto directo na calidade de vida dos veciños, que xa perciben como as súas rúas e camiños recuperan un estado óptimo para o uso diario. Durante anos, os residentes conviviron con accesos deteriorados. Agora, dispoñen dun entorno máis seguro, accesible e agradable para pasear e desfrutar das zonas comúns. “Seguimos traballando para que os accesos aos nosos núcleos rurais se manteñan no mellor estado posible, e para que as parroquias poidan ser desfrutadas ao máximo. Todo require facelo paso a paso, pero sempre co obxectivo de ofrecer o mellor para o noso municipio”, sinalou o alcalde, José Ángel Santos. O rexedor tamén quixo agradecer



expresamente o apoio da Xunta de Galicia, que financia integramente a actuación, permitindo facer realidade destas melloras. O proxecto contempla intervencións técnicas orientadas á mellora do viario municipal e á integración de espazos de descanso e zonas verdes. Primeiro procedeuse á demolición do pavimento deteriorado, mantendo a rasante e evitando que as rúas superen a cota das vivendas. Nas áreas sen formigón ou asfalto realizouse a preparación do terreo

para o seu posterior formigonado. Posteriormente, instalouse un novo pavimento de formigón desactivado —coñecido como árido visto ou formigón lavado—, colocáronse dous bancos sobre pavimento de granito e habilitouse unha pequena zona verde para uso veciñal. Con esta actuación, o Concello non só repara as vías en mal estado, senón que tamén transforma Miraz nun núcleo máis humano e acolledor, reforzando a súa identidade como espazo rural de convivencia.

Organizan obradoiros de Nadal para a cativada nas vacacións

Friol organiza un ano máis os seus obradoiros de Nadal para os máis cativos. Nesta edición poderán participar nenos e nenas de Friol, desde os 4 ata os 14 anos. As actividades comezarán o luns 22 de decembro e rematarán o venres 2 de xaneiro. Trátase dunha serie de propostas que terán lugar en horario de mañá, dende as 10.00 ata as 14.00 horas. Levaranse a cabo nas instalacións

que ten o Concello ao lado do centro escolar público, e que son as mesmas que acollen o servizo de madrugadores durante os días lectivos. As prazas son limitadas, polo que para poder participar é necesario inscribirse nas oficinas do Concello antes do 18 de decembro. Cubriranse por orde de chegada. Ademais, disporán de servizo de madrugadores de 8:00 a 10:00 horas.

CONCENTRACIÓN PARCELARIA



Técnicos da Consellería do Medio Rural reuníronse cos veciños e veciñas de Seoane e Mundín, no concello de Friol, para informar sobre o estado actual do proceso de concentración parcelaria na zona e expoñer os próximos pasos previstos. A xuntanza, que contou cunha notable participación, permitiu presentar os avances técnicos realizados ata o de agora, así como o calendario de actuacións e as medidas que se desenvolverán nos vindeiros meses.



RESTAURANTE PARRILLADA

O' Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56



constru fer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

Colaboración para dotar de subministro o sistema de saneamento de Roimil

A Xunta de Galicia e o Concello de Friol suman esforzos para garantir o subministro eléctrico do sistema de saneamento e depuración do núcleo de Roimil, unha infraestrutura executada por Augas de Galicia cun investimento total de 280.000 euros, cofinanciados entre ambas administracións. Grazas a este acordo, a nova rede hidráulica poderá entrar en funcionamento antes de que finalice o ano 2025.

A conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, e o alcalde de Friol, José Ángel Santos, asinaron esta semana un convenio de colaboración que recolle o compromiso do departamento autonómico de achegar apoio técnico e os 16.026 euros necesarios para executar a acometida eléctrica. Pola súa banda, o Concello asumirá a execución das obras e a súa posterior xustificación.

A mellora do sistema de saneamento e depuración de Roimil ten como finalidade estender a rede de tratamento de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira, co obxectivo de dar servizo a vinte vivendas que

representan unha poboación equivalente a 200 habitantes. Ademais, grazas ao convenio asinado, Augas de Galicia achegará o financiamento preciso para levar a cabo a conexión das novas instalacións hidráulicas á rede eléctrica.

Durante a reunión, a conselleira e o rexedor tamén abordaron outro proxecto de gran interese para o municipio: a dotación de abastecemento á parroquia do Seixón. Esta actuación, cun orzamento próximo aos 600.000 euros, atópase na fase final de axuste técnico antes de iniciar o proceso de licitación.

Ángeles Vázquez destacou que, aínda que a competencia na prestación destes servizos hidráulicos corresponde aos concellos, a Xunta leva anos ofrecendo apoio técnico e financeiro ás entidades locais que o precisan. De feito, o orzamento de Augas de Galicia para 2026 medrará un 5,5 %, ata acadar os 151,7 millóns de euros, dos cales sete de cada dez destinaranse a actuacións de abastecemento e saneamento —108,7 millóns—, mentres que 73,6 millóns se dedicarán á mellora e construción de infraestruturas hidráulicas.



Conclúen as obras de repavimentación dos accesos a varios núcleos

O Concello de Friol vén de dar por rematado un proxecto de mellora viaria no rural que incluíu a repavimentación dos accesos aos núcleos de Silvarredonda, Bedús, Carballal, Sobrado, Vilapedre, Requeixo, A Vilagrande e O Bullo. A actuación, que contou cun investimento superior aos 182.000 euros, foi cofinanciada a través do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos.

Esta intervención supón un avance significativo para a mobilidade da veciñanza, xa que abrangue estradas municipais que prestan servizo a varias parroquias como Cotá,

Vilalvite, Devesa, Ousá, Madelos e Roimil. O deterioro acumulado polo paso do tempo, o tránsito diario, o uso de maquinaria agrícola, os labores forestais e as condicións meteorolóxicas provocara numerosas deficiencias que dificultaban o tráfico habitual.

Os traballos centráronse na recuperación das zonas máis danadas, na limpeza das cunetas para mellorar a recollida das augas de chuva e na instalación de nova sinalización nos puntos precisos, co obxectivo de evitar o deterioro futuro e incrementar a seguridade da circulación.

Custodia Agraria programa 3 xornadas divulgativas en granxas de Friol

A Rede de Custodia Agraria da Reserva da Biosfera Terras do Miño vén de anunciar a programación de actividades para este mes de decembro, tres xornadas abertas ao público nas que se combinará a divulgación sobre produción sostible, o voluntariado ambiental e a degustación de produtos locais. A primeira cita terá lugar o sábado 13 de decembro na granxa familiar Bértolos & Serranos, en Friol, onde se dará a coñecer o seu labor na produción de leite ecolóxico e queixos artesanais.

O domingo 14 de decembro será a quenda de Casa Codesal, outra explotación familiar produtora de leite ecolóxico que amosará o seu método de manexo do gando, recoñecido con diversos premios pola súa calidade. A terceira proposta desenvolverase o domingo 21 de decembro en Traloagro, unha granxa centrada na produción ecolóxica de carne de tenreira e polo, cun forte compromiso coa sostibilidade e o benestar animal.

As xornadas completaranse con varias accións solidarias, como a colocación dun cartel divulgativo e cunha degustación final de produtos locais.

AXENDA NADAL 2025-2026

15, 16 e 17 decembro

10:30 a 12:30-Aula CeMIT
Crea en 3D: edición navideña

18 decembro

10:15 a 11:45-Aula CeMIT
Ciberseguridade: Nadal ciberseguro

19 decembro

18:00 a 19:00-Escola Habaneira
Cortos: "El principito Oscar, Gilbert, Las piedras de Luna."
Encendido luces Nadal

20, 21 decembro

16:00 a 21:00-Parga
Feira de Nadal de Parga

22 decembro

10:30 a 12:30-Escola Habaneira
II Torneo de Videoxogos Concello de Guitiriz
16:30 a 18:00-Aula CeMIT
Robótica en acción con Microbit

Pavillón Jonathan Carro Paz

29 decembro

17:00-20:00
Dance Mats Interactive
Inchables, obradoiros

30 decembro

11:00-14:00 e 17:00-20:00
Circuito coches radio control
Inchables, obradoiros

31 decembro

11:00-14:00
Toro mecánico-Tabla Surf
Inchables, obradoiros

2 xaneiro

11:00-14:00 e 17:00-20:00
Rokomonte
Inchables, obradoiros

3 xaneiro

11:00-14:00 e 17:00-20:00
Xogos Feira-Carrito palomitas
Inchables, obradoiros

5 xaneiro

Cabalgata Reis Magos 2026

15:30-Parga - 17:00-Guitiriz
¡¡Con música e chocolatada!!

concello de GUITIRIZ

“As historias e os personaxes son reais case ao cento por cento”

O lugués Jordi Cicely vén de publicar ‘El verano que volvió Sherezade’, a segunda novela da trioloxía que ten prevista sobre diferentes trastornos

Fálenos do que atoparemos en El verano que volvió Sherezade.

A historia de Sherezade é unha historia de verán con recordos nostálgicos, iluminados con moita luz, e que nesta ocasión se transforman nunha segunda oportunidade de volver vivilos. Pero, como todo verán, tamén trae nubes grises; neste caso, o tema do TOC (Trastorno Obsesivo Compulsivo) que padece o protagonista, o meu alter ego, e que eu mesmo padecín durante moitos anos. Fala tamén de como as imaxes idealizadas do pasado nos xogan malas pasadas, como ocorre cos amigos e amigas que a vida foi separando e que, ao volver velos, descubres que xa non compartes nada.

Canto tempo lle levou escribila?

Levoume tres anos longos. Son un escritor que tarda moito en escribir; só o fago cando teño inspiración, como unha ansiedade creativa. Cando aparece, póiome a escribir, e logo, tras iniciar esa emoción, a cousa acompáñame durante un tempo e non paro. Despois volvo deixalo. Así escribo eu: por impulsos. Por esa razón tardo tanto. Ademais, os temas que trato son moi intensos, emocionais, e ás veces prodúceme bastante dor e non estou preparado para escribilos. Son unha persoa moi proteccionista, case enfermiza, aínda que isto conseguín atallalo coa terapia e agora non me esixo tanto. Ás veces tardo máis en cambiar, corrixir e decidirme a enviar o manuscrito á editorial que en escribilo.

Fálenos un pouco do que atoparemos nesta obra.

Intentei facer un conto de verán ao estilo da Nouvelle Vague francesa de Rohmer, inspirado en filmes como A coleccionista, Pauline na praia ou Conto de verán, e creo que o conseguín. Ademais, hai temas con tintes grises, como o TOC, as decepcións, a obsesión, a incerteza... Todo isto pasou pola miña cabeza nunha etapa da miña vida e quixen plasmarlo así. Logo tamén hai outras cousas máis

doces, como a luz, a paixón, a ilusión, os reencontros, o descubrimento dunha persoa. Esta historia é unha viaxe interior de alguén que estivo moi mal e que agora, por primeira vez, sae ao exterior a respirar esa brisa suave que sempre estivo aí pero que non podía sentir. É un retorno á vida que se escapou entre as mans por unha decepción sentimental e que, grazas á aparición dunha figura chamada Sherezade, agora pode comprobar como está.

Está ambientada en Friol? Por que esta localidade?

Sempre quixen facer unha historia do meu pobo. Ademais, a maior parte dos recordos dun verán no río, paseando en bicicleta, cos amigos e amigas de aquí para alá, están aí. Son imaxes daqueles doces anos noventa, onde a música invadía as nosas vidas de adolescentes e non había outra preocupación. Unha volta á inocencia en estado puro. Esta imaxe bonita e nostálgica é o que é para min o meu pobo de Bedús (San Pedro de Vilalbite). Sherezade reúne todas estas emocións porque tamén é Friol. Pero cando se fala de sexo, paixón e festa, iso non ocorreu en Friol. Eramos moi aburridos, ás veces penso que demasiado para a idade que tiñamos. Esta parte máis adulta sácoa das miñas vivencias en Ribadeo, con outra pandilla máis interesante, que me aportaba máis en todos eses ámbitos. Logo as festas alí eran tremendas; creo que nunca poderei contar todo o que pasou nelas, o que vivimos... Teño que dicir que cos colegas de Friol mantive amizade; o resto non me interesan para nada. Eu pasei a outro estilo de vida e quedáronse atrás. Pola contra, cos de Ribadeo é totalmente distinto: sempre me aportan algo novo, e iso agradézoo. Encántame estar con eles. Con eles perdín a inocencia.

A primeira novela publicada, Mariela envenena mis sueños, que teñen en común?

Mariela é unha historia escura, chea de intranquilidade, nerviosismo,

cunha ansiedade esaxerada; o protagonista non desfruta a vida que ten diante porque a dor pola marcha de Mariela é enorme. Pola contra, Sherezade é unha historia luminosa, tranquila por momentos, na que se presenta unha nova oportunidade diante do protagonista, a luz ao final do túnel. En ambas historias o parecido está nos distintos trastornos mentais que sofre o protagonista: nos dous libros arrastra un problema mental; no primeiro, a ansiedade, a hipocondría e o apego; no segundo, o TOC, e ten que loitar e convivir con el. Gústame que nas dúas novelas o fío de unión sexa a dor que deixou a marcha dunha parella; é un tema ideal para contar varios trastornos, en lugares distintos e con persoas diferentes, sen perder a conexión.

Onde se están vendendo e que aceptación teñen as dúas?

Está sendo tremendo. Podo contar que cando estaba a piques de saír publicada El verano que volvió Sherezade tiña medo porque Mariela envenena mis sueños fora un exitazo tremendo en Galicia. Pero agora, co paso das semanas, creo que Mariela vai quedar pequena ao lado de Sherezade. Creo que isto acontece porque coa primeira novela abrín moitas portas e agora coa segunda había unha expectación que se confirmou tanto en críticas boas como en grandes vendas. É curioso porque agora se está volvendo vender Mariela envenena mis sueños, e creo que se conseguiu isto porque, aínda que non é unha continuación, si están conectadas.

De que se nutre para crear os personaxes e as historias?

Gústame esta pregunta. As miñas historias son reais case ao 100% e os personaxes que aparecen nelas tamén. Claro está que logo cambio os nomes para que non sexan recoñecidos; así facía Jack Kerouac, o meu gran ídolo literario, e así fago eu tamén. A xente que le tanto os meus relatos como as miñas novelas pensará que estou a esaxerar, pero pouco o fago, non me



fai falta. Tiven unha vida emocional moi intensa, creo que debido ao meu trastorno de ansiedade, que me foi levando por camiños cara a xente moi especial e, ás veces, rara, e que agora quero mostrar. Lamentablemente, cando estaba mal tiña relacións tóxicas. Agora a miña vida é moi tranquila en canto a emocións, era o que buscaba durante todo este tempo. Da vida de agora non tería nada que contar, e agradézoo. Sigo facendo cousas que me encantan: compro discos, vou a concertos, viaxo moito, escribo, fago deporte... Todo iso está aí.

Ten algún perfil autobiográfico?

Nas miñas novelas todos son perfís autobiográficos, mesmo os máis escuros e inqedantes. Lamentablemente, pola miña vida pasou xente así, que ao final conseguín derrotar. Houbo persoas que me deixaron, que se marcharon, e aínda que nun principio doeu, ao final saquei algo bo. Creo que non sabería escribir sobre alguén que non pasou pola miña vida. As persoas márcanme ou non para contar algo delas. Pero é curioso: sempre se quedan nesas follas, de aí non saen. Realmente teño moita sorte de ser un escritor realista emocional e saber diferenciar o que quero que estea na miña vida e o que non. E cando digo isto refírome a perfís como Mariela, Sherezade ou a protagonista do meu relato Me fui.

Aínda que tardou en publicar, leva toda a súa vida dedicado ás historias. Como é isto?

Apareceu no momento no que tiña que aparecer. Sempre dixeran que son escritor porque fun vivir a Londres, e o aeroporto de Gatwick, onde traballaba, foi o punto de inflexión máis grande que padecín. Estaba no lugar

no que quería estar, onde sempre quixera, que era a capital británica. Foi o momento emocional máis grande da miña vida. Tiña que ser aí onde comezase todo, e así ocorreu. Aínda que comecei a escribir coa miña primeira crise de ansiedade, con 27 anos, foi anos máis tarde cando decidín facer da escritura unha parte importante da miña vida: sacar a fóra todas esas cousas que me fixeran dano e que moitas veces tiña escritas e gardadas nun caixón. Sentía que o proceso da escritura como terapia necesitaba mostrarse e, quen sabe, tal vez podía axudar a alguén. Tamén axudou que comecei a gañar varios certames literarios cos meus relatos, a ter moita repercusión en internet, e iso animoume a seguir escribindo e expresándome. Era unha catarsis emocional.

Xa hai na cabeza unha terceira historia?

Cando comecei, quixen que fosen tres libros con tres trastornos mentais e que as protagonistas fosen tres rapazas distintas en lugares diferentes, pero todas co nexo común da marcha de Mariela. Creo que a que falta será a mellor de todas en canto a emocións e, sen dúbida, a que máis me impacienta comezar agora que as dúas anteriores foron un gran éxito literario. Realmente téñoa moi pensada e iso anímame moito a comezala.

Como escritor, como se definiría?

Sempre quixen ser un escritor cunha gran influencia da Beat Generation, con historias reais, espidas e directas, contadas da mesma maneira que facía Jack Kerouac. Así que me defino como un escritor de historias intensas, e así quero que se me recorde sempre.



DEPUTACIÓN E CAMPUS DE LUGO

Aliados estratéxicos no desenvolvemento do futuro do Ensino na provincia de Lugo

“Apostamos por un Campus arraigado á terra, conectado coa realidade e innovador, que ofrezca oportunidades á mocidade e impulse o desenvolvemento sostible do rural”, subliñou Tomé Roca

A Deputación de Lugo reafirma o seu compromiso co ensino superior público e coa excelencia académica do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela (USC), consolidándose como un aliado estratéxico clave para o desenvolvemento económico, social e tecnolóxico da provincia. Grazas á achega anual de 370.500€, a institución provincial contribúe ao reforzo de centros de investigación, á innovación docente e á formación práctica do alumnado, mantendo o Campus á vangarda da investigación aplicada e das tecnoloxías emerxentes.

“Apostamos por un Campus arraigado á terra, conectado coa realidade e á vez punteiro e innovador. Un Campus que ofrezca oportunidades reais á mocidade e que contribúa ao desenvolvemento sostible do rural galego”, destacou o Presidente da Deputación, José Tomé Roca.

Compromiso coa investigación

A colaboración da Deputación contribúe de maneira directa á consolidación do Campus de Lugo como un polo de coñecemento e innovación, centrado na investigación aplicada e vinculada aos sectores estratéxicos da provincia.

Esta aposta materialízase en proxectos como a instalación da gaiola de drons, unha infraestructura pioneira que permite ao alumnado realizar prácticas de voo e control de sistemas aéreos non tripulados, con aplicacións directas en ámbitos tan relevantes como a agricultura de precisión, a xestión forestal ou a prevención de incendios. Ademais, a Granxa Experimental de Leite da finca Gayoso Castro ofrece formación práctica en contornas produtivas reais, combinando investigación, innovación e contacto coa realidade produtiva para mellorar a aprendizaxe e a empregabilidade do estudantado.

Crecemento e visión de futuro

A colaboración entre a Deputación e a USC non só impulsa proxectos de innovación, senón que tamén contribúe á planificación estratéxica de futuro do Campus. A institución provincial facilitou a cesión de terreos para a nova Facultade de Formación do Profesorado, unha actuación clave para ampliar espazos, mellorar infraestruturas e dar resposta á demanda crecente de estudantes. Esta visión compartida permite que Lugo conte cun campus moderno, competitivo e preparado para seguir medrando.



Un campus que xera oportunidades

A colaboración evidencia un modelo de cooperación institucional que funciona e que produce resultados visibles: estudantes con formación máis completa, investigación ao servizo do territorio e un campus que medra e se proxecta ao futuro. A Deputación de Lugo aposta así por unha universidade pública forte, útil e comprometida coa provincia, convertendo a educación superior nunha das mellores ferramentas para garantir un futuro sostible e competitivo para Lugo e o seu rural.



OPORTUNIDADES

A colaboración evidencia un modelo de cooperación institucional que funciona e que produce resultados visibles: estudantes con formación máis completa, investigación ao servizo do territorio e un campus que medra e se proxecta ao futuro. A Deputación de Lugo aposta así por unha universidade pública forte, útil e comprometida coa provincia, convertendo a educación superior nunha das mellores ferramentas para garantir un futuro sostible e competitivo para Lugo e o seu rural.





O alcalde reúnese con López Campos para falar de futuras colaboracións

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, mantivo unha xuntanza co alcalde do concello lucense de Castro de Rei, Francisco Balado, para explorar vías de colaboración nas materias do seu departamento. Deste xeito, o encontro do representante da Xunta co rexedor permitiu afondar máis polo miúdo e de primeira man nos proxectos e as necesidades actuais do municipio nas áreas da súa competencia. Nesta liña, abordaron cuestións vencelladas con propostas de dinamización e programación cultural, coa conservación e posta en valor do patrimonio, con accións para o impulso da lingua galega e tamén sobre aquelas actuacións dirixidas especificamente á mocidade deste municipio.

Un alumno do IES Terra Chá gaña un premio de Bacharelato

A Xunta vén de recoñecer un total de 40 estudantes, 21 mozas e 19 mozos, cos Premios Extraordinarios de Educación Secundaria Obligatoria ao rendemento académico e cos Extraordinarios de Bacharelato correspondentes ao pasado curso 2024/25 polo seu excelente resultado académico baseado no esforzo e no traballo realizado ao longo das correspondentes etapas educativas. Os premios na provincia corresponderon a Antonio Docando Freire, do IES Terra Chá, José Trapero Pardo de Castro de Rei; Lucía Domínguez Pereira, do IES Xoán Montes de Lugo, e Angela Alcántara Coto, do Dionisio Gamallo de Ribadeo.

Luz verde para urbanizar a zona norte de Castro Ribeiras de Lea

A Xunta de Galicia acaba de dar luz verde ambiental ao plan parcial do sector de solo urbanizable SUB/D-2, en Castro de Ribeiras de Lea, no Concello de Castro de Rei, onde se prevé un desenvolvemento residencial de vivendas unifamiliares e agrupadas. O informe ambiental estratéxico emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, que sae publicado hoxe no Diario Oficial de Galicia, establece que non son previsibles efectos adversos significativos derivados do proxecto sempre que se cumpra cos condicionantes incluídos no documento co fin de garantir o mellor servizo de abastecemento e saneamento así como favorecer unha axeitada integración paisaxística do proxecto. Neste sentido, o informe foi elaborado no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada desta iniciativa, un trámite no que a documentación presentada polo promotor foi sometida a consulta dos organismos públicos interesados e tanto o borrador como o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web da Consellería para que o público en xeral puidese consultalos e facer as observacións ou suxestións que considerase oportunas. Unha vez emitido o informe ambiental estratéxico, remítese ao promotor -León XIII de Lugo, SCG- e ao órgano substantivo -Concello de Castro de Rei- xunto cos informes recibidos na fase de consultas previas e faise público mediante publicación tanto no DOG como na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. O ámbito de actuación é un espazo de máis de 11,2 hectáreas de extensión situado no extremo noroeste da vila de Castro de Ribeiras de Lea, que está rodeado por espazos dotacionais de diversa natureza, como pistas deportivas, residencia de maiores e centros educativos, entre outras. A maiores, no bordo oeste limita cunha zona húmida formada por charcas rodeadas por unha masa de bosque húmido. O proxecto prevé un desenvolvemento residencial articulado en sete ámbitos de vivenda unifamiliar illada ou pareada na zona central, un ámbito de vivenda unifamiliar acaroada no oeste e catro ámbitos de vivenda agrupada no bordo leste. A altura máxima da edificación será de baixo e un piso para a vivenda unifamiliar e baixo e dous pisos para a agrupada.

FADEMUR

As xornadas Aliadas Sororas, organizadas por Fademur con motivo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, celebráronse no local da Asociación de Mulleres Rurais A Xuntanza, en Castro de Rei. O encontro reuniu representantes institucionais e profesionais da loita contra a violencia machista.

Prevesos celebrará o San Estevo o 26

A parroquia de Prevesos, no concello de Castro de Rei, celebrará o venres 26 de decembro a tradicional festa en honra a San Estevo, unha cita marcada no calendario local e que cada ano reúne numerosos veciños e visitantes. A xornada comezará cunha misa ás 13:00 horas, seguida da procesión e da habitual sesión vermú. Pola tarde e entrada a noite, a verbena estará amenizada polo Dúo Principal, formado por Dani Gigirey e Cristina Vázquez, que se encargarán de poñer música e animación á celebración baixo a carpa instalada para garantir o desenvolvemento da festa sen importar o tempo.

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

ESTE NADAL
REGÁLETE UN FOGAR
MÁIS CONFORTABLE

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

Comezan o aglomerado da vía que une Castro de Rei coa Pastoriza

A Deputación de Lugo vén de iniciar este xoves a pavimentación da estrada provincial LU-P-1106, que é a vía que conecta Castro de Rei e Campo do Oso, na Pastoriza, por Reigosa. Unhas obras que contan cun investimento de 450.000 euros da institución provincial para a rehabilitación dun tramo de preto de 10 quilómetros en diferentes puntos do seu trazado. Xa se acometeu a reapertura de cunetas e a canalización de formigón para a mellora da drenaxe ao inicio da estrada e quedará para o final a reposición da sinalización.

Os tramos nos que se está a traballar van desde o inicio da estrada, á altura da ponte sobre o río Azúmara, ata o punto quilométrico 7,682, na parroquia de Pacios (Castro de Rei); á altura da parroquia da Reigosa, xa no termo municipal da Pastoriza, en-



tre os puntos quilométricos 9,5 e 10; e dende a rotonda de conexión coa LU-P-4401, á altura da Ermida, entre os quilómetros 10,5 e 11,74.

Trátase dunha actuación que está a acometer a empresa Cholo S.L nunha vía moi relevante para a comarca porque conta con gran volume de tráfico e dá acceso directo a diferen-

tes servizos públicos.

A mellora desta vía enmárcase no Plan de mellora das estradas 2025, anunciado a finais do pasado ano polo Presidente, José Tomé Roca, cun investimento que supera os 15 millóns de euros para acondicionar 400 quilómetros de vías por toda a provincia.

Obradoiros e a viaxe a Xuvenilugo completan o Nadal

O Concello de Castro de Rei vén de anunciar a programación especial para o Nadal 2025, cun amplo abano de actividades gratuítas dirixidas a público infantil e familiar, tanto na capitalidade como en Castro Ribeiras de Lea. Todas as propostas, que inclúen obradoiros creativos e unha excursión, requiren inscrición previa. Os obradoiros serán nas dúas localidades, en Castro de Rei pola mañá en horario de 11:30 a 13:00 horas e en Castro Ribeiras de Lea pola tarde, de 17:00 e as 18:30 horas. O primeiro obradoiro será o de adornos, previsto para o 22 de decembro, seguido do día 26 coa elaboración dunha postal para rematar o 29 co de coroas de Nadal.

A programación completárase cunha excursión a Xuvenilugo o 2 de xaneiro. O horario inclúe a recollida en Castro de Rei ás 15:45 horas e en Castro Ribeiras de Lea ás 16:00. O regreso está previsto para as 21:00, primeiro en Castro Ribeiras de Lea.

Organizan o primeiro concurso de escaparates

O Concello convocou o seu primeiro Concurso de Escaparates de Nadal, unha iniciativa impulsada pola Concellería de Infraestruturas e Comercio coa que se busca fomentar o ambiente festivo e dar maior visibilidade ao tecido comercial do municipio. O certame está aberto a todos os establecementos de Castro de Rei e pretende que as rúas luzan unha decoración especial durante as festas.

Os comercios interesados en participar poderán inscribirse ata o 15 de decembro, enviando a folia de inscrición cuberta e unha fotografía do escaparate ao correo electrónico municipal. As imaxes recibidas serán difundidas a través das redes sociais do Concello, co obxectivo de promocionar a creatividade e o esforzo dos participantes.

O concurso establece tres premios, dotados con 500, 300 e 180 euros respectivamente. Os escaparates

deberán permanecer decorados entre o 12 de decembro e o 7 de xaneiro, contar cunha temática claramente navideña, estar iluminados, identificarse como participantes e ser accesibles para a súa avaliación.

ESPECTÁCULO. A Casa da Cultura de Castro Ribeiras do Lea acollerá o 20 de decembro, ás 22.00 horas, o espectáculo Xa que o sabes, voucho contar (e cantar), protagonizado polo actor e humorista Federico Pérez Rey. A iniciativa, organizada pola Asociación O Chaiño, busca ofrecer unha noite de humor e entretemento ao público da comarca. As entradas teñen un prezo de 10 euros e poden adquirirse en Bazar Terra Chá, Librería Amorín, a través da modalidade en liña e tamén na propia Casa da Cultura, onde se facilitará máis información a través das redes sociais da organización.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVÍDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA DE RACIONES

REVUELTOS DE BARRIL
FRESQUITA CEMIZA DE BARRIL
ALCO PICA

HAMBURGUESAS
FRESQUITAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS
RAXO PATATAS
TORTILLAS

SABOREAR
NUESTROS DELICIOSOS
COMPARTIR TAPAS

Calle da Pravia, Vilalba
Piso | 2 Dorm | 2 Baños | 81 m² | 190.000 €
En el centro de Vilalba (Lugo) se ofrece en venta piso a estrenar de dos habitaciones y sala, dos baños y cocina. Completamente reformado. En el precio se incluye el mobiliario.

Calle Alcalde Fraga Bello, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 1 Baños | 105 m² | 53.000 €
Acogedor piso en pleno centro de Vilalba con todas las comodidades a tu alcance, ideal para familias que buscan comodidad y funcionalidad. Dos trasteros en el bajo cubierta. Posibilidad de adquirir en el mismo edificio un garaje independiente para dos coches. Buen estado, listo para habitar.

Calle Alcalde Fraga Bello, Vilalba
Terreno Urbano (solar) | 140 m² | 70.000 €
8 metros de fachada, se puede hacer sótano, bajo y 3 plantas más ático. Salida para la calle Alcalde Fraga Bello y para la calle Nevado Bouza.

Plaza San Juan, Vilalba
Local | 140 m² | 5.000 €
Se vende bajocubierta en edificio sito en Travesía de San Juan en Vilalba, existiendo posibilidad de dividirlo en varios trasteros sin mucha dificultad.

Calle Nova, Vilalba
Edificio residencial | 408 m² | 59.000 €
Edificio en placa, bajo de 204 metros cuadrados y primera planta de la misma medida. La venta se realiza tal y como está para que la termine el comprador.

Avda. da Terra Cha, Vilalba
Terreno Urbano (solar) | 800 m² | 130.000 €
Se vende solar de 800 m², con 16 metros de fachada. La edificabilidad del mismo es bajo y cuatro plantas más ático. El solar también da a la calle que pasa por detrás, en concreto, la calle Mondoñedo.

Calle Rollo, Vilalba
Piso | 2 Dorm | 1 Baños | 63 m² | 65.000 €
Piso segundo sin ascensor, de dos dormitorios y sala, cocina, un baño y dos trasteros. El piso no dispone de calefacción y se vende con los muebles.

Mourence s/n, Vilalba
Terreno / Urbanizable | 4.093 m² | 21.000 €
A escasos kilómetros del casco urbano de Vilalba se vende finca de unos 4000 metros cuadrados, en la que hay una construcción de 98 metros, que puede acondicionarse como vivienda. Dentro de la finca también hay restos de un antiguo horno.

LU-541, Rabade
Casa rural | 2 Dorm | 2 Baños | 120 m² | 65.000 €
A unos tres minutos de Rabade (Lugo), en dirección a Vilalba (Lugo) se vende casa para reformar, que dispone de dos habitaciones y sala, cocina y un baño y un aseo.

Conde Paillores, Vilalba
Edificio residencial | 330 m² | 170.000 €
Se vende edificio compuesto por bajo y dos plantas. El bajo está destinado a garaje, en el que caben al menos cuatro vehículos. El primer piso está dividido en 4 habitaciones y sala, baño y aseo, cocina y amplia terraza cubierta. Este piso está amueblado. El piso segundo está dividido en 4 habitaciones y sala, baño y aseo y cocina. Este piso presenta un estado de conservación, que precisa alguna reforma. Las viviendas tienen calefacción de gasoil y en el precio se incluye el terreno que hay a la espalda del edificio y el bajo cubierta, que tiene altura suficiente como para hacer una vivienda.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

César Álvarez Fernández será o pregoeiro da XLII edición da Moexmu 2026

A organización da Moexmu anuncia que César Álvarez Fernández, presidente da Fundación de Muestras de Vegadeo e alcalde deste concello asturiano, será o pregoeiro da XLII Mostra Exposición de Muimenta, que se celebrará na segunda fin de semana de abril de 2026. A elección supón unha homenaxe aos referentes históricos da feira, Silleda e Vegadeo, que inspiraron aos veciños e veciñas que puxeron en marcha as primeiras edicións na década dos oitenta.

César Álvarez Fernández, nado no barrio da Abrira (Vegadeo) en 1975, é mestre de Educación Física, emprendedor e dinamizador sociocultural. Defínese como autónomo e firme defensor do territorio no que vive, ao que considera “un sitio extraordinario”, malia estar “no extremo do extremo”. Cre no potencial dos pobos, no papel fundamental das asociacións e na capacidade solidaria e creativa da súa xente. É alcalde de Vegadeo desde 2015.

A Feira de Mostras de Vegadeo, fundada en 1964, é a segunda máis veterana do Principado nas súas características e a máis consolidada do occidente asturiano. Este mes de xuño celebrou a súa 60ª edición, consolidándose como un espazo de referencia para a maquinaria agrícola e forestal, a gandería, a industria e a automoción, á vez que evoluciona cara un ámbito multisectorial onde tamén teñen cabida a artesanía, a agroalimentación, os servizos e as actividades culturais e de ocio. Na última edición participaron máis de 150 expositores de Asturias e Galicia, reforzando a dinamización económica e social da comarca e contribuíndo á súa proxección turística e territorial.

A Moexmu 2026 celebrarase do 10 ao 12 de abril e incluírá a XLII edición da Mostra Exposición de Muimenta, a XXXIV edición do Concurso Auto-



nómico de Gando Frisón, a XL edición do Concurso de Gando Frisón, a XL edición da Exposición de Gando de Raza Rubia Galega e a XXX edición da Poxa de Gando Selecto.

O PROGRAMA. A Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu) xa ten folia de ruta para a súa edición de 2025. A poxa de gando frisón desenvolverase o domingo 12 de abril en horario de mañá, mentres que o sábado 11 de abril quedará reservado integramente para o Concurso de Gando, que recupera a categoría Autonómica por segunda vez na historia do evento, tal e como xa acontecera en 2022.

A decisión adoptouse nunha reunión de traballo celebrada en Muimenta entre a comisión organizadora e as ganderías inscritas no concurso, na que se revisaron cuestións técnicas do certame e a planificación das dúas xornadas.

Ao encontro asistiron representantes de Africor Lugo, do Concello de Cospeito e de Xenética Fontao, así como a conselleira do Medio Rural, María José Gómez. Pola súa parte, a Deputación de Lugo e Acruga comunicaron a súa ausencia por motivos de axenda e de saúde, respectivamente.

Co novo calendario, a Moexmu procura dar maior protagonismo ao concurso do sábado e concentrar a poxa no domingo para facilitar a participación de compradores e público.

A CHMS constrúe unha nova estación SAIH no río Támoga

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) finalizou a instalación dunha nova estación do Sistema Automático de Información Hidrolóxica (SAIH) no río Támoga, ao seu paso por Toiral.

Os traballos executados permitiron a posta en funcionamento deste novo punto de control hidrolóxico, que incorpora obra civil específica, un sensor radar para a monitorización continua do nivel da auga no leito, así como equipos para rexistrar a pluviosidade e a temperatura ambiente. A estación inclúe ademais un sistema de adquisición e tratamento de datos que envía a información rexistrada cada cinco minutos ao Centro de Control de Conca (CECU), situado en Ourense.



Cun investimento aproximado de 47.000 euros, esta actuación reforza a capacidade de observación en tempo real na demarcación hidrográfica do Miño-Sil. A incorporación de novas tecnoloxías de medida e

transmisión permitirá obter un coñecemento máis preciso do comportamento hidrometeorolóxico do territorio, optimizando a xestión do recurso hídrico e a planificación fronte a episodios adversos.

A Deputación insta á Xunta a exercer o dereito de retracto sobre a Torre

A deputada de Cultura Iria Castro informou dos termos en que a Deputación de Lugo propón á Xunta que exerza o dereito de retracto sobre a parcela na que se sitúa a Torre de Caldaloba, adquirida en 2022 pola entidade provincial.

A Deputación solicitará a Xunta de Galicia que se comprometa a garantir e facer efectiva a protección, conservación, restauración e consolidación da Torre de Caldaloba, preservando o seu valor histórico e arqueolóxico e que abone á Deputación de Lugo o prezo de adquisición do ben (106.000 euros) e os gastos derivados da taxación e medición e das xestións de rexistro e notaría.

A responsable provincial explicou que “a compra dos terreos por

parte da Deputación tiña como obxectivo a incorporación da Torre ao patrimonio público para levar a cabo un proxecto de consolidación e posta en valor acorde co seu valor histórico e simbólico. E iso é o que pedimos á Xunta de Galicia neste proceso de negociación que agardamos se poida resolver de forma inmediata para que a Xunta e o Concello de Cospeito actúen xa sobre o ben e seu entorno”.

A proposta, que os servizos xurídicos da Deputación trasladarán á Xunta, fórmase no contexto do proceso de negociación decretado polo Xulgado logo da demanda presentada polo goberno galego en relación coa compra do ben, o pasado mes de abril.

O Centro de Día convoca un novo concurso de postais

O Centro de Día de Cospeito organiza a segunda edición do Concurso de Postais de Nadal, dirixido a todas aquelas persoas que queiran expresar a súa creatividade nesta época festiva.

Cada participante poderá presentar unha única postal, escollendo entre dúas modalidades para enviala, a entrega presencial, achegándoa directamente ao Centro de Día de Cospeito, situado na Rúa Curros Enríquez S/N, Feira do Monte, ou electrónico, enviando unha fotografía da portada da postal ao correo electrónico cospeito.consortio@igualdade-bienestar.org.

A data límite para a entrega será o 26 de decembro de 2025. O día 2 de xaneiro, as persoas usuarias do Centro de Día realizarán unha votación para escoller a postal gañadora, que estarán expostas no centro do 29 ao 31. O 3 de xaneiro darase a coñecer a persoa vencedora.



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115
Rúa da Pravia, 25-27 / Tfno.: 982 510 055
Fax: 982 511 503
VILALBA - LUGO
fpuentes@infonegocio.com



Integrada en:



Grupo Alcongal



A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



A Deputación completa o proxecto de desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena

O ente provincial invertiu en total 2,4 millóns de euros neste importante acceso de Lugo

Este novo tramo contará como os anteriores, cunha plataforma cun ancho de 32,5 metros, con dous ou tres carrís de circulación por cada sentido, carrís bici, beirarrúas, mobiliario urbano como bancos e papeleiras, e tamén arboredo. Ademais sinalou que os traballos inclúen a renovación do abastecemento, saneamento e alumado para dotar de servizos a un futuro crecemento da cidade.

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou que coa finalización desta obra "completamos un acceso espectacular, o mellor que terá Lugo e onde fai máis falta pola afluencia de tráfico que ten".

Pola súa banda o rexedor municipal, Miguel Fernández Méndez explicou que "é visible o cambio que vai experimentar este acceso á cidade, nunha zona con gran peso comercial e industrial, pola súa proximidade ao centro comercial e aos polígonos industriais, que contará ademais con arborado, iluminación, novo mobiliario urbano e que se adaptará á perfección co desenvolvemento de futuros solos e con ese modelo de cidade aberta e sostible, que todas e todos queremos para Lugo".

O alcalde agradeceu tamén "o compromiso da Deputación de Lugo e tamén o importante esforzo económico realizado, con eses 2,4M€ de inversión que implicará a ampliación desta entrada a Lugo, e que nos permite ademais avanzar nos proxectos de mellora doutros accesos a Lugo como a Avenida Adolfo Suárez".

O proxecto desde a glorieta de Garaballa á de Benigno Rivera

O proxecto, que conta cun investimento de 1,3M€, contempla o desdoblamento e a humanización da Avenida Infanta Elena no treito comprendido entre a glorieta Garaballa de Arriba e á de Benigno Rivera.

Este tramo, cunha lonxitude total de 456 metros, contará con dúas marxes de calzada dun ancho de 10,25 metros cada unha, distribuídas en tres carrís de circulación por sentido. Ademais, a marxe dereita dotarase dun carril bici cun ancho de 3 metros, e no caso das beirarrúas terán 4,05 metros de ancho a ambos lados, con árbores, iluminación, bancos e papeleiras.

Estes traballos tamén inclúen a renovación e dotación dos servizos de abastecemento, saneamento e alumado público, tendo en conta a situación actual e as demandas futuras que poida ter a contorna, como pode ser o desenvolvemento de solos urbanos ou urbanizables.



Obra realizada por:



ESPECIALIZADOS EN:
 AUGAS ESTRADAS TECNOLOXÍA DO PAVIMENTO
 CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
En Galicia desde 1969

A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO



Parga mobilízase contra os recortes tras un novo peche do consultorio

Decenas de persoas participaron esta mañá na concentración convocada polo Concello de Guitiriz diante do Consultorio de Parga para protestar pola decisión do Sergas de manter estas instalacións sen servizo médico durante todo o mes de decembro, así como pola redución no número de facultativos destinados ao municipio. O equipo de goberno municipal, encabezado pola alcaldesa Marisol Morandeira, xunto co resto de forzas políticas da corporación, participou nesta mobilización, que se celebrou ás 11:30 horas e reuniu a veciños e veciñas de todo Guitiriz. A participación cidadá evidenciou o amplo rexeitamento social ás medidas adoptadas tras a recente resolución do concurso de traslados de Atención Primaria. Como consecuencia deste proceso, e sen comunicación previa ao Concello, Guitiriz contará unicamente con dous médicos titulares, que ademais prestarán servizo exclusivamente no centro de saúde de Guitiriz durante o mes de decem-

bro. Isto deixará ao Consultorio de Parga sen atención médica e cun servizo limitado só a enfermaría durante todo o mes. Desde o Goberno local cualifican esta situación como “inadmisíbel”, lembrando que o municipio supera os 5.000 habitantes e precisa dunha cobertura sanitaria axeitada. A ausencia temporal de médico en Parga supón unha redución notable da atención básica e obriga ás persoas usuarias a desprazarse ata Guitiriz, unha dificultade engadida para unha poboación que precisa unha atención próxima, digna e de calidade. O Concello reclama ao Sergas que rectifique de inmediato e restitúa o servizo médico en Parga, garantindo os dereitos asistenciais de toda a veciñanza. A alcaldesa agradeceu a ampla resposta cidadá, destacando que “demostra que este servizo é esencial”. A rexedora engadiu que “estamos ante un recorte que afecta directamente ao benestar da nosa xente, polo que esiximos unha solución inmediata”.

O Concello levou a cabo varias obras de mellora nas parroquias

O Concello de Guitiriz vén de rematar diversas actuacións de mellora viaria na parroquia de Santa Leocadia. En concreto, levouse a cabo a renovación de dous quilómetros da estrada que comunica os núcleos de Carballedo, Aldar e Cabana, aplicando un novo aglomerado que permite optimizar o tránsito e garantir un acceso máis seguro para a veciñanza. Estas intervencións están incluídas no Plan Camiña Rural 2025-2026 e contaron cun investimento total de 108.887,02 euros, destinado a mellorar o estado de vías que, polo paso do tempo, presentaban un notable deterioro.



BETOTE. O Concello continúa ampliando a rede municipal de auga nos núcleos próximos ao casco urbano, co obxectivo de mellorar un servizo esencial para a veciñanza e garantir unha subministración máis eficiente e segura. No marco do Fondo de Compensación Ambiental 2025, vén de completarse a ampliación da traída de auga en Belote e Perexil, cun investimento de 26.800 euros. A actuación reforza a capacidade da rede, mellora a presión e a continuidade do servizo, e permite atender novas demandas en ámbitos con crecemento residencial. Esta intervención dá continuidade aos traballos executados co Fondo de 2024, cando se acometeu unha ampliación similar no barrio de Ansede, cun orzamento de 24.139,50 euros. Conxuntamente, ambas actuacións contribúen a modernizar a infraestrutura municipal, reducir perdas e incrementar a calidade da

subministración nos núcleos máis próximos ao casco urbano. O Concello salienta que estas melloras forman parte dunha estratexia estable para reforzar os servizos básicos, responder ás necesidades da poboación e avanzar cara a un modelo de xestión máis eficiente e sostible da auga. **CAMPO DA FEIRA.** Comezaron tamén os traballos para habilitar unha nova zona verde de ocio dirixida aos máis pequenos no Campo da Feira, unha actuación que conta cun orzamento de 39.730 euros. Para a execución do proxecto foi necesario cortar dous cipreses e un piñeiro, ademais de retirar varios arbustos. O obxectivo é substituír o pavimento actual por un espazo verde acondicionado, pensado especificamente para o xogo e o disfrute da infancia. Esta intervención enmárcase dentro dun convenio de colaboración coa Deputación de Lugo e corresponde á primeira fase dun proxecto máis

amplo co que o Concello pretende ampliar e mellorar o espazo de lecer infantil do Campo da Feira. Nunha segunda fase, o goberno local prevé acometer a ampliación da área dedicada ao parque infantil, completando así a transformación e posta en valor desta contorna destinada ao ocio familiar. **DEPUTACIÓN.** A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación do proxecto e das obras para instalar o alumeadado e ampliar a zona de aparcamento da estrada LU-P-2304, que conecta o núcleo urbano co área recreativa de Sete Muíños. O investimento ascende a 95.396,34 euros e o prazo de execución previsto é de tres meses. As actuacións consistirán na reparación da explanada destinada ao aparcamento, a execución do sistema de drenaxe, o estendido do novo firme e o pintado das marcas viais. Por outra, levarase a cabo a canalización, cimentación e colocación das luminarias.



CONCELLO DE CASTRO DE REI

O concello de Castro de Rei desexalles un Bo Nadal e un próspero 2026!



O Pleno aproba un orzamento de 5,8 millóns de euros para 2026

Guitiriz aprobou en pleno o orzamento municipal para o ano 2026, que ascende a 5.836.865,11 euros, o que supón un incremento de 325.423,51 euros respecto ao exercicio anterior. Trátase dun documento equilibrado entre gastos e ingresos que reforza, unha vez máis, o compromiso do goberno municipal cos servizos públicos e coa atención de calidade á veciñanza. A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, sinalou que “con este orzamento seguimos consolidando un modelo de municipio no que os servizos públicos son a prioridade. Aprobamos unhas contas que garantan estabilidade e que permiten seguir ofrecendo á veciñanza unha

atención próxima e de calidade”. A investimentos destinaranse, nun inicio, un total de 273.887 euros, que servirán para financiar os proxectos de: mantemento e mellora de acceso a Carballedo, Aldar e Cabana; a achega municipal ao programa Camiña Rural 2026-2027; a achega municipal para o Plan Cooperación da Deputación de Lugo; e a obra de renovación do colector paralelo á vía do ferrocarril. O capítulo de gastos correntes acadou os 5.681.072,37 euros, é dicir, o 97,33% do total. Neste apartado destaca o peso dos gastos de persoal municipal, consecuencia da decisión de manter a prestación directa de numerosos servizos:

sociais, limpeza e mantemento de espazos públicos, potabilizadoras, depuradoras e outros. Tamén se incrementa a partida destinada a subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro, axudas de emerxencia social, bolsas de formación, material escolar, transporte e outras axudas educativas, cun total de 81.800 euros. Os gastos en bens correntes e servizos aumentan en 359.083,31 euros respecto a 2025, debido ao encarecemento de subministrados como gasóleo ou electricidade, así como ao incremento das tarifas nalgúns servizos prestados por empresas externas.

O Nadal, dará comenzo o día 15

As actividades de Nadal desenvolveranse entre o 15 de decembro e o 5 de xaneiro. A programación arrincará o 15 de decembro na Aula CeMIT co obradoiro *Crea en 3D: edición navideña*, que continuará ata o día 17 en horario de 10:30 a 12:30 horas. O 18, o mesmo espazo acollerá o obradoiro *Ciberseguridade: Nadal ciberseguro*. O 19, pola tarde, a Escola Habanera proxectará unha selección de curtametraxes polo día máis curto do ano, coas proxeccións de *El principito Óscar*, *Gilbert* e *Las piedras de Luna*. Ese mesmo día realizarase o acendido das luces de Nadal. Un dos grandes eventos deste ano será a Feira de Nadal de Parga, programada os días 20 e 21 de decembro en horario de 16:00 a 21:00 horas. Está organizada pola AMPA e o CEIP Santo Estevo de Parga. Xa o día 22 de decembro terá lugar

o II Torneo de Videoxogos Concello de Guitiriz na Escola Habanera de 10:30 a 12:30 horas. E pola tarde, de 16:30 a 18:00 horas, a Aula CeMIT ofrecerá o obradoiro *Robótica en acción con Micro:bit*. Ao día seguinte haberá teatro, na Escola Habanera. Continuarán a programación o 26 cun concerto das escolas ás 20.00 horas. Tamén ao día seguinte segue a programación con máis teatro, a cargo do grupo Torta de Millo, que presentará *Jefe*. A partir do 29, as actividades trasladaranse ao Pavillón municipal. Ese día haberá Dance Mats Interactive, inchables e obradoiros entre as 17:00 e as 20:00 horas. Ese mesmo día a Nave do Senpa II acollerá o torneo de Tenis de Mesa a partir das 10:00. O 30 chegará un circuíto de coches de radio control, xunto con inchables e novos obradoiros, en hora-

rio de mañá e tarde. E o 31, para despedir o ano, ofreceranse toro mecánico, táboa de surf, inchables e máis obradoiros entre as 11:00 e as 14:00 horas ademais da San Silvestre. Xa en 2026, o 2 de xaneiro, o público poderá desfrutar de Rokomonte, inchables e obradoiros pola mañá e pola tarde. O 3 de xaneiro, os máis pequenos contarán con xogos de feira, un posto de flocos de millo, inchables e obradoiros, tamén en horario de mañá e tarde. A programación especial pecharase o 5 de xaneiro coa tradicional Cabalgata dos Reis Magos. A comitiva percorrerá Parga ás 15:30 horas e Guitiriz ás 17:00 horas, e incluírá a recepción oficial aos Reis Magos de Oriente no Concello e a posterior recepción á cativada no pavillón, onde haberá música e unha chocolatada.

EN BREVE



LABRADA. O tradicional Belén reivindicativo de Labrada xa está aberto e volveu converterse nun espazo de reflexión. Entre esas reflexións incluídas, salientase a importancia de recoñecer e valorar a quen construíu os cimentos da sociedade, lembrando que é necesario actuar agora para avanzar cara a un futuro máis xusto.



AULA CEMIT. A Axente TIC responsable da Aula CeMIT do Concello de Guitiriz, Ana María Pérez, foi recoñecida na segunda edición dos Premios Axentes TIC da Rede CeMIT, nun acto celebrado en Santiago de Compostela. Recibiu dous galardóns: o primeiro premio na categoría Espazo Maker pola proposta Promoción da Torta de millo, e o segundo premio na categoría “Maiores dixitais” polo proxecto Tecnoloxía para recordar.



CLASES DE ESPAÑOL. O Concello de Guitiriz, a través do Departamento de Servizos Sociais, vén de poñer en marcha un novo servizo gratuito de clases de español dirixidas a persoas migrantes, unha iniciativa creada logo de detectar a necesidade de acompañamento e apoio lingüístico para facilitar a integración deste colectivo no municipio.

PROGRAMACIÓN

DOMINGO 7 (FEIRA):
20:00H.
"BLUE ISLAND. UN LUGAR AXEITADO PARA CRIMINAIS" (TEATRO).
CASA DA CULTURA.

DOMINGO 14:
19:00H.
"NAVIZA GIRL" (HUMOR).
CON ISABEL RISCO
CASA DA CULTURA.

SÁBADO 20:
21:00H.
CONCERTO DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA DE MEIRA.
CASA DA CULTURA.

DOMINGO 21 (FEIRA):
DE 10:00 A 14:00H.
NAUTILLO BENEFICIO. DURANTE A FEIRA. PORTA DA HABANERA.
A RECREACIÓN DESTINADA A AVALAR OSECTORES DE PAULANOS DE ENTORNOS DO ALZAMORA.

DOMINGO 21:
18:00H.
GALA BENÉFICA DA AMPA DO IES. CASA DA CULTURA. ENTRADA 3€. MENORES DE 12 ANOS GRATIS. AFORO LIMITADO. A RECREACIÓN DURANTE A FEIRA.

LUNS 22:
20:00H.
"A APALPAGORA" (CONTACONTOS INFANTIL).
CABANÓN DO CONVENTO.

VENRES 26:
21:00H.
A PENÚLTIMA. CON CARLOS BLANCO (HUMOR).
CASA DA CULTURA.

DOMINGO 28:
20:30H.
CONCERTO DE NADAL DA BANDA DE MÚSICA DE MEIRA.
CASA DA CULTURA.

LUNS 5 XANEIRO:
17:00H.
CABALGATA DE REIS. DENSE A PRAZA DO CONCELLO ATA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES.

DO LUNS 5 AO DOMINGO 11:
VARIOS HORARIOS.
PISTA DE XEO. PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES. MENORES ACOMPAÑADOS DUN ADULTO. AFORO LIMITADO.

ORGANIZAN: **MEIRA** E ASOCIACIÓN MEIREGAS E DESÉXANVOS **¡BO NADAL!**

Presentan o proxecto para arranxar as vías municipais na zona de Pousada

O Concello de A Pastoriza presentou en Pousada o proxecto de arranxo de vías municipais cun prazo estimado de execución de seis meses. A actuación forma parte dun contrato por lotes para mellorar camiños en zonas de concentración parcelaria do termo municipal. No prego figuran tres lotes, entre eles o que afecta a Pousada, Bretoña e A Pastoriza, cun orzamento base sen IVA de 37.013,22 euros; o valor estimado total do contrato ascende a 199.999,75 euros e o orzamento base de licitación é de 241.999,70 euros (IVA incluído). Segundo a documentación da licitación, a intervención finánciase ao 83 por cento con achegas da Xunta de Galicia, o Ministerio de Agricultura e o FEADER, e o 17 por cento restante con fondos municipais. O contrato tramitouse por procedemento aberto simplificado e inclúe traballos de reparación de firmes e pavimentación, acondicionamento de cunetas e melloras puntuais de seguridade. O plan presentado dá continuidade á estratexia municipal de mantemento da rede viaria. Nos últimos meses o Concello reforzou arranxos de camiños e limpeza de cunetas en distintos puntos do municipio, e xa avanzara que Pousada figuraba entre as parroquias con actuacións previstas dentro dos proxectos de mellora de accesos. O goberno local trasladou que a planificación da obra se coordinará coa veciñanza para minimizar as afeccións de tráfico durante os traballos e que o calendario e os treitos a intervir se comunicarán con antelación en cada parroquia.

O BNG denuncia falta de orzamentos da Xunta para o Centro de Día

O BNG acusou hoxe á Xunta de utilizar o anunciado Centro de Día da Pastoriza como “pura propaganda electoral”, logo de comprobar que o proxecto non figura nos Orzamentos autonómicos para 2026. Segundo informou a formación nacionalista, as contas da Xunta só inclúen unha partida de 18.000 euros destinada a un estudo previo, mais non recollen investimento ningún para o inicio das obras. Desde o BNG consideran que esta ausencia evidencia “a falta de vontade real” por parte do Goberno galego para executar o equipamento, ao que cualifican dun anuncio “totalmente baleiro”. “Para a foto hai recursos; para a obra real, ningún”, sosteñen. Co obxectivo de garantir que o

proxecto poida comezar ao longo de 2026, o grupo parlamentario nacionalista presentou unha emenda aos Orzamentos por valor de 1 millón de euros. O Bloque reclama así que a Xunta asuma un compromiso efectivo coa construción do Centro de Día e deixe de lado a “propaganda en época electoral”. Por outra parte, o O BNG lamentou que a nova área de autocaravanas, cuxas obras se iniciaron en agosto, perda a oportunidade de converterse nun espazo coidado, planificado con sentido e pensado para o disfrute nun entorno natural. A formación sostén que o que se anunciou como un lugar idílico para o estacionamento de autocaravanas acabará sendo “un aparcadoiro ao servizo do circuíto de karting.”.

Varios obradoiros abren o programa de Nadal

A Pastoriza deu a coñecer a programación especial de Nadal, un calendario cheo de actividades culturais, lúdicas e festivas dirixidas a público de todas as idades e repartidas entre diferentes parroquias do municipio. A programación estenderase ata o 5 de xaneiro, combinando talleres, espectáculos, visitas especiais e celebracións tradicionais. Os actos comezaron o 1 de decembro co tradicional acendido das luces de Nadal, que marcou o inicio oficial das festas no concello. A partir do día 12 inicianse os distintos talleres de manualidades, que se desenvolverán ao longo de varias xornadas en diferentes locais sociais: o día 12 en Pousada, o 16 en San Martiño de Corvelle, o 17 no Teleclub de Bretoña, o 18 no Teleclub de Rigueira e o 19 na escola de San Cosme de Piñeiro. Todos eles terán lugar en horario de tarde, entre as 16:00 e as 19:00 horas. O día 22 celebrarase a saída xuvenil Xuvenilugo, cunha viaxe programada que partirá ás 15:00 horas e regresará ás 20:00 horas. O 23 de decembro será un dos días máis destacados coa visita de Papá Noel, que será recibido ás 16:00 horas na praza do Concello antes de desprazarse ata a antiga ladrilleira acompañado da agrupación Tambukada. Haberá actuación de DJ, merenda e agasallos para a cativada, así como un mercadillo de Nadal organizado pola ANPA do CEIP O Salvador. O Concello continuará coa súa programación o 26 de decembro, cando o mago David Méndez ofrecerá un espectáculo infantil ás 16:30 horas no salón de actos do Concello. O día 27 de decembro celebrarase a festa de Pre Fin de Ano, organizada por

ASAPA e pola Asociación Cultural Miño Vivo. Xa en xaneiro, o día 2 terá lugar no pavillón de Bretoña o espectáculo *A fuego lento*, previsto para as 16:30 horas. A programación culminará o 5 de xaneiro coa tradicional Cabalgata de Reis, que inclúe unha visita das súas Maxestades á residencia Fundación San Rosendo ás 11:30 horas. Pola tarde, ás 16:00 horas, os Reis Magos saudarán á veciñanza desde o balcón do Concello e continuarán o percorrido ata o local social da antiga ladrilleira. Alí celebrarase unha festa con actuacións do grupo de música e baile tradicional da Pastoriza, reparto de agasallos para nenos e nenas, roscón de Reis e chocolate para todos os asistentes, ademais dun baile amenizado polo DJ Eventec. Con esta programación, A Pastoriza aposta por un Nadal participativo e diverso, pensado para dinamizar as parroquias e ofrecer espazos de encontro para toda a veciñanza. O Concello lembra que o buzón especial dos Reis Magos e Papá Noel está situado na Casa Consistorial e os nenos poderán acudir ao mesmo para depositar as súas cartas. O Concello puxo en marcha un Campamento de Nadal dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 14 anos, que se celebrará os días 22, 23, 24, 26, 29, 30 e 31 de decembro. As actividades desenvolveranse en horario de mañá, de 9:30 a 13:30 horas, e incluírán propostas lúdicas e educativas pensadas para favorecer a conciliación familiar durante o período vacacional. Tamén foi convocado o tradicional concurso de Poesía e tarxetas de Nadal con data límite de entrega o 19 de decembro.

NINGÚN ARO SIN REDE



Ningún Aro Sen Rede, un proxecto que xorde da alianza entre a UNED de Lugo, a Fundación Breogán e a empresa Ecoballution continuou coa cuarta edición do proxecto achegándose ao CEIP de Bretoña. Luis Abel e Alejandro Rodríguez expuxeron o obxectivo do proxecto, explicando tanto o proceso de elaboración das redes e subliñando a relevancia de promover a reciclaxe.



CONCELLO DE COSPEITO



Concello de Cospeito

Moi felices Festas do Nadal, e que a ilusión e esperanza que traen estas datas, iluminen o noso camiño e nos den a todos moito ánimo e fortaleza para o Ano Novo 2026.

Gracias a cantos fan posible un Cospeito Mellor... Unha forte aperta!

O Alcalde e Corporación
Armando Castosa Alvarinho

O Concello ultima os detalles para reabrir o supermercado en próximas datas

O Concello de Pol anunciará nos próximos días a apertura do único supermercado do municipio, reaberto nun longo proceso administrativo tras o peche provocado pola xubilación dos anteriores propietarios. O establecemento funcionará baixo a marca Spar Express, en réxime de franquía, e ofrecerá horario de atención de luns a sábado de 9:30 a 14:00 horas e de 17:00 a 20:00 horas. Nos estantes xa se colocaron numerosos produtos non perecedeiros, mentres que os alimentos frescos incorporaranse poucas horas antes da apertura.

A posta en marcha deste servizo esencial foi posible grazas ao convenio aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, que destina 200.000 euros á Fundación Terras de Pol para impulsar proxectos no municipio, entre eles a recuperación do supermercado de Mosteiro. Segundo explicou a deputada García Porto, o peche do antigo establecemento deixou á veciñanza sen un recurso básico, e esta achega permitiu garantir de



novo o acceso á compra diaria sen necesidade de desprazarse a outros concellos.

A Fundación Terras de Pol, promovida polo Concello e recentemente declarada de interese galego pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, nace co obxectivo de desenvolver iniciativas de dinamiza-

ción local. O alcalde, Lino Rodríguez, destacou que a entidade permitirá avanzar non só na reapertura do supermercado, senón tamén noutros proxectos como a recuperación da antiga fábrica de embutidos Monciro ou a potenciación da área deportiva municipal.

O inmoble do supermercado foi adquirido polo Concello por

150.000 euros, dos cales 105.000 foron achegados a través dun convenio coa Deputación. O goberno local tamén valora habilitar vivendas sociais no piso superior. No caso da fábrica Monciro, avanzouse que a recuperación será máis lenta, ao precisar actuacións de restauración e adaptación á normativa vixente.

A través do convenio coa Deputación, tamén se financiou o equipamento necesario para a posta en marcha do establecemento, como cámaras frigoríficas, conxeladores, estantes, mesas de traballo, sistemas de cobro, elementos de seguridade e portas automatizadas. Ademais, a achega cubrirá durante un ano os custos salariais e de seguridade social das tres persoas que conformarán o cadro de persoal. Para Lino Rodríguez Ónega, a apertura do supermercado supón garantir un servizo "fundamental" para o rural, sen ter que desprazarse a outros concellos. Ademais, permite recuperar servizos e loitar polo asentamento de poboación.

EN BREVE

BATIDA FEMININA. O Tecor Amigos da Natureza do Concello de Pol, coa colaboración da Federación Galega de Caza de Lugo, organiza o vindeiro 17 de xaneiro a IV Batida Feminina, unha cita que reúne cazadoras de diferentes puntos da provincia nunha xornada de convivencia e actividade cinexética. O evento, que continúa a medrar en participación ano tras ano, busca visibilizar o papel da muller no ámbito da caza e reforzar a presenza feminina nun sector tradicionalmente masculinizado.

OBRADOIRO DE NADAL. A Biblioteca de Mosteiro acollerá esta fin de semana, 13 e 14 de decembro, un obradoiro de elaboración de adornos de Nadal, unha proposta organizada pola Deputación de Lugo en colaboración co Concello de Pol e integrada no programa da Reserva da Biosfera Terras do Miño. A actividade desenvolverase en horario de tarde, de 16.00 a 20.00 horas, e está pensada para que as persoas participantes poidan aprender técnicas creativas e artesanais coas que decorar os seus fogares durante as festas. As inscricións poden realizarse chamando ao teléfono 982 345 029 ou nas oficinas municipais.

RAZA GALIÑA DE MOS, A AUTÉNTICA!!!



A DEPUTACIÓN DE LUGO COA CULTURA



A Vicepresidencia apoia o dinamismo do tecido asociativo da comarca da Terra Chá

A Área de Cultura concedeu máis de 125 axudas para a organización de actividades e investimentos nos locais

O pasado mes de novembro publicáronse as resolucións das convocatorias de axudas para a asociacións culturais que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo convoca anualmente para contribuír á dinamización do tecido asociativo de base. Máis de 125 subvencións chegarán a colectivos culturais, veciñais ou educativos da comarca da Mariña, cun importe conxunto de preto de 120.000 euros. Trátase, na maioría dos casos, de colectivos de ámbito local sostidos pola participación e a implicación da veciñanza, que configuran unha rede de creación e programación cultural fundamental na dinamización das parroquias e dos concellos. Certames literarios e artísticos, obradoiros musicais ou de xogos tradicionais, actividades culturais en celebracións populares como magostos e xuntanzas interxeracionais, a edición de libros ou a organización de viaxes de interese cultural son algunhas das actividades subvencionadas pola

área provincial a través desta convocatoria, dirixida a asociacións de toda a provincia que teñen a actividade cultural entre as súas finalidades. A deputada de Cultura Iria Castro destaca o apoio ao tecido asociativo como unha das apostas transversais das distintas áreas da Vicepresidencia da Deputación. “A fortaleza do tecido asociativo de base é fundamental para articular a vida en comunidade e a participación cultural e social, especialmente nas parroquias e nos concellos rurais, por iso apostamos por liñas de apoio estables, continuadas e abertas á iniciativa dos colectivos, que, como se pode ver cada ano nas resolucións, se implican en actividades culturais moi diversas”. O pagamento das subvencións realízase a medida que as entidades presentan a xustificación dos gastos realizados, nos formularios dispoñibles en cultura.deputacionlugo.gal. O prazo para achegar a documentación requirida estará aberto ata o 31 de marzo.



Tasca do Liño organizada pola Asociación de Mulleres de San Bartolomeu de Insua, en Vilalba

O prazo para achegar a documentación requirida para estas axudas estará aberto ata o 31 de marzo

Un piar da acción da área de Cultura

Esta convocatoria anual – que en 2025 contou cun investimento conxunto de 500.000 euros – é un dos eixos da colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo co tecido cultural de base. As axudas, en réxime de concorrencia competitiva, teñen como obxectivo promover a organización de eventos e actividades culturais en todo o territorio da provincia, fomentar a participación e a implicación da veciñanza nas actividades e na conservación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial. En suma, concedéronse máis de 500 axudas para a organización de actividades e para equipamentos, distribuídas por toda a provincia. Na resolución das convocatorias, aplícanse criterios relacionados co interese da actividade desde o punto de vista cultural, patrimonial e etnográfico ou a súa consolidación no tempo, e primase as entidades de concello de ata 2.000 habitantes. A deputada de Cultura Iria Castro explica que “a resposta á convocatoria, que medra cada ano en solicitudes, reflicte o

crecente dinamismo das asociacións, unha rede fundamental para facilitar o acceso á actividade cultural e crear espazos de socialización e convivencia arredor da cultura e do patrimonio, especialmente nas parroquias e concellos máis pequenos. A responsable provincial sinala que “Sen esa rede de base non sería posible articular programacións culturais máis aló das vilas, que é unha das prioridades da área de Cultura porque entendemos a creación e a participación cultural é un dereito para todas as persoas, vivan no lugar no que vivan”. Ademais das axudas directas, a área de Cultura ofrece ao tecido asociativo a posibilidade de participar nas programacións que se poñen en marcha ao longo do ano como o programa de promoción da música tradicional Tradigalu, o Móvete, que inclúe actuacións musicais de rúa, espectáculos de narración oral e maxia ou proxeccións audiovisuais e os circuitos de teatro profesional e afeccionado, cos que se financia total ou maioritariamente centos de actividades culturais en toda a provincia.



Iria Castro con integrantes da Asociación Avelino Díaz na presentación da Polavila, organizada en memoria do poeta



Á esquerda, público bailando durante un dos concertos do Festival de Pardiñas, organizado por Xermolos; e á dereita, a formación musical da Asociación Cultural Mestura de Nete, de Vilalba

Unha rede de dinamización cultural en toda a comarca

As actividades desenvolvidas na comarca da Chaira coas axudas da área de Cultura abarcan diferentes eidos, tanto desde o punto de vista da creación como da programación:

Colectivos musicais

A través das subvencións de concorrencia competitiva, a área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación colabora no financiamento de cursos, obradoiros e iniciativas de formación promovidas por agrupacións de música tradicional, como a Asociación Cultural Castiñeiro Milenario de Begonte, a Asociación Cultural Xesta Verde de Friol, Buxos Verdes ou Lambe Lambe, Entre Lusco e Fusco, Mestura de Nete, Toleaches pola Peneira de Vilalba ou Axóuxere de Roupas, en Xermade, pero tamén por colectivos que inclúen os cursos e obradoiros de música tradicional entre as actividades que ofrecen á veciñanza.

Visitas culturais

A organización de viaxes culturais é outra das actividades que se

repiten entre as solicitudes, fundamentalmente entre asociacións veciñais e educativas, que contan con estes recursos para afrontar gastos en entradas ou guías turísticas nos lugares que visitan.

Apoio ás anpas e asociacións do ámbito socioeducativo

As subvencións de concorrencia competitiva tamén chegan a asociacións de nais e pais que financian coas axudas unha parte da actividade cultural e lúdica que desenvolven ao longo do ano. A celebración en comunidade de festexos populares, a organización de programacións infantís ou a asistencia a actividades culturais son algunhas das propostas ás que se vinculan as solicitudes de axudas destes colectivos, entre os que figuran a ANPA do CEIP de Bretoña, a ANPA do CEIP da Pastoriza, a ANPA de Riotorto, as ANPAs dos Mato Vizo e do Insua Bermúdez de Vilalba ou a ANPA do CEIP Veleiro Docampo de Castro de Rei.

Publicacións e actividades de divulgación do patrimonio

As subvencións da área de Cultura tamén contribúen ao desenvolvemento de diferentes propostas coas que as asociacións culturais colaboran no estudo, conservación e difusión do patrimonio material e inmaterial no seu entorno. Recibiron financiamento iniciativas como a edición dun libro recopilatorio de fotografías antigas da Asociación Cultural Lóngares, en Castro de Rei, a Asociación de Mulleres Rurais As da Outra Ourela, que traballa na recuperación da memoria da colonización da Terra Cha, as actividades de promoción do Museo de Pepe da Pígar de Guitiriz, a Asociación Cultural Avelino Díaz que desenvolve unha intensa actividade a prol do recoñecemento do poeta de Meira, a Liga Santaballesa, referente na divulgación da memoria indiana na comarca da Terra Chá, o traballo de recuperación da tasca do liño

da Asociación de Mulleres de San Bartolomeu de Insua, un calendario de fotos antigas de Amuraxe ou unha publicación de historia local da Asociación de Veciños de Cabreiros, en Xermade, ou a Asociación de San Martiño de Pino, en Cospeito, que articula a súa actividade cultural arredor da Torre da Caldaloba

Programacións culturais

O financiamento de Cultura contribúe á organización de programacións musicais e culturais de distintos colectivos. Máis dunha vintena de asociacións teñen asignados fondos para actividades que nutren as axendas locais: actuacións musicais para ambientar xuntanzas de convivencia ou celebracións populares como o Entroido, o San Xoán ou magostos, pero tamén demostracións de xogos populares, representacións teatrais ou espectáculos de humor e narración oral.

Tamén contan con axudas desta convocatoria asociacións como A Chainza, para a organización do

Festival da Chaira, ou Xermolos, para a organización do Festival de Cine de Roca, ou Ariños do Miño, que celebra o Festival de Música Coral e Habaneras en Meira, ou Xotramu que celebra en Muiñenta a súa gran festa de xogos tradicionais.

Equipamento e melloras nos locais

Ademais da organización de actividades culturais, a área de Cultura concede subvencións para a compra de equipamento ou investimentos nos locais, ben propiedade dos colectivos ben cedidos. As actuacións financiadas neste ámbito suman máis de 44.000 euros, que as asociacións destinan á compra de equipamento informático e audiovisual, instrumentos musicais, mesas de mesturas, equipos de son e iluminación, estantes, mesas, cadeiras e outros elementos de mobiliario ou radiadores, así como traballos de pintado ou outras pequenas intervencións de mellora dos locais.



Magosto organizado pola Asociación de San Martiño de Pino, en Cospeito

Máis dunha vintena de asociacións teñen asignados fondos para actividades que nutren as axendas locais



Homenaxe da Asociación de San Martiño de Goberno ao actor Xoán Fórneas

A Asociación Atila celebrará o seu XXV aniversario o 13

A Asociación de Cabaleiros Atila conmemorará o seu XXV aniversario o 13 de decembro cun amplo programa de actividades na área recreativa da Veiga. A xornada festiva comezará ás 11:00 horas coa saída da tradicional Ruta do Xistral, un dos eventos máis emblemáticos do colectivo.

A partir das 14:00 horas terá lugar unha sesión vermú que dará paso, ás 15:00 horas, á comida de confraternidade, un encontro pensado para socios, participantes e amantes do mundo ecuestre. Durante a tarde, o público poderá gozar dunha exposición de vídeo conmemorativo que repasará a historia da entidade, así como dunha entrega de agasallos e recoñecementos. Haberá tamén xogos para os nenos e música para amenizar o encontro.

A celebración pecharase cun espectáculo de fogos artificiais, co que a asociación poñerá o broche de ouro a un aniversario especial.



O Cargadoiro de poldros acada un novo récord

O cargadoiro celebrado o 30 de novembro converteuse no máis exitoso, cunhas vendas que roldaron o cento de exemplares, a cifra máis alta das tres edicións organizadas ata a data. A actividade, impulsada polo Concello de Muras en colaboración coa Asociación de Criadores de Gando Equino ACGEMA, tivo lugar no recinto habitual da Feira do Poldro da Gañidoira e congregou a gandeiros do municipio e doutras

zonas próximas.

Esta iniciativa, xa consolidada, forma parte do programa municipal da Marca Muras, co obxectivo de apoiar ao sector primario e facilitar a comercialización do gando equino. A través deste cargadoiro, os criadores teñen a oportunidade de vender os seus poldros para recría directamente á asociación ACGEMA, garantindo unha saída estábel e segura para os animais.



Ana Pontón reclama á Xunta o desenvolvemento de solo empresarial

A portavoz do BNG, Ana Pontón, levou ao Parlamento galego unha iniciativa para reclamar ao Goberno de Alfonso Rueda que apoie o desenvolvemento de solo empresarial en Muras, un concello que, segundo destacou, “ten unha base económica sólida para xerar emprego e riqueza pero sofre o freo da Xunta”.

Pontón fixo estas declaracións durante unha visita ás instalacións do Grupo Plásticos Ferro, acompañada polo alcalde, Manuel Requeijo. A dirixente cualificou a empresa, especializada na fabricación e comercialización de sistemas de tubaxes e accesorios plásticos, como un exemplo de ‘innovación e éxito empresarial no rural’.

A líder do Bloque subliñou que proxectos coma este, que levan anos contribuíndo ao desenvolvemento económico e á creación de emprego na comarca, precisan o máximo apoio das Administracións públicas. ‘Hai vontade para seguir medrando e creando máis emprego, polo que non se entende que a Xunta poña paus nas rodas’, afirmou.

Pontón lembrou que Muras é o con-

cello con máis parques eólicos de toda Galicia, pero que non recibe o retorno económico que lle correspondería pola riqueza enerxética que xera. Por iso, defendeu que o aproveitamento da enerxía debe ir acompañado da creación de emprego e do impulso do tecido industrial. Durante a súa visita ao municipio, na que tamén percorreu o CEIP Antía Cal, o PAI e se reuniu con representantes do sector do mel, Pontón insistiu na proposta do BNG de crear unha tarifa eléctrica galega. Esta medida, explicou, permitiría reducir o custo da enerxía para familias, Pemes e tamén grandes empresas, compensando os impactos ambientais, sociais e económicos derivados da produción eléctrica.

A portavoz nacional destacou o exemplo de Muras, onde grazas a unha iniciativa do goberno local encabezado por Requeijo, os veciños e pequenas empresas gozan de rebaixas na factura da luz. ‘Este é o modelo que queremos estender a toda Galiza: poñer a riqueza eléctrica do País ao servizo da xente e non do lobby enerxético’, concluíu.

Muras contará cun campamento de Nadal nas vacacións

O Concello centrará o seu programa de Nadal en actividades orientadas á cativada de 3 a 16 anos. Así, volverá organizar un campamento co título de Brinca Muras. Este terá lugar os días laborais das vacacións escolares, entre o 22 e o 31 de decembro (24 e 31 incluído), todas as mañás entre as 10.00 e as 14.00 horas. As persoas interesadas en anotarse poden facelo antes do 17 de decembro na Casa do Concello. Será gratuíto e contará con monitoras para acompañar aos pequenos.

FEIRA DO MEL DE MONTAÑA



A apicultora local Cristina Chao fíxose co galardón á mellor mel monofloral na décima edición da Feira do Mel de Montaña. Na categoría de multifloral, o primeiro premio recaeu en Luis Pernas, que ademais fixo dobrete ao levarse tamén o segundo posto en monofloral.

ZAFIRO TOURS VILALBA

VIAJAR ES AÑADIR *vida* A LA VIDA

Rúa Campo de Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544

Loterías Alcázar desexavos a todos Boas Festas e o máis importante: Boa Saúde.

Da sorte xa nos encargamos nos.

A sorte está en Loterías Alcázar

Administración de loterías dende 1927


17 GRANDES PREMIOS NOS ÚLTIMOS 20 ANOS!
GORDO DE NADAL DE 2017 e 2018
TERCEIRO PREMIO NADAL 2019

Rúa da Pravia, 18 - Vilalba 982 510 060

O PSOE critica subas inxustificadas e falta de transparencia municipal

O Grupo Socialista, a través do seu voceiro Alejandro Martínez Campos, alertou da grave deriva que vive o Concello tras o último pleno ordinario, no que quedou patente a carencia de rigor, transparencia e compromiso por parte do goberno local. Os socialistas puxeron de manifesto a aprobación dunha ordenanza baseada en “datos inventados”, a falta de claridade na xestión económica das festas de verán e o incumprimento da palabra da alcaldesa respecto ao minuto de silencio polo xenocidio de Gaza. O PSdeG-PSOE votou en contra da modificación da ordenanza de prezos públicos para os servizos culturais e deportivos, que incrementa un 30 % as escolas deportivas infantís e un 50% as de adultos. Os socialistas consideran esta medida “inxustificable e puramente recadatoria”, ao basearse nun informe económico “con erros, datos inventados e cálculos sen soporte real”. Segundo explicou o Grupo, o estudo

técnico-económico presentado polo Secretario do Concello “non se sostén de ningún xeito”, ao empregar porcentaxes arbitrarias e imputacións salariais irreais sen relación coa actividade regulada. No documento atribúese ata un 15% do salario do persoal técnico e administrativo como custo directo das escolas deportivas, pese a que estes empregados percibirían o mesmo soldo independentemente das actividades. Outro exemplo é a asignación de 13.346€ á coordinación de deportes, limpeza e vixilancia do pavillón municipal, o que supón o 80% do custo total do servizo, como se ese gasto fose exclusivamente das escolas deportivas. “O pavillón existe pola súa propia función, non polas escolas. Ademais, as actividades con máis participación son as de adultos, ningunha no pavillón. Engaden 13.000 euros por un lado e 10.000 por outro, sumando máis de 23.000 euros en gastos inventados para xustificar a suba”, denunciou Martínez.



Independentes alerta do deterioro do Cine Man

Independentes por Rábade acusa ao actual goberno municipal de abandonar o proxecto de recuperación do histórico Cine Man, un espazo que consideran “envexado por moitos concellos” e que, segundo denuncian, está a sufrir “un rápido e continuo deterioro” pola falta de avances e coidados. A formación lembra que, durante a campaña electoral, o executivo xa “desprestixiara” esta instalación, e anuncian que moitas rabadenses “loitarán” para evitar que desapareza un edificio cun valor simbólico e cultural único na vila.

O Concello adquiriu o inmoble en 2019 co obxectivo de rehabilitalo. As obras avanzaron lentamente debido ao grave deterioro estrutural, á necesidade de derrubar anexos en mal estado, entre outras. A reforma actual prevé converter o Cine Man nunha sala de exposicións e nun espazo destinado a actividades culturais. Porén, profesionais do sector como Carlos Coira, expresan dúbidas sobre o deseño previsto. Para Independentes, o futuro do Cine Man segue ameazado se non se aposta por unha rehabilitación integral e ambiciosa..

Rábade inicia o 12 a programación festiva

O Concello presentou o seu programa Nadal 2025, que dará comezo co acendido do alumeado navideño o día 12, acompañado de panxoliñas co Coro Músico Crisanto. O 13 traerá dúas propostas destacadas: *Alúa, o bosque itinerante*, unha actividade de teatro, circo e música; e un taller de baile dirixido ao público adulto. O día 14 haberá unha excursión a Ourense e Allariz e o 18 asistirase á actividade Ópera *Cantamos!* no Auditorio de Galicia. O día 20 terá lugar o Recheo de Nadal, cun sorteo de agasallos e chokolatada. A música será protagonista o 21 co Concerto de Nadal no Centro Sociocultural. O 22 contará coa visita de Papá Noel e tamén co inicio da Campa de Nadal. Ese mesmo día 22 celebrarase ademais un recital co tenor Pablo Varela, no centro sociocultural ás 19.00 horas. O Mercado de Nadal ocupará a Praza de Abastos os días 27 e 28. O 31 será a quenda da carreira popular Don Silvestre Rabandese. Xa en xaneiro, o día 3 celebrarase o Recheo de Reis e o día 5 terá lugar a Cabalgata. A programación pecharase o 10 coa representación do Centro Dramático Galego, *Memorias dun Neno Labrego*.



CONCELLO DE POL

*Bo Nadal
e pósito ano 2026
para todos os nosos veciños!*

PRÓXIMA APERTURA 17 DE DECEMBRO Supermercado Terras De Pol



A vila estreará un mercado de Nadal o día 20 de decembro

O Concello de Outeiro de Rei dentro das actividades de Nadal organiza un Mercado de Nadal destinado á venda de produtos de tempada de alimentación, artesanía, agasallos, complementos, produtos de segunda man etc. e ten aberto o prazo de solicitude para a ocupación dos postos. O mercado terá lugar o vindeiro 20 de decembro en horario de 12:00 a 19:00 horas no Pavillón do Colexio Público Laverde Ruíz.

A participación no Mercado é gratuita pero é preciso inscribirse para poder participar no mesmo; o prazo de admisión de solicitudes permanecerá aberto ata o 12 de decembro de 2025.

As solicitudes para participar cun posto no mercado pódense presentar de forma presencial, nas oficinas municipais do Concello de Outeiro de Rei achegando a documentación, de luns a venres, en horario de 9.00 a 15:00 horas; ou mediante correo electrónico, enviando toda a documentación a xuventude@concellodeouteirode-rei.org.

Pablo Espiño é o novo presidente de Novas Xeracións do PP

Pablo Espiño foi proclamado presidente da agrupación local de Novas Xeracións do Partido Popular de Outeiro de Rei, nun congreso celebrado este venres no que recibiu o apoio maioritario dos afiliados da organización xuvenil.

Pablo Espiño estará acompañado de Pablo López (secretario xeral), Óscar Mouriz (vicesecretario de Medio Rural), Pablo Rodríguez (vicesecretario de Deportes), José López (vicesecretario de Tejido Asociativo), Alejandra Villaverde (vicesecretaria de Xuventude), Alejandro Fariñas (vicesecretaria de Familia e Conciliación), Hermi Díaz (vogal) e Tania Díaz (vogal).

Convocado de novo o concurso de recitado Rosalía sempre viva

A Casa-Museo Manuel María convoca unha nova edición do Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María. O certame terá a fase final o 7 de marzo na propia Casa-Museo. O certame está dirixido a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato, e está centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María.

O obxectivo do concurso é potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da nosa literatura. Así, os traballos gañadores da pasada edición pódense ver no portal web. O concurso establece tres categorías, a primeira para os tres primeiros cursos de Primaria, a segunda para os alumnos de 4º a

6º. A terceira categoría engloba aos alumnos de Secundaria, Bacharelato e ciclos formativos.

O concurso constará de dúas fases, na primeira no propio centro escolar e a segunda entre centros. Na primeira escolleranse tres traballos por categoría e na segunda, os seleccionados participarán no recitado dunha única poesía escollida libremente entre a obra en galego de Rosalía ou de Manuel María. Valorarase a autenticidade e naturalidade do recitado, a memorización e o seu nivel de dificultade.

Os centros interesados en sumarse a este concurso deberán facer a súa preinscrición antes do 26 de xaneiro. E os seleccionados para a fase final deberán estar escollidos antes do 20 de febreiro.

Na segunda fase concederanse un premio para cada unha das categorías 1 e 2 e dous premios para a categoría 3.

Autorizan a segunda fase do Centro de Día

O Consello da Xunta autorizou a sinatura de catro convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e os concellos de Teo, Outeiro de Rei, Ribadeo e Punxín, co obxectivo de reforzar e avanzar no desenvolvemento de recursos de proximidade que dean resposta ás necesidades de atención das persoas maiores en situación de dependencia. O montante total destes acordos supera os 1,6 millóns de euros.

Así, a Xunta investira 600.000 euros na segunda fase do Centro de Día de Outeiro de Rei. Con estes fon-

dos, completárase a rehabilitación e ampliación da antiga reitoral. En concreto, construírase unha nova edificación e restaurárase outra xa existente na parcela. As tres construcións estarán comunicadas e funcionarán de forma conxunta, dando cabida a todas as funcións propias dun centro de día.

Nas catro actuacións serán os concellos os encargados da contratación e execución das obras. Tamén serán os responsables da titularidade e da xestión dos centros. A previsión é que todas as intervencións estean finalizadas o vindeiro ano.



Traballadores de Coren maniféstanse ante a fábrica en Outeiro de Rei

A CIG desenvolveu na mañá deste luns unha concentración diante de Coren Agroindustrial en Bonxe contra a represión sindical e para exixir a readmisión dun traballador despedido, que foi candidato pola CIG nas últimas eleccións sindicais celebradas nesta fábrica.

O secretario da FGAMT-CIG de Lugo-A Mariña, Christian López, subliña que esta decisión empresarial non ten xustificación e incide en que o traballador despedido foi candidato nas pasadas eleccións sindicais e ao tempo está inmerso nun proceso de solicitude de recoñecemento das antigüidades reais do persoal neste centro de traballo.

López denuncia que “Coren vén a resaltar unha das empresas líderes en represión e persecución sindical en toda Galiza”, e avanza que, en paralelo á demanda para que se declara a nulidade do despedimento presentada polo compañeiro, a CIG levará adiante as accións sindicais necesarias “até que se teña unha solución definitiva”.

Así mesmo, e con vista no seguinte proceso electoral para o vindeiro ano, “animamos o persoal de Coren a non calar, a non ser cómplices da represión e do medo que aplica esta empresa e a defender o dereito á liberdade sindical e sen ataduras”.

RUTA DO BNG



O Bloque Nacionalista Galego organizou unha ruta pola parroquia de San Fiz de Paz co obxectivo de dar a coñecer á veciñanza o valioso patrimonio natural, histórico e cultural que atesoura o concello.



• **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRUGÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS

• **ECOGRAFÍA**

• **TRATAMIENTOS CON LASER**
• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

• **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS

R.S. C-27-001184

Carballe & Otero
CLÍNICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12



López Campos destaca o Belén como un símbolo do Nadal Galego

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, erixiu o Belén de Begonte como “símbolo do Nadal galego” e enxalzou o seu valor cultural ao darlle “continuidade ás tradicións que son cerna do patrimonio inmaterial dun pobo e manteñen aceso o espírito comunitario e colectivo”. Fíxoo en calidade de pregoeiro da 54 edición desta instalación que se abriu ao público, e ata o 31 de xaneiro, neste municipio lucense con máis de 150 pezas, gran parte delas autómatas, e está declarada Festa de Interese Turístico.

O Belén de Begonte reforza este ano a súa programación cultural. O Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal cumpre medio século e celébrase coa publicación de dúas antoloxías cos mellores traballos presentados, unha en castelán e outra en galego; así mesmo, o Certame de Arte incorpora o premio Novos valores, para a mellor obra dun artista de ata 18 anos.

A dimensión que está cobrando este proxecto cultural conta coa implicación da comunidade educativa do



CEIP Virxe do Corpiño de Begonte, que creou unha unidade didáctica sobre o evento e acolle un curso de técnicas audiovisuais no marco do programa de Nadal. Ademais, axudan a coidar o Xardín do Belén, instalado xunto ao colexio e do que se obteñen os vexetais autóctonos que adornan o Nacemento.

De cara á presente edición, cómpre destacar que se fixeron traballos de mellora nas instalacións, que culminan cun mural de Diego As no frontispicio, e se incorporaron novas figuras ao Belén: unha noria, a Casa-

Museo de Víctor Corral en Baamonde, e o conxunto de autómatas “O Belén dentro do Belén”, en homenaxe ao creador do Belén, José Rodríguez Varela, e aos sacerdotes José e Jesús Domínguez Guizán.

Ademais dos citados certames de poesía e arte, tamén se convocan os de xornalismo, debuxo infantil e audiovisual sobre o Nadal, e distribuirase un libro que recolle os traballos premiados o pasado ano. Todos os detalles poden consultarse na web do Belén, que tamén ofrece outros recursos como unha visita virtual.

Arranca o seu programa de Nadal con audicións

O Concello de Begonte presentou a súa programación especial de Nadal, que se prolongará ata o Día de Reis.

Durante a primeira metade de decembro desenvolverase a campaña municipal de recollida de alimentos, coordinada polo Concello.

A programación inclúe múltiples audicións organizadas pola Escola de Música de Begonte e pola sede de Baamonde, con actuacións de guitarra, percusión, trombón, gaita, baile tradicional e outras especialidades. Tamén se celebrarán citas destacadas como a IV Carreira Solidaria San Faiuquiño do CEIP Virxe do Corpiño, que terá lugar o 17 de decembro, así como o acendido oficial das luces de Nadal o día 19, acompañado dun concerto da banda infantil ou a actuación dos Bolechas, o día 14. O Mercado de Nadal converterase de novo nun dos epicentros das festas, con actividades os días 20 e 21, entre elas a visita de Papá Noel e a Gala Internacional

de Maxia, que terá lugar o 20 de decembro pola tarde. As actividades continuarán despois do Nadal coa excursión a Xuvenilugo o 26 de decembro e o partido da Liga ACB entre o CB Breogán e o Basconia o día 29, con prazas dispoñibles mediante inscrición previa. O novo ano abrírase cun partido da Primeira División Feminina de Fútbol Sala o 3 de xaneiro, mentres que o 5 terá lugar a tradicional Cabalgata das Súas Maxestades os Reis Magos de Oriente, prevista para a praza do Concello e con alternativa baixo cuberto en caso de choiva. O programa pecharase o 6 de xaneiro coa II Carreira de Reis Begonte do Belén, que rematará no propio Belén Electrónico.

Con esta completa oferta de propostas, o Concello de Begonte desexa que todas as familias poidan gozar dun Nadal cheo de actividades, encontro social e espírito festivo, e traslada aos veciños e visitantes os seus mellores desexos para estas datas.



riotorto

O BNG esixe ao alcalde a retirada das cámaras do ximnasio do pavillón

O BNG de Riotorto esixe a retirada inmediata das cámaras de vixilancia do ximnasio municipal e do pavillón do colexio tras a falta de explicacións do goberno municipal sobre a xestión das imaxes durante o pleno celebrado este venres. A portavoz Vanesa Gómez denunciou “a falta de aclaracións de Clemente Iglesias sobre a recepción e a custodia das imaxes, a pesar da presenza no pleno de veciños que tiñan expresado reiteradamente a súa alarma por este asunto. Non escoitaron explicacións, nin atisbo de rectificación”, lamentou a concelleira nacionalista. “Ante a preocupación pola presenza de imaxes nun móbil de uso persoal do alcalde, o lóxico é que se dean todas as explicacións, se asu-

man responsabilidades e se ofrezan garantías para o futuro. Como non se deron e se insiste en negar a evidencia, as cámaras non poden seguir no ximnasio nin no pavillón”, argumentou a concelleira. “As cámaras instaláronse sen avisos nin carteis informativos, incumprindo claramente a normativa, e só despois de que as persoas afectadas pola exposición da súa privacidade reclamasen, o alcalde e o seu entorno comezaron a intentar tapar furados, cun desprezo absoluto pola verdade e unha falta de respecto intolerable cara as persoas afectadas. Desde o BNG insistiremos en que se ofrezca a documentación requirida, e se asuman responsabilidades pola xestión das imaxes”, concluíu.

CAMPO DE BOLOS



Riotorto vén de completar unhas obras de mellora no campo de bolos de Santa Marta de Meilán, unha instalación moi utilizada polos veciños e polo Club de Bolos Cruceiro de Meilán, que é o equipo local que compite habitualmente neste espazo.

meira

O Nadal contará con pista de xeo, gala benéfica e Carlos Blanco

O Concello de Meira, en colaboración co tecido asociativo local, presentou a programación do Nadal Meirego, un conxunto de actividades culturais, musicais e de lecer que se desenvolverán ao longo de decembro e primeiros días de xaneiro. O obxectivo é ofrecer propostas diversas para todos os públicos e dinamizar o municipio durante as festas. As celebracións arrancaron o domingo 7, coincidindo coa feira, cunha representación teatral. O domingo 14 será a quenda do humor, coa actuación de Isabel Risco en Naviza Girl, tamén na Casa da Cultura. O sábado 20 terá lugar o concerto de Nadal da Escola de

Música de Meira, mentres que o domingo 21 a programación incluírá dúas actividades benéficas. Pola mañá haberá un rastrillo benéfico na porta da igrexa a favor de Afalu. Pola tarde, ás 18.00 horas, será a gala benéfica do IES Pedregal de Irimia na Casa da Cultura con entrada a un euro ou un quilo de comida. A recadación irá tamén para Afalu. O luns 22 os máis pequenos poderán gozar do contacontos infantil A Apalpadora, que se celebrará no Cabanón do Convento ás 20.00 horas. Xa o venres 26 será o humorista Carlos Blanco quen se suba ao escenario da Casa da Cultura coa súa actuación A Penúlti-

ma. O sábado 28, ás 20.30 terá lugar un dos actos máis tradicionais destas datas: o concerto de Nadal da Banda de Música de Meira. O domingo 5 de xaneiro ás 17:00 horas celebrarase a Cabalgata de Reis, que percorrerá as rúas da vila desde a praza do Concello con remate no pavillón municipal de deportes. Ademais, desde o luns 5 ata o domingo 11 haberá pista de xeo no pavillón municipal, con horarios variados e asistencia mediante entradas acompañadas dun adulto. Un dos pratos fortes do Nadal Meirego é o Belén vivente, que se representa na igrexa de Santa María os días 25 de xuño e 6 de xaneiro, a cargo dos alumnos do colexio.

Román Rodríguez destaca o investimento no CEIP Avelino Díaz

O conselleiro de Educación, Román Rodríguez, comprobou o resultado das obras de rehabilitación integral que se están a acometer no Colexio Plurilingüe Poeta Avelino Díaz. “A intervención no CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz, cun importe de máis de 900.000€, centrouse na mellora da eficiencia enerxética do colexio. “Con este tipo de intervencións acadamos centros educativos máis respectuosos co medio ambiente, ao tempo que melloramos o confort diario de toda a comunidade educativa”, explicou o conselleiro, sinalando que estes son obxectivos prioritarios da folla de ruta do Go-



verno galego para a modernización das instalacións educativas ás novas necesidades do século XXI. A obra no centro meirego incluíu a renovación integral da envolvente do edificio, coa substitución dos 1.360m² da cuberta por panel sándwich, o illamento térmico dos 1.161 m² de fachada e o cambio de 92 ventás, 11 portas e 305 luminarias, e reformáronse 1.260 m² de falsos teitos. A maiores, repintáronse as zonas afectadas e mudáronse 109 metros lineais de canlóns e 66 de baixantes. PEDREGAL DE IRIMIA. O IES Pedregal de Meira foi recoñecido este curso como un dos centros destacados do Programa Meteoescolas,

iniciativa incluída no Plan Proxecta que ten como obxectivo achegar a meteoroloxía ao alumnado. O proxecto promove a observación do tempo, o uso de instrumentos e a comprensión dos fenómenos atmosféricos mediante actividades prácticas e participativas, ao tempo que busca concienciar sobre o cambio climático. O centro acadou a máxima puntuación dentro do programa grazas ao intenso traballo desenvolvido ao longo do curso. Como recoñecemento ao seu compromiso e á calidade das súas actividades, recibiu un barómetro, un símbolo da excelencia na observación e estudo do clima.



CONCELLO DE XERMADE

Bo Nadal e Feliz Aninovo!





gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Villalba (Lugo)
Telf. 982516550

Reclaman celeridade nos permisos da comunidade enerxética local

O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, comprobou co alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, a situación na que se atopa a comunidade enerxética XERando, que impulsan o Concello e a Fegamp. O proxecto, cuxa instalación fotovoltaica está feita desde decembro de 2024, está listo para producir electricidade, aínda que agarda desde hai meses pola autorización da Xunta de Galicia. Así, Besteiro criticou que “a celeridade que ten Rueda con proxectos coma Altri non a ten para as comunidades enerxéticas que lle aforran á xente na factura da luz”.

Para o tamén portavoz do Grupo Socialista no Parlamento autónomo, a Xunta “debería ter moito máis interese” en “impulsar e potenciar” este tipo de iniciativas, “e non tardar



tanto en contestar as peticións”. En declaracións tras reunirse co rexedor, destacou a importancia dunha comunidade “pioneira” que conta xa con preto de 60 socios “entre particulares, pemes e administracións, que van conseguir un importante

aforro enerxético”.

“Máis atención ao rural, máis apoio aos proxectos que perseguen a transición enerxética e, en definitiva, facerlle a vida máis fácil á xente do rural, ao interior que tanto o precisa”, resumiu o secretario xeral do PSdeG.

O Belén de Momán fai nunha denuncia do abandono do rural

O Belén de Momán transformouse nunha contundente acción destinada a visibilizar o deterioro do rural galego. A montaxe, instalada no local social, incorpora mensaxes reivindicativas en distintas escenas tradicionais do Nacemento.

Os veciños lembran, a través de carteis, que Momán chegou a contar con máis de vinte bares e que na actualidade só permanece un aberto. O consultorio médico está pechado, numerosas vivendas quedaron baleiras e a veciñanza envellece a un ritmo acelerado. Xunto a iso, alertan dunha posible redución na atención municipal.

O PP critica ao Goberno por reducir o SAF ao 50 %

Os concelleiros do PP afean que “o equipo de goberno socialista presuma duns orzamentos municipais para o 2026 cos que pretende reducir servizos aos veciños e veciñas”.

A pesar de que os populares propoñían “estudar fórmulas menos drásticas e buscar posibles solucións como pode ser reclamar ao Goberno do Estado que financie a parte que lle corresponde do SAF e que leva anos sen achegar”; o portavoz socialista “fala de reducir o servizo nun 50% alegando que o Concello non pode asumilo. Prefiren reducir atención aos nosos veciños que re-

clamarlle a Sánchez que poña a parte que lle corresponde por lei e que a Xunta si está a achegar”.

“Para atender aos veciños non, pero para as dedicacións dos membros do goberno, que son excesivas en relación aos servizos que ofrecen, os socialistas si reservan fondos no orzamento do Concello”, afean.

Así mesmo, os populares condenan que “o equipo de goberno fale de que os ingresos se axustan ás necesidades do Concello, cando son máis reducidos que no 2025; a pesar de que cobran máis impostos aos veciños e veciñas”.

Empeza o Nadal na vila co acendido das luces

O Concello de Xermade presentou a súa programación especial Nadal en Xermade, un amplo abano de actividades culturais, familiares e festivas que se desenvolverán ata o 5 de xaneiro en distintos espazos do municipio. A programación comezou o 5 de decembro co acendido das luces de Nadal na praza do Concello.

Paralelamente, permanece aberto o prazo para participar no VI Concurso de Decoración de Nadal, cuxas inscricións se poderán realizar ata o 19 de decembro ás 14:00 horas.

O 19 de decembro, ás 17:30 horas, a Biblioteca Municipal acollerá *Manus*, unha proposta de teatro infantil que combina marionetas e narración oral, dentro do programa Dinamiz-ART, impulsado polo Instituto para a Transición Xusta e a Fundación Ciudad de la Energía.

Os días 22 e 23 de decembro, en horario de 10:00 a 14:00 horas, a Biblioteca Municipal converterase no espazo dun campamento dixital destinado a nenos e nenas de 9 a 13 anos, unha iniciativa promovida pola Fundación Cibervoluntarios e o Ministerio de Xuventude e Infancia, financiada con Fondos Next Generation.

O 24 de decembro, ás 17:00 horas, Papá Noel visitará a veciñanza na Unidade de Atención Temperá, situada na antiga casa do médico. Tras a chegada do ano novo, o 26 de decembro ás 17:30 horas, a Escola Habanera de Roupar recibirá o espectáculo *Minreslu, unha volta polo mundo*, unha proposta infantil que combina humor, circo e mala-

bares, tamén dentro do programa Dinamiz-ART.

O 30 de decembro, ás 15:30 horas, terá lugar unha visita gratuíta a Xuv-enlugo, con saída desde a praza do Concello. A actividade está reservada para a cativada empadroada e o alumnado do CEIP de Xermade, podendo asistir cun só acompañante. As inscricións poderán realizarse ata o 23 de decembro a través do número de WhatsApp facilitado pola organización.

Xa en xaneiro, o 2 de xaneiro ás 19:00 horas, a Casa Escola de Cabreiros acollerá *Cuenterete, circo contos*, un espectáculo de maxia infantil, clown, contacontos e globoflexia pensado para o público familiar. Finalmente, o 5 de xaneiro, ás 16:00 horas, os máis pequenos poderán dar a benvinda aos Reis Magos na tradicional Recepción de SS.MM. Os Reis Magos, que terá lugar no Pavillón Municipal de Xermade.

POESÍA. Tamén, a Biblioteca Pública Municipal convocou de novo o Certame de Poesía Infantil Nadal 2025, organizado polas bibliotecas locais nunha primeira fase.

Poderán participar nenos dende pequenos e ata 16 anos distribuídos en tres categorías. Na A estarán os que teñan ata 8 anos; na B os de 9 a 11 anos e na C os de 12 a 16 anos.

Os nenos e nenas seleccionados recibirán cadanseu diploma e lote de libros, amais participarán na fase provincial.

O prazo de presentación é ata o 19 de decembro.



TERRA CHÁ

20 proxectos tiveron o apoio do GDR a través das axudas Leader

A entidade estreou este ano web turística e unha rede de escape rooms

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Terra Chá subvencionará un total de 20 proxectos públicos e privados a través das súas axudas Leader de 2025. Será un investimento total de preto de 1,13 millóns de euros para proxectos produtivos, iniciativas non produtivas privadas e actuacións promovidas por entidades públicas. En conxunto, foron aprobadas 20 solicitudes das 26 presentadas que mobilizarán achegas superiores ao medio millón de euros na comarca.

No capítulo de proxectos produtivos, o GDR apoiará actuacións en sectores como o turismo, a industria agroalimentaria, a innovación empresarial ou os servizos profesionais. Entre as iniciativas aprobadas figuran a creación de establecementos turísticos e deportivos, a adquisición de maquinaria, a posta en marcha de servizos especializados ou melloras en empresas de distintos concellos da Terra Chá. En total, este apartado suma un investimento de 886.435 euros e unha axuda global que supera os 407.000 euros. Ademais permite a creación de 3 novos postos de traballo e a consolidación doutros 45.

No apartado de proxectos non produtivos privados, as axudas dirixense a entidades sociais e cul-

turais que promoven iniciativas de interese comunitario. O investimento total nesta categoría ascende a máis de 66.000 euros, cunha axuda aprobada de case 30.000. Entre os proxectos apoiados atópanse a elaboración dunha ruta sobre a colonización da Terra Chá, a mellora da accesibilidade en centros sociais e a adecuación de espazos museísticos.

As entidades públicas tamén recibirán apoio para actuacións centradas na mellora de infraestruturas municipais, acondicionamento de locais sociais e reforzo de servizos de proximidade. O orzamento conxunto destas intervencións supera os 183.000 euros, dos cales preto de 150.000 corresponden a axudas concedidas polo GDR Terra Chá.

As propostas de maior contía corresponden a unha pensión en Muras e un centro deportivo ecuestre en Begonte. Por outra banda, o termo municipal que recibirá máis axudas este ano é Cospeito, con 6 proxectos, catro produtivos e 2 non produtivos privados. Vilalba tamén conta con achegas para cinco proxectos.

A entidade lembra que o investimento aprobado contribuirá ao desenvolvemento económico, social e cultural da comarca, impulsando tanto o emprendemento como a

mellora dos servizos e equipamentos comunitarios.

O presidente da entidade, José Antonio López Sierra avanzou ademais que para o 2026 está prevista unha convocatoria de axudas aínda maior, polo que anima a pequenas empresas, autónomos, cooperativas, sociedades e asociacións sen ánimo de lucro “a presentar os seus proxectos e aproveitar esta oportunidade para facer medrar a Terra Chá”.

OUTROS PROXECTOS. Durante o ano, a actividade do GDR Terra Chá non parou e destacou por dúas accións. Unha delas foi a estrea da súa nova web de turismo, cun deseño máis moderno e con información moito máis ampla.

Ademais, xunto a outros tres Grupos de Desenvolvemento Rural galegos —Terras de Miranda, Seitura e Montes e Vales Orientais— puxeron en marcha un proxecto de cooperación co obxectivo de dinamizar o turismo interior e poñer en valor o patrimonio cultural e natural dos seus territorios.

Co nome Xogal consistiu na realización dunha rede de *escape rooms*, repartidos entre os catro territorios. En total, desenvolveranse dous en Terra Chá, dous en

OS PROXECTOS

PRODUTIVOS			
TÍTULO	CONCELLO	CUSTE	AXUDA
Pensión Os coruxos	Muras	248.951	121.488
Centro deportivo Ecuestre	Begonte	297.063	140.956
Tratamiento biomasa vegetal. Jardines	Cospeito	59.700	28.159
Adquisición grupo electrógeno	Abadín	16.850	7.894
Obrador de Mermeladas	Cospeito	59.751	26.738
Eficiencia punto recarga vehículos	Cospeito	13.019	5.748
Mellora actividad productiva	Cospeito	28.000	12.278
Ampliación Talleres Casabella	Pastoriza	37.387	15.833
Eficiencia enerxética en gandería	Vilalba	26.673	10.976
Envasadora de queixo	Vilalba	14.160	5.784
Dixitalización impresión téxtil	Villaba	18.580	7.255
Instalación elevadores	Vilalba	25.350	9.518
Instalación Máquinas de impresión	Vilalba	40.950	15.131
TOTAL		886.435	407.661

NON PRODUTIVOS PRIVADOS			
Recuperación memoria mulleres rurais	Cospeito	1.597	1.437
Centro para o Fogar de Xubilo	Cospeito	21.338	19.140
Fundación Margarita Ledo Andión	Castro Rei	43.331	9.228
TOTAL		66.267	29.806

NON PRODUTIVOS PÚBLICOS			
Acondicionamento vivenda alquiler social	Riotorto	50.054	43.246
Ampliación local social Illán	Begonte	54.948	47.145
Reforma de edificación de uso público	Abadín	51.144	43.882
Mellora accesos centro de saúde	Castro Rei	27.510	14.756
TOTAL		183.658	149.031

Montes e Vales Orientais e tres en cada un dos outros dous territorios participantes, o que permitiu que os visitantes descubriran as singularidades locais a través dun formato lúdico e participativo. O de Vilalba foi o primeiro e rematou o seu paso pola comarca en Abadín.

A Deputación inviste en dotacións en Guitiriz, Xermade, Vilalba e Muras

A Deputación continúa aprobando obras en diferentes concellos da comarca. Así deu luz ao investimento de 50.000 euros en Guitiriz para adquirir equipamento deportivo para o ximnasio municipal, e para incorporar un equipo de son para o pavillón municipal. Por último, dentro desta mesma acción realizarase o peche do campo da feira.

En Xermade aprobouse un investimento de 50.000 euros para ampliar o parque infantil situado na contorna do CEIP Plurilingüe no que se ins-

talará pavimento de caucho; módulos de valado e varios xogos; e para axudar a financiar a modificación dun proxecto que rehabilitará con fondos europeos a casa reitoral para convertela nun Centro Internacional da Torneiría.

Ademais, aprobou un convenio de colaboración con Vilalba polo cal a institución provincial achegará case 60.000 euros para mellorar a mobilidade acondicionando catro accesos nos núcleos de Cabanamille e Ver, nas parroquias de Belesar e Goiriz.

En materia de mobilidade licitouse por 266.589,37 euros a rehabilitación de dous tramos de dúas vías ao seu paso polo concello de Muras. Por unha banda mellorarase un treito de case 3 quilómetros desde o inicio da LU-P-3402, que une A Gañidoira coa parroquia de Viveiró; e outro tramo de algo máis de 6 quilómetros da LU-P-6502, a estrada que vai de Vilalba a Chavín pola Balsa. Unha vía de especial relevancia para a veciñanza de Muras porque dá acceso ao Colexio de Monseivane

EXALUMNOS DO RAMÓN FALCÓN



Un ano máis, e xa son 23, os exalumnos do colexio Ramón Falcón de Castro de Rei, reuníronse nunha cea de confraternidade. Asistiron os nados no ano 1976, e que remataron a EXB no curso 1989/1990. A xuntanza tivo lugar no restaurante Anllo, de Muimenta, o sábado 29 de novembro e asistiron unhas 25 persoas.

MILAR ALBOSAT
tu tienda de electrodomésticos

Avda. de Galicia, 42
27800 Vilalba (Lugo)
Telf.: 982 510 581
655 470 030
info@albosat.es
www.albosat.es

Servicio propio de reparación

Venta y reparación

NANOCCELL 50" LG SONANOB0A68
Smart TV WebOS 25 + HDR10 Pro

429€

50C

499€

CAFETERA AUTOMÁTICA DELONGHI
ECAM293.61.BW
Depósito 1,8 L. • Molinillo de café

165€

ESTUFA DE GAS ORBEGOZO
HBF95
Encendido piezoeléctrico • Triple sistema de seguridad

49€

BATIDORA DE VASO TAURUS MAGNUM
Jarra de cristal graduada • 2 Velocidades • Turbo

“A boca é a porta de entrada á saúde e debemos coidala”

A especialista lucense defende un enfoque centrado na funcionalidade, no diagnóstico temperán e no seguimento continuo dos pacientes

Iria Figueiras, graduada en Odontoloxía e cun Máster en Ortodoncia e Ortopedia Dentofacial pola Universidade Complutense de Madrid, leva anos dedicada en exclusiva á súa especialidade. Desde o seu centro, Ortodoncia Figueiras, insiste en que “a ortodoncia vai moito máis alá da liña de dentes” e que o que realmente importa é a funcionalidade. Sempre repite que “a boca é a porta de entrada a unha mellor saúde: se podemos respirar, mastigar e falar ben, o resto do corpo funciona mellor”, e por iso a súa aposta é ofrecer en Lugo un servizo centrado no diagnóstico preciso e no seguimento continuo.

A profesional explica que o seu proxecto naceu da necesidade de contar na provincia cun centro especializado, exclusivo: non unha clínica dental convencional, senón un espazo onde a ortodoncia fose o eixo principal, no que o paciente reciba unha atención integral e pensada especificamente para resolver problemas funcionais, non só estéticos. Figueiras lembra a miúdo que a ortodoncia abrangue moito máis do que a maioría das persoas imaxinan. Describe a oclusión —a forma en que mordemos, mascamos ou falamos— como unha clave absoluta para o benestar: “A ortodoncia trata todo o que abarca a oclusión”, comenta, e engade que mellorar a mordida pode repercutir positivamente en aspectos tan diversos como a respiración, o sono ou mesmo a dixestión. Segundo explica, “non se trata só de aliñar os dentes”, senón de conseguir que o paciente “respire mellor, fale mellor, mastigue



mellor e poida mellorar así a súa calidade de vida”.

Un dos puntos nos que máis insiste é no diagnóstico na primeira infancia. Recalca que “non se trata dun tratamento precoz, senón dun diagnóstico precoz”, porque esa é a fase clave para identificar posibles problemas e evitalos antes de que deriven en complicacións maiores. Para ela, cada valoración temperá é “regalar saúde futura”.

En canto ás técnicas máis demandadas, Figueiras confirma que os aliñadores están moi de moda, pero advirte de que non todo vale para todos os casos. Asegura que “cada técnica é mellor para un problema ou

outro” e que o importante é partir dun diagnóstico sólido. Di que, se se sabe desde o primeiro momento cal é o problema e cales son os obxectivos, “pódese escoller mellor a técnica que usar”. Explica aos pacientes os límites e posibilidades de cada opción, pero subliña que “o máis importante é que o paciente entenda ben o que hai”.

Se hai un aspecto no que fai especial fincapé é no seguimento diario. Afirmar que “o seguimento é fundamental” e que poder ofrecer unha atención continua evita complicacións e retrasos. Considera prioritario que cada paciente saiba que pode acudir “no momento que sexa” se algo non

vai ben, e que non teña que esperar semanas cun bracket caído ou cun aliñador que non axusta. Defende o valor da continuidade e asegura que “a atención diaria e o seguimento sempre pola mesma persoa é moi importante: as mesmas mans e a mesma cabeza pensante”.

Figueiras recoñece tamén que cada vez hai máis adultos que se animan a comezar un tratamento de ortodoncia. Conta que moitos acoden porque notan problemas funcionais, outros porque perderon algunha peza e necesitan recuperar espazos, e outros, simplemente, porque buscan mellorar a estética. Lembra que “as técnicas avanzaron moitísimo nos últimos 30 anos” e que hoxe existen opcións moi discretas que facilitan a decisión.

A tecnoloxía é outra das aliadas fundamentais na súa práctica clínica. Detalla que o seu centro conta con, radiodiagnóstico 3D (CBCT) e convencional, escáner intraoral e fotografía intra e extraorais. Con estas ferramentas, asegura, pódese obter “un diagnóstico máis preciso” e ofrecer ao paciente unha explicación detallada, visual e comprensible do seu caso. Aínda así, lembra que “as ferramentas son fundamentais, pero sempre da man dun profesional experto”.

De cara á chegada do Nadal, época na que moitos tratamentos sofren “os desaxustes típicos das festas”, a especialista recomenda manter a constancia. Di que nesta época “tomamos máis azucre, máis doces e máis alimentos duros”, pero que a clave é manter a hixiene e avisar se algo se altera. Resume así o seu consello principal: “O importante é comunicarnos e ser conscientes da repercusión que esa perda de hábitos pode ter”.

Esa combinación de especialización, análise detallada e trato próximo define o espírito de Ortodoncia Figueiras, un centro que, en palabras da propia Iria, busca sempre “o tratamento máis ideal para cada paciente”.

A Apalpadora ofrecerá este Nadal varios espectáculos na comarca

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo promove un ano máis a presenza de tradición propias nas datas de Nadal co espectáculo A Apalpadora, que se representará en 40 localidades ao longo deste mes de decembro. A filla do coñecido Apalpador toma o relevo do seu pai e baixa das montañas para encontrarse coas crianzas da provincia nun formato de contacontos musicado e interactivo onde se mesturan cantigas, lendas e dinámicas.

Estará acompañada polo seu irmán músico André, para mergullarse con cancións da súa misteriosa historia. Ademais, levará froitos que recolle durante todo o ano e agasallos fabricados por ela mesma para entregar aos nenos e nenas neste Nadal.

Segundo o calendario estará o luns 15 de decembro no CEIP Otero Pedrayo de Rábade (9.00 horas) e no CPI López Suárez de Friol (12.30).

O xoves 18 de decembro acudirá ao CEIP Rosalía de Castro de Mosteiro, en Pol (9.00) e ao CEIP Terra Chá, de Román, en Vilalba (11.00). Ao día seguinte estará, ás 12.00 no CEIP Monseivane de Lanzós, en Vilalba.

O sábado 20 de decembro comezarán no Campo da Feira de Parga, en Guitiriz (16.30) para seguir no Local Social de Pino, en Cospeito (18.30) e no Local Social da Asociación O Cruceiro de Mosteiro, en Outeiro de Rei. (20.00).

O luns 22 de decembro visitará os Cabanóns do Convento de Meira (20.00) e o domingo 28 de decembro a Casa Escola da Liga Santallésa. Santaballa. Vilalba (16.00) e a Casa da Cultura de Cospeito (18.00).



A UNED de Lugo recibe un recoñecemento estatal pola súa innovación comunicativa

Carlos García, Brand Manager da institución e codirector do proxecto LugoNaturalMente afirma que “hai que apostar por unha comunicación máis humana, creativa e próxima”

A UNED de Lugo vén de ser distinguida co Galardón Nacional de Boas Prácticas Universitarias, concedido polo Consello Social da UNED, pola iniciativa “A Comunicación: unha nova ponte cara a Lugo”, un proxecto que permitiu modernizar e transformar en profundidade a estratexia comunicativa do centro. A proposta, dirixida polo Brand Manager da UNED de Lugo, Carlos García, representou un salto significativo na maneira de conectar tanto coa comunidade universitaria como coa cidadanía en xeral. Baixo a súa coordinación consolidouse un modelo comunicativo innovador, baseado na diversidade de formatos e na vocación de reforzar a identidade institucional. Entre os avances máis salientables figura a campaña de matriculación “A Universidade Que UNE”, convertida nunha referencia que pon en valor o papel da educación pública e de calidade, así como a transmisión de cultura e principios entre xeracións. O labor tamén incluíu a coordinación de doce canles de comunicación, o incremento da comunidade dixital ata alcanzar os 20.000 seguidores nas redes sociais e a produción anual de 80 pezas audiovisuais que contribuíron a reforzar a presenza pública

do centro. Xunto a isto, desenvolveuse un videopodcast institucional que superou as 80.000 reproducións na súa primeira tempada, consolidándose como un formato divulgativo propio e de amplo alcance. Este esforzo estratéxico tivo un reflexo directo na evolución do centro, que experimentou un aumento do 10% nas matriculacións, indicador dunha comunicación máis próxima, accesible e eficaz. A directora da UNED de Lugo, Ana Traseira, expresou a súa satisfacción por este novo recoñecemento e puxo en valor a coherencia do proxecto, a súa contribución ao fortalecemento da identidade institucional e o seu papel para achegar o ensino superior ao conxunto da provincia de Lugo. O galardón destaca tamén o peso do liderado profesional na consolidación dunha comunicación universitaria de referencia. Carlos García, Brand Manager da UNED de Lugo e codirector de LugoNaturalMente, presume do Galardón Nacional de Boas Prácticas Universitarias polo Consello Social da UNED co que se recoñeceu á UNED de Lugo. **Que significa para vostede e para o equipo da UNED de Lugo recibir este Galardón Nacional de Boas**



Prácticas Universitarias? É un recoñecemento emocionante e, ao mesmo tempo, unha grande responsabilidade. Este premio avala un traballo colectivo sustentado na coherencia, na planificación estratéxica e na convicción de que a comunicación é unha ferramenta esencial para achegar a universidade á sociedade. Para nós representa a confirmación de que apostar por unha comunicación máis humana, creativa e próxima produce resultados reais. **En que consistiu ‘A Comunicación: unha nova ponte cara a Lugo’?** Foi un proceso de transformación

integral da estratexia comunicativa da UNED de Lugo. Non nos centramos só nas canles, senón tamén na identidade, no relato e no propósito. O obxectivo era converter a comunicación nunha ponte viva entre a institución, o alumnado e a cidadanía, reforzando a marca UNED como referente educativo, cultural e social na provincia. **Un dos fitos máis destacados foi a campaña ‘A Universidade Que UNE’.** **Que representa este proxecto?** É a nosa “nena mimada”. É unha campaña que fala de unión, de valores e da transmisión cultural entre

xeracións. Inspirada en O Mundo de Onte de Stefan Zweig, busca poñer en valor a educación pública como motor de cohesión social. Conseguimos construír unha mensaxe emocional que conecta co territorio e coa súa xente. **Que impacto tivo esta nova estratexia na comunidade universitaria?** Os datos son claros: un incremento do 10% na matrícula, unha comunidade dixital que supera os 20.000 seguidores, 12 canles coordinadas e máis de 80 pezas audiovisuais ao ano. Ademais, o noso videopodcast LCD, que superou as 80.000 reproducións na súa primeira tempada, consolidou unha posición de referencia para novas experiencias deste tipo na provincia. **Como valora o papel da comunicación na universidade actual?** A comunicación deixou de ser un complemento para converterse nunha auténtica columna vertebral. É a ferramenta que permite transmitir coñecemento, xerar confianza e fomentar o sentimento de pertenza. Nun contexto dixital e en constante cambio, a universidade debe ser clara, accesible e coherente coa súa misión social. **Que retos se marca a curto e medio prazo?** Queremos crear e seguir innovando, explorar novos formatos e continuar fortalecendo a conexión coa provincia de Lugo. Aspiramos a que a UNED de Lugo non sexa só un centro educativo, senón tamén un espazo de encontro, cultura e pensamento crítico. A comunicación debe seguir sendo ese fío invisible que une persoas, ideas e futuro.

CEIPs de Guitiriz e As Pontes participan no programa Recíclate con Sogama

O programa educativo Recíclache con Sogama inicia unha nova andaina para o período 2025-2026, penetrándose na que será a súa 14ª edición coa participación dun único centro na provincia de Lugo, o CEIP Plurilingüe Lagostelle de Guitiriz. Ademais, entre os seis coruñeses está tamén o CEIP Plurilingüe A Magdalena das Pontes. Canalizado a través do Plan Proxecta

da Xunta, o obxectivo desta iniciativa é instaurar nos centros escolares as boas prácticas vinculadas á xestión sostible dos residuos urbanos, isto é, a prevención e a redución da súa xeración, a reutilización dos produtos e a correcta separación dos mesmos, unha vez convertidos en refugallos, depositando cada tipoloxía no contedor correspondente a fin de garantir o seu posterior reciclado.

Un total de 25 centros escolares de infantil e primaria, incluíndo tamén aos de educación especial, foron seleccionados pola empresa en base a unha serie de requisitos previamente establecidos. As candidaturas presentadas no seu momento a través do Plan Proxecta foron valoradas con detalle para que o alumnado tome conciencia da problemática inherente á elevada produción de lixo.



TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383



GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo
15320 AS PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com



CAIXA RURAL GALEGA

Caixa Rural Galega asinou un convenio de colaboración coa Xunta para facilitar o financiamento destinado á promoción e construción de vivendas protexidas de promoción pública, con préstamos para a construción ou promoción e a subrogación a favor das persoas adxudicatarias.

DEPUTACIÓN

Tomé Roca dimite como presidente da entidade polas acusacións de acoso sexual

Manterá a súa acta de deputado e pasará a formar parte do grupo non adscrito mentres se realizan as investigacións sobre esta acusación e asegura que tomará medidas judiciais para defenderse

José Tomé Roca, ata agora secretario xeral do PSOE na provincia de Lugo e presidente da Deputación, anunciou o día 10 á Presidencia provincial tras as acusacións de acoso sexual que se deron a coñecer nun programa de televisión. Manterá iso si, a Alcaldía de Monforte de Lemos e a súa acta na corporación provincial, pasando en ambos casos ao grupo de non adscritos.

Tomé confirmou que, logo de solicitar a suspensión cautelar da súa militancia socialista, deixa todos os seus cargos orgánicos no PSOE e a Presidencia da Deputación, mais continuará tanto no concello como na institución provincial como membro non adscrito. Foi o “meu amor” ao partido o que me fixo tomar esta decisión para non facer ningún dano”.

O rexedor monfortino explicou que continuará á fronte do goberno local nesta condición mentres

non se esclareza a súa situación, alegando que dispón dunha “ampla maioría absoluta” e que non está disposto a aceptar “mentiras nin invencións” sobre a súa persoa.

En relación coa Deputación, onde o PSOE comparte goberno co BNG, asegurou que dá un paso atrás para “garantir o bo funcionamento do Executivo provincial”, aínda que conservará a súa acta como deputado non adscrito. De feito, horas antes desta decisión, o BNG anunciara a súa intención de romper o pacto de Goberno se o PSOE non apartaba a Tomé dos seus cargos.

SEN PRESIÓNS. O expresidente insistiu en que a súa decisión foi adoptada “sen presións e de forma voluntaria” e que unicamente se puxo en contacto co secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, e a varios compa-



ñeiros para facerlles chegar a súa decisión final.

Ao comezo da intervención, o xa expresidente provincial lembrou os seus 40 anos de militancia no Partido Socialista e afirmou que precisamente o seu compromiso coa organización foi o que o le-

vou a dimitir para “evitar calquera prexuízo”.

Sostivo tamén que as acusacións nas que se ve envolto son “absolutamente falsas” e que abandonar temporalmente o PSOE facilitará a súa defensa. Repetiu que non ten constancia de “ningunha

denuncia presentada por ningunha muller” e sinalou que todo se desencadeou despois da emisión dun programa de televisión no que se falou do caso. Engadiu que emprenderá accións legais e que se persoará no procedemento para “defender a súa inocencia”, ao tempo que evitou sinalar a posibles responsables: “Agora non quero acusar a ninguén”.

Sobre os seguintes pasos, Tomé explicou que a suspensión de militancia implica a perda automática da presidencia provincial do PSOE. Este xoves formalizará a súa renuncia á Presidencia da Deputación, mantendo unicamente a acta. Indicou tamén que aínda non se decidiu quen ocupará o cargo, aínda que a designación “se fará pública en breve”.

No caso do Concello de Monforte, seguirá como alcalde e o seu equipo de goberno pasará igualmente ao grupo de non adscritos. Con respecto á Deputación, aclarou que o futuro dos demais deputados socialistas será “voluntario” e que se coñecerá proximamente.

José Tomé participou no pleno extraordinario convocado para abordar o traslado da unidade de atención á drogodependencia e fíxoo aínda baixo as siglas socialistas e con todos os seus cargos vixentes.

A Deputación aproba os orzamentos para 2026

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante este martes os Orzamentos da institución provincial para o vindeiro 2026, que superan os 135 millóns e euros “para consolidar o crecemento económico e social da provincia”. Soben máis dun 3,7% respecto aos do 2025 e darán continuidade o proxecto de impulso do benestar social, “apostando con firmeza polos servizos públicos”; e de fomento das actividades produtivas, “potenciando os sectores estratéxicos”.

Así os valorou o presidente, José Tomé Roca, antes da sesión plenaria que abandonaron os deputados do PPdeG antes da votación. O mandatario provincial cualificou de “lamentable” o seu comportamento, pedíalles madurez política, seriedade e responsabilidade para “deixarse de espectáculos e poñerse a traballar”. “Levan cinco anos de rexeitamento sistemático á previsión de fondos da Deputación, porque teñen unha posición fixa de bloqueo, non do resultado dun análise real do contido dos presupostos”, reprochou. As contas da Deputación foron aprobadas grazas aos votos a favor do PSdeG e do BNG.

Durante o Pleno, a Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, puxo en valor uns orzamentos que “están deseñados para avanzar no proxecto de progreso social e económico”, asentado nas políticas sociais, a mellora da mobilidade, cooperación cos concellos e o apoio aos sectores produtivos. Uns números “realistas”, porque se mantén o nivel de execución orzamentaria no 85%; “investidores”, porque soben aos 19,5 os investimentos reais e “profundamente sociais”, cunhas transferencias correntes que chegan aos 18,5M€.

Destacou tamén a “débeda cero” da institución provincial, proba dunha xestión “rigorosa, responsable e comprometida co uso eficiente dos fondos públicos”.

POLÍTICAS SOCIAIS. Os orzamentos reservan 41M€ ás políticas sociais, “poñendo a disposición da veciñanza residencias para maiores públicas e de calidade, ao SAF ou á Teleasistencia”, detallou a deputada de Economía.

11,5M€ irán destinados aos Centros de Atención a Maiores, son case

700.000€ máis que o ano pasado. Uns fondos que servirán para manter en funcionamento as residencias de Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil; e para continuar avanzando nos proxectos que a Deputación ten comprometidos noutros 9 municipios da provincia. Nese sentido, destacou que 4—Becerreá, A Pontenova, Guitiriz e A Pobra do Brollón— abrirán a corto ou medio prazo.

A mellora da mobilidade seguirá concentrando un “importante esfor-

zo investidor” de 27M€ por ser “o primeiro factor de igualdade territorial”. E detallou Carmela López Moreno que esa partida incluírá no 2026 a obra nova, conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil. Nese sentido, valorou que a institución provincial daralle continuidade “ao mellor plan de estradas da historia da Deputación” posto en marcha este ano, baseado en criterios técnicos, “co que estamos a realizar neste 2025 máis de 100 actuacións en 52 concellos da provincia, sen distinción de cores políticas”.

Explicou a Deputada que só a través do Plan Deputación a institución mobilizarán no 2026 22,25M€, cun incremento respecto a este ano de 250.000€, cumprindo así co acordo de Goberno de subilo nun millón de euros este mandato. Ademais destacou entre as políticas de apoio aos municipios o Centro de Innovación Territorial, un proxecto “pioneiro” que contará con 850.000€ achegados entre a institución provincial e o Goberno de España para situar o rural no epicentro das políticas de desenvolvemento.



COLABORACIÓN

Alfonso do Casado do Barreiro

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Alfonso González Paz (Alfonso do Casado) naceu 18 días mais tarde que min, polo que fomos compañeiros de xogos e nos diferentes cursos escolares. Despois separounos a emigración: Alfonso foi con 17 anos para Durango e eu aos 19 para Sestao. A el levouno seu tío Pepe, que xa estaba de músico na orquestra Calypso de Durango, para que aprendera un oficio.

Cando tiña 14 anos, o seu veciño, Eladio do Casal, moito maior que nós e compañeiro meu de pensión cando estabamos estudando en Lugo, sabía que cantaba moi ben e fixo os trámites para que se presentara ao concurso musical de cantantes afeccionados, "Micrófono de Oro", que se celebraba no Gran Teatro de Lugo e retransmitía a emisora lucense AMJ 68. O mesmo día actuaron tamén os catro alumnos do mestre ferrolán de música, Juan

Malde: Paco Montero, que despois estivo cos Tamara; José Manuel Cebral, finado en xaneiro de 2020, cantante da mítica orquestra Trébol de Ferrol e tamén nos Tamara; Fina Rei e unha rapaza de Cádiz que actuou detrás del. Tamén actuou ese día José Ángel Abelairas que logo gañou o "Micrófono de Oro", aínda que despois dedicouse ao arbitraje de fútbol na Federación Galega e topouse con el cando foi xogar a Lalín, pois ademais de cantar ben, tamén era un bo futbolista, un dianteiro que caneaba aos defensas escondendo a pelota cunha increíble facilidade.

O 15 de agosto de 1965, na festa da Virxe de Bascuas, estábamos xogando no campo da festa, Alfonso de dianteiro e eu de porteiro, nun partido intrascendente e, ao rematar, veu un señor que non coñecíamos; díxonos que era do FC Barcelona e si queríamos ir para alí el encargábase de que xogáramos nos xuvenís do Barça. Eu díxenlle que non iría, pois estaba estudando en Lugo e tampouco me sentía tan bo para iso, nin pensaba que el tivera tanto poder; sen embargo Alfonso díxolle



que o ía preguntar na casa e deulle o enderezo. Na casa non o deixaron ir, pero o señor falaba en serio e o Barcelona mandoulle unha carta na que lle daban traballo e hospedaxe no hotel "Oro del Ring", na actual Gran Vía, mais facilidades para desprazamentos e adestramentos.

Cando se foi para Durango empezou no lurreta, co que xogou o campionato de Bizkaia de afeccionados, campionato que perderon no último minuto e despois no Abadiño e no Berriz.

Veu facer o servizo militar ao Campamento de Santa Cruz de Parga e cando estaba facendo instrución chamárono pola megafonía para que fora ver ao comandante Do Pico e pensou si sería por ter a residencia en Euskadi e si o ligarían

con ETA. Preguntoulle si era vasco e díxolle que vivía alí, pero que era de Os Vilares, ao que lle contestou o comandante todo contento: Entón ti es trapeiro! Pero o que buscaba el era xente para xogar no Parga FC na "Liga da Montaña", na que quedaron campións aquel ano.

Botou 21 anos na coral de Xermolos e cando actuaron na Colexiata da Coruña, o 1 de abril do 2012, no "23 Encuentro de Música Religiosa Ciudad de A Coruña", esa mesma agrupación quería levar para facer ensaios no Pazo da Ópera, porque tiñan pensado ir a Bélxica, Alemaña e Italia, Eles debían estar xubilados, pero el tiña que estar seis meses fora e non podía deixar o seu traballo.

Afirma que a mellor escola é o mundo e despois de ir dous anos ás segas de Castela, aprendeu en Euskadi o oficio de pintor. Conta que o día do Pilar de 1968 ía pintar o hotel "Arrate" de Eibar, que era o primeiro hotel dese pobo e querían inauguralo o 30 de novembro, día de San Andrés, pero o crego eibarés non lles deixou traballar por ser día santo. Eles marcharon ás nove e ás dez e media viñéronse o chan

as nove plantas, en cinco segundos derrubouse o edificio enteiro, pero el sóboo cando xa estaba comendo en Durango. Grazas ao crego, que fixo cumprir o seu prefecto, salváronse mais de cen persoas que ían traballar alí, e o garda da obra que estaba tomando café nun bar do lado.

Neto do canteiro e escultor de santos e cruceiros, Xosé González, é un home moi observador, amante do idioma e coñecedor da nosa cultura popular, polo que informou sobre o número e antigüidade dos muíños do río Requeixo e dos seus afluentes a Jenaro Pérez e Yasmina Seijas, autores do interesante libro "Tras las huellas de la Cultura y del medio Natural de Guitiriz".

Ao rematar o servizo militar volveu para Euskadi, pero en 1976 retornou a Galiza, casando en 1977 con María Ánxela Ferreiro, neta do famoso Pedro Trapeiro e xa asentado nos Vilares empezou traballando de pintor pola parroquia e despois por fora. Agora está xubilado, pero afirma que desde Monforte á Costa da Morte recorreu Galiza pintando casas... por dentro e por fora!

A cartos non mirar

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Na recta final do ano, cada quen fará o seu propio balance de como foi o asunto desde que, como a tradición manda, se tomaron as uvas e dese comezo o dous mil vinte e cinco. E por suposto, unha das necesarias valoracións referirase á situación económica, canto había e canto hai, o debe e o haber.

A inmensa maioría conformarémolos con quedar a pre, sen variacións salientables, ou no peor dos casos,

que a diferenza en negativo sexa a menor posible. E se o saldo aumentou, aínda que sexa minimamente, pois moito mellor. E abofé que os ricos máis ricos, tamén farán as súas análises. Uns dos que forman parte deste elitista grupo son o de sobra coñecido Amancio Ortega e a súa filla maior Sandra. Pois segundo parece, tanto o patriaca, que segue encabezar a lista dos máis acaudalados no conxunto de España, como a proxenitora, seica se empobreceron lixeiramente. Así, obsérvase que na valoración patrimonial do primeiro, a baixada é de dez mil trescentos millóns de euros. Si, leron ben a cantidade. A segunda, Sandra, "tan só" veu minorar en catro

centos millóns, tamén de euros, a súa riqueza. A pesar desa baixada, cómpre contextualizar, polo que non deberíamos amosar preocupación pola saúde económica de ámbolos dous, xa que o colchón é suficientemente consistente para que non se tema polo seu futuro inmediato, xa que, por exemplo, o haber de don Amancio ronda os 109.900 millóns. Tampouco corre excesivo risco a situación monetaria da citada Sandra, que aínda tendo dez veces menos cá seu pai, son uns dez mil millóns. En fin, que mágoa no común dos mortais non suscitan, precisamente.

Non imos nesta columna realizar valoracións de como unha soa

persoa ou un clan familiar chega a esas cifras que producen vertixe, por moito que esteamos afeitos a velas nos medios de comunicación. No entanto, un non ten reparos en recoñecerlle o mérito a aqueles que foron quen de triunfar empresarialmente e do pouco, ou do pouquiño, ou de algo máis, construíron todo un imperio. Ben por eles. Certo é que esas fortunas xeran emprego, riqueza e prosperidade. Os cartos chaman polos cartos e a razón de ser desta xente, en xeral, é seguir producindo e incrementado o valor das súas contas bancarias e das súas múltiples propiedades. Pero tamén existe esa labor filantrópica e solidaria que algúns destes híper

millionarios desenvolven. Exemplos observamos, como a creación de fundacións que logo constrúen centro residencias para persoas maiores, crean becas para estudantes ou realizan copiosas doazóns con fins sociais. É o que ten dispor de semellantes activos, que dá para todo e para máis. Talvez, este altruísmo veña provocado polo medo a que se faga certa aquela profecía bíblica, onde se afirmaba que era máis doado que un camelo pasase a través do ollo dunha agulla a que un rico acabase no reino dos ceos. En fin, que cando hai tanto carto, moito furado se pode tapar, ou polo menos, intentalo.

Bo nadal e feliz aninovo.

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DEPORTES

Guitiriz acollerá a terceira edición da San Silvestre o 31 para pechar o ano

O Concello de Guitiriz pechará o ano 2025 coa tradicional carreira da San Silvestre, que chega á súa terceira edición no municipio chairego. A proba, organizada polo Club Atletismo Guitiriz coa colaboración do Concello, está programada para o día 31 de decembro a partir das 11:30 horas. Nesta ocasión, a San Silvestre contará cun percorrido pola contorna do Iberik Gran Balneario de Guitiriz. A proba contará con dúas modalidades. Por unha banda, haberá unha proba para os menores de 5 anos cunha distancia de 300 metros e, por outra, haberá a proba para o resto dos participantes, cunha distancia aproximada de dous quilómetros. As inscricións estarán abertas proximamente a través da web ccnnorte.com. Ao finalizar a carreira, todos os participantes poderán desfrutar dunha chocolatada, nunha xornada pensada para promover o deporte, a diversión e a participación familiar.

O Club Atletismo Guitiriz reconece nunha gala aos atletas destacados

O Club Atletismo Guitiriz deu un novo paso celebrando a súa primeira gala, na que foron os deportistas premiados polo seu desempeño ao longo do ano 2025 os que cobraron protagonismo.

Entre eles destacaron Roberto Fernández e Noa Abella, vencedores do circuito de carreiras populares Terra Chá. Roberto completou unha brillante tempada cun cuarto posto no Provincial de campo a través, un oitavo lugar no Galego de pista cuberta nos 60 metros e outro cuarto posto no autonómico da mesma distancia ao aire libre. No caso de Noa, a atleta conseguiu ser finalista nos campionatos galegos de pista cuberta e aire libre en 500 e 1.000 metros. Tamén recibiron premios individuais Olalla Coira, terceira no Terra Chá de campo a través e finalista provincial e galega en varias probas de velocidade e valos; Marta Pereira, finalista autonómica por partida dobre nos 50 metros; Lola Álvarez, finalista provincial en lanzamentos; e Alejandro Docal, o atleta máis novo en lograr unha vitoria para a entidade, consi-



derado un símbolo da canteira.

No apartado de adultos premiouse a Luis López polo seu terceiro posto no Terra Challenge e a Susana Regueiro pola "súa constancia, ilusión e compromiso co club". Así mesmo tamén levaron galardón os alevíns, que foron subcampión comarcal no caso do feminino, e camiión do Xogade escolar no masculino, os que tamén estiveron presentes en todas as finais dos galegos con boas resultados.

A gala, que reuniu arredor de 80 persoas no restaurante La Casilla, naceu

coa intención de reforzar a unión entre deportistas e familias, ao tempo que recoñecer o esforzo das categorías de base.

O Club Atletismo Guitiriz, que conta con apenas cinco anos de vida, continúa a consolidarse tanto en número de deportistas como en resultados. A combinación de logros deportivos e convivencia fixo desta primeira gala unha celebración especial para un club que continúa a medrar e a construír o seu proxecto de futuro da man da súa canteira.

O XIV Aberto do Minho reuniu 77 participantes

O espazo Navelgrado Area acolleu o XIV Aberto de Billarda do Minho, considerado o torneo máis socialmente comprometido do circuito. A organización correu a cargo do Centro Social Mádía Leva. Ata 77 palanadoras e palanadores acudiron á chamada da Liga Norleste.

O regreso das choivas semella estar a favorecer ás Troitas Bravas, que conseguiron impoñerse, por só un punto, aos Billardeiros Musicais, invictos até o de agora. O terceiro chanzo por equipos foi para a formación liderada polo coñecido "showman do Mandil", Gundar da Pena Estúa. Mantén así o pulso co líder da clasificación, o palanador Marcos Rodríguez Rodríguez, de Billardeiros. Na categoría infantil, Mateo sumou 16 puntos e mantense no primeiro posto, seguido por Antía, con 11, e por Mateo, de Mádía Leva, con 4 puntos. Na categoría de donas destacou o regreso de Aroa Fiallega, que, tras ausentarse da anterior xornada, volveu con forza e alcanzou o primeiro posto con 17 puntos. No podio acompañárona Cris e Vanessa, ambas do Castiñeiro Milenario, con 14 e 12 puntos respectivamente.

Na absoluta, David Navallo, soubo aproveitar as pozas de Nadelá para recuperar a súa mellor forma. Sumou 21 puntos e impúxose por diante de Santi de Carabullo, con 20, e de Manu Pozo, dos Billardeiros Musicais, con 19 puntos.

A próxima cita será o 14 de decembro, coa estrea dun novo Aberto no calendario da Conferencia Norleste, que terá lugar en Friol.



Villar e Figueroa dominan o VIII Trail das Bestas

Muras acolleu unha edición histórica do VIII Trail das Bestas, unha das probas máis consolidadas do trail galego. A cita, organizada por Marmar Outdoor co apoio esencial do Concello de Muras (e coa colaboración da Deputación de Lugo e Lurbel), volveu encher os montes do Xistral de deporte e ambiente.

No ámbito competitivo, Jose Santiago Villar impúxose na Maratón, seguido moi de preto por Xenxo Laso Vázquez e Carlos Pernas Parapar. No apartado feminino, o triunfo foi para María del Rosario Figueroa Figueroa, por diante de Sonia Méndez Pérez e María López Serantes.

No Trail Classic, a vitoria masculina foi para Jaime García González, se-

guido de Martín Barreiro Durán, e Marcos Castro Moura para completar o podio. En categoría feminina, Lucía Peón Santomé acabou encabeza a clasificación, seguida por Beatriz Barroso Pérez e Carla Trillo.

No Trail Curto, Adrián Sesar Míguez venceu. O segundo posto foi para Alberto Fuentes Fernández e o terceiro para Daniel Feijoo Ferreiro. En mulleres, Lucía Taboada Codesido fíxose co primeiro posto, acompañada no caixón por Sandra Permuy Rodríguez e Iria Rodríguez Rodríguez.

A organización salientou a alta participación, con máis de 400 persoas entre as diferentes probas, e a valoración positiva dos percorridos, pola súa trazabilidade, desnivel e carácter.

José Cuba proclámase de Zagreb subcampión de Europa dos policiais

O deportista vilalbés José Cuba vén de acadar un novo éxito internacional ao proclamarse subcampión de Europa nos Campionatos de Europa para policías, que se están a celebrar na cidade croata de Zagreb. Cuba, integrante da delegación policial española, realizou unha brillante competición na que venceu todos os seus enfrontamentos ata chegar á final, onde finalmente caeu diante do representante de Polonia.

Aos seus 44 anos, José Cuba continúa plenamente activo no ámbito competitivo e demostrando un extraordinario nivel deportivo, capaz de mantelo entre a elite europea.

Este subcampionato supón un novo e merecido recoñecemento á traxectoria dun deportista, que segue sumando logros e representando ao deporte vilalbés.

O Club rubricou unha fin de semana para lembrar co ouro de Kevin Cuba en U23 (-97 kg) no III Memorial Alexander Katchelaev, disputado no Pavillón Municipal de Baltar (Sanxenxo). O balance vilalbés completouse coa prata de Daniel Montes en U17 (-92 kg), o bronce de Xiao Seoane en U23 (-74 kg) e o sétimo posto de Andi Maceiras en U17 (-80 kg), resultados que reforan a liña ascendente do club nesta altura da pretempada.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Arbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



DE RUTA EN RUTA

Ourol: Ruta indiana

Con esta ruta pódese coñecer unha parte imprescindible da historia da Mariña, unha mostra do legado indiano

A Ruta Indiana de Ourol ofrece un percorrido polo patrimonio máis destacado do propio municipio. Unha proposta con dezasete puntos de visita e que permite coñecer, a través da arquitectura, unha parte imprescindible da historia da Mariña: a emigración a América e o relevante legado cultural que os emigrados deixaron neste territorio.

Algunhas das edificacións que se poden visitar nesta Ruta indiana son as Antigas Escolas Vicente Casavella, que foron construídas gracias a que cando o veciño Casavella morreu deixou estipulado no seu testamento que se legase á parroquia de Ourol a cantidade de 25.000 pesetas para a construción dunha escola de ambos os sexos na propia parroquia. O Concello, cumprindo a última vontade deste veciño, comeza a construción dun edificio no que se situarán a escola, unha capela e os locais da Casa Consistorial. A Casa García, que é unha vivenda promovida por Vicente García Rodríguez emigrante en Uruguai e en Arxentina.

A Casa de Pita, que data de 1928, é unha vivenda promovida por Francisco Carballido en 1928 formada por dúas plantas e un baixocuberta, con cocheira lateral rematada nunha terraza balaustrada. A interesante fachada, está rematada por unha bufarda teitada con cuberta a dúas augas. O xardín está salpicado de varias especies arbóreas propias da zona.

O Cemiterio Indiano de Xerdiz foi construído en 1908 grazas ás doazóns de 64 veciños residentes en Cuba e 110 da propia parroquia. É un dos cemiterios indianos máis

representativos da Mariña grazas á riqueza do patrimonio que garda, con esculturas realizadas -entre outros canteiros- polas famosas mans de Francisco Veiga.

A Casa de Rego foi levantada nos anos 20 por Antonio Ladra, emigrante en Cuba. Destaca sobre todo a bufarda con coroación en traza circular, os linteis dos recercados, e as carpinterías centrais en curva.

A Casa das Veigas é unha casa labrega reconvertida en indiana nos anos 30 por Francisco Cao, emigrante en Cuba. A vivenda consta de tres plantas na que destacan dúas galeirías nos laterais. Posúe interesantes elementos decorativos que revelan a intención do promotor de amosar o seu éxito.

A Casa de Puentes, do ano 1922, pertence a Manuel Puentes Rouco quen emigrou a Cuba nas adegas dun barco para volver a Galicia en primeira clase. É unha construción de estilo autóctono de planta cadrada con dous pisos e faiado e no

costado álzase unha pequena construción dunha planta que remata en terraza. A fachada destaca pola escasa ornamentación.

A Casa de Jaime Mariño, feita nos anos 20 por José Vizoso, é unha construción rectangular de dúas plantas e

un baixocuberta con bufarda sobre a cornixa principal. Non difire dos modelos residenciais autóctonos.

A Casa de Novo foi promovida por Manuel López, quen a construíu en 1926 ao seu regreso de Cuba. É de planta rectangular con dúas alturas

e a súa fachada conta con dous miradoiros de agradable deseño que flanquean un balcón situado no centro. Próximo á porta de entrada hai un banco adornado con motivos florais onde se aprecia o modernismo de principios de século.





CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05